



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 450
8 de febreiro de 2023

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

49122 (11/POC-009221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre os problemas no centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública de Souto de Leixa no concello de Ferrol

[176658](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

48432 (11/POC-009082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre os recursos do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia dedicados ao bono social térmico e ao bono social eléctrico durante os anos 2020-2022

[176663](#)

48438 (11/POC-009083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os recursos dedicados pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos para evitar a pobreza ou a exclusión social e para a política de vivenda e as medidas previstas para implementar no ano 2023

[176665](#)

48446 (11/POC-009084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a conservación e posta en valor da torre de Sande, no concello de Cartelle

[176667](#)

48448 (11/POC-009085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co futuro do Instituto de Educación Secundaria Martín Sarmiento, de Pontevedra

[176671](#)

48450 (11/POC-009086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o desenvolvemento de ferramentas de planificación e dinamización do libro e da lectura

[176674](#)



I 48452 (11/POC-009087)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da consideración dos secadoiros artesanais de congro como patrimonio cultural e inmaterial [176678](#)

I 48454 (11/POC-009088)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lorenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre a elaboración dun plan de igualdade para o profesorado do ensino público non universitario de Galicia [176684](#)

I 48455 (11/POC-009089)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lorenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino galegos subvencionados [176687](#)

I 48457 (11/POC-009090)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para incoar un novo expediente para a música e o baile tradicional como ben de interese cultural [176690](#)

I 48460 (11/POC-009091)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre o balance da primeira edición do programa de *mentoring* de apoio ao emprego das persoas autónomas [176693](#)

I 48461 (11/POC-009092)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a recuperación do nome do embarcador de Doade, no concello de Quiroga [176695](#)

I 48464 (11/POC-009093)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego [176698](#)

I 48468 (11/POC-009094)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar a irrupción de xabarís nas rúas de Ourense [176700](#)

I 48469 (11/POC-009095)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre as actuacións desenvoltas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito da economía social no ano 2022 [176703](#)

I 48472 (11/POC-009096)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a canto ascende o seu importe [176705](#)

I 48473 (11/POC-009097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o estado de conservación dos bens inmobles catalogados bens de interese cultural da provincia de Ourense [176707](#)

I 48476 (11/POC-009098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para incoar o expediente de ben de interese cultural para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, O Castro-Sada [176710](#)

I 48477 (11/POC-009099)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas do Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas e sen ánimo de lucro [176715](#)

I 48479 (11/POC-009100)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as accións desenvoltas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia en cursos de prevención de riscos laborais ao abeiro do actual plan anual de formación [176717](#)

I 48482 (11/POC-009101)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o investimento de 2023 das axudas para o fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro [176719](#)

I 48485 (11/POC-009102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as medidas previstas para solucionar a falta de prazas de aparcamento no Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela [176721](#)



I 48489 (11/POC-009103)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 5 máis**

Sobre o investimento en 2023 para o apoio á inclusión laboral das persoas con discapacidade a través dos centros especiais de emprego [176724](#)

I 48492 (11/POC-009104)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre o apoio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade á economía social [176726](#)

I 48494 (11/POC-009105)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre o orzamento destinado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a actividade das empresas de inserción laboral para promover o emprego de persoas en situación ou en risco de exclusión social [176728](#)

I 48495 (11/POC-009106)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de incoar o expediente de ben de interese cultural para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, de Sada [176730](#)

I 48497 (11/POC-009107)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre o o investimento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos [176734](#)

I 48498 (11/POC-009108)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o retorno ao ben público dos soares da Maestranza, na Coruña [176736](#)

I 48501 (11/POC-009109)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre as actuacións que compoñen os plans Emprega da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade [176739](#)

I 48502 (11/POC-009110)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da lexislación lingüística no ensino [176741](#)



I 48504 (11/POC-009111)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do funcionamento da rede de apoio ao emprego e ao emprendemento

[176744](#)**I 48505 (11/POC-009112)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais ao abeiro do programa “hub” da industria cultural, e as próximas iniciativas

[176746](#)**I 48507 (11/POC-009113)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas traballadoras desempregadas

[176750](#)**I 48508 (11/POC-009114)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a difusión e o consumo da cultura galega

[176752](#)**I 48511 (11/POC-009115)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre o orzamento da última convocatoria das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero

[176756](#)**I 48512 (11/POC-009116)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as medidas de conservación e mantemento que se deben adoptar no edificio modernista A Terraza, de Sada (A Coruña), declarado ben de interese cultural

[176758](#)**I 48515 (11/POC-009117)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre o balance dos últimos catro anos das unidades formativas das empresas

[176762](#)**I 48518 (11/POC-009118)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre o balance desde 2009 dos programas integrados de emprego

[176764](#)

I 48523 (11/POC-009119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para mellorar os datos de conectividade e dixitalización

[176766](#)

I 48526 (11/POC-009120)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre a nova convocatoria de axudas para a contratación de axentes para o emprendemento e a creación de emprego

[176769](#)

I 48595 (11/POC-009121)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro

[176771](#)

I 48597 (11/POC-009122)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a dotación orzamentaria e o número de entidades beneficiarias das axudas destinadas á creación ou ao funcionamento de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral

[176773](#)

I 48599 (11/POC-009123)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 12 máis

Sobre a situación na que se atopa o cumprimento das obrigas establecidas no convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Concello de Lugo para o mantemento dos centros municipais de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero

[176775](#)

I 48604 (11/POC-009124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa carencia dun protocolo de prevención e intervención fronte a agresións sexuais no ocio nocturno e as súas previsións respecto da súa elaboración

[176778](#)

I 48615 (11/POC-009125)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos proxectos dos parques eólicos Porto Vidros e Campo das Rosas en Cerdedo-Cotobade promovidos por Naturgy

[176780](#)

I 48620 (11/POC-009126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis



Sobre os resultados das subvencións destinadas á realización de programas dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF [176784](#)

I 48628 (11/POC-009129)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a constitución e funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero [176787](#)

I 48632 (11/POC-009130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre as propostas do Goberno galego respecto do uso do antigo laboratorio galego de análise do leite de Bergondo [176790](#)

I 48636 (11/POC-009131)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a avaliación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da ferramenta de autodiagnose que puxo en marcha nas empresas para avanzar na igualdade [176793](#)

I 48637 (11/POC-009132)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a situación na que se atopa o estudo específico sobre a situación laboral do colectivo LGTBI [176796](#)

I 48642 (11/POC-009133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre o impacto que provoca na mobilidade a fochanca e a situación de deterioración que presenta a estrada N-642, así como a demora na execución da autovía da Mariña A-74 [176798](#)

I 48646 (11/POC-009134)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións en materia de eficiencia enerxética realizadas pola Xunta de Galicia nos seus edificios administrativos [176801](#)

I 48650 (11/POC-009135)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da declaración de emerxencia de interese galego para atender os danos producidos polas riadas do mes de decembro de 2022 e primeiros días de 2023 [176803](#)



I 48661 (11/POC-009136)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as razóns e consecuencias do incumprimento do prazo máximo para a resolución das ofertas de emprego público de 2018 e 2019

[176806](#)**I 48664 (11/POC-009137)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a creación en Betanzos dun centro de día público

[176809](#)**I 48671 (11/POC-009138)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa colaboración na rehabilitación do Templo Votivo do Mar de Panxón, no concello de Nigrán

[176812](#)**I 48679 (11/POC-009139)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a presenza da empresa Greenalia na maior parte dos proxectos eólicos que se tramitan en Galicia

[176815](#)**I 48681 (11/POC-009140)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a presenza da empresa Greenalia na maior parte dos proxectos eólicos que se tramitan en Galicia

[176817](#)**I 48683 (11/POC-009141)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego respecto da contaminación das augas procedentes da mina de Touro e dos terreos nos que se atopa

[176819](#)**I 48696 (11/POC-009142)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a regulación da actividade de extracción da mexilla

[176822](#)**I 48698 (11/POC-009143)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da praza de pediatría no centro de saúde de Cacheiras, en Teo

[176826](#)

I 48707 (11/POC-009145)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre as axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego na súa última convocatoria [176828](#)

I 48709 (11/POC-009146)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre o investimento en programas de axudas para fomentar a conciliación dos traballadores e traballadoras [176830](#)

I 48781 (11/POC-009148)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a xestión da especie e as axudas para os danos causados polo lobo [176832](#)

I 48783 (11/POC-009149)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as medidas levadas a cabo polo departamento de Patrimonio en materia sancionadora polo expediente aberto contra Casal de Armán S.L. [176837](#)

I 48784 (11/POC-009150)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento e aplicación da Lei de garantías de prestacións sanitarias [176841](#)

I 48786 (11/POC-009151)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis**

Sobre as medidas específicas de cara ás traballadoras embarazadas recollidas no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde [176844](#)

I 48788 (11/POC-009152)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre os programas postos en marcha pola Xunta de Galicia en 2022 en desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia e as actuacións previstas para 2023 [176846](#)

I 48792 (11/POC-009153)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia dos plan locais de saúde [176849](#)



I 48794 (11/POC-009154)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o balance da implantación do Protocolo de xestión integral da demanda en equipo nos centros de saúde [176851](#)**I 48796 (11/POC-009155)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a Estratexia galega de eliminación da hepatite C [176854](#)**I 48798 (11/POC-009156)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as funcionalidades que recollerá a nova historia clínica electrónica [176856](#)**I 48802 (11/POC-009157)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as medidas que se están a tomar desde a Xunta de Galicia fronte ao tabaquismo [176858](#)**I 48804 (11/POC-009158)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a creación do Centro Galego para o Control e a Prevención das Enfermidades [176861](#)**I 48806 (11/POC-009159)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a abordaxe do problema referido á resistencia que as bacterias están presentando aos antibióticos [176864](#)**I 48814 (11/POC-009160)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos arranxos necesarios nos vestiarios e na pista do polideportivo do Instituto de Ensinanza Secundaria de Rodeira, en Cangas [176866](#)**I 48820 (11/POC-009161)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre os problemas na xestión do bono social eléctrico [176869](#)**I 48822 (11/POC-009162)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 9 máis



Sobre o plan de sendas que se está a desenvolver na cidade de Ourense [176873](#)

I 48828 (11/POC-009163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 4 máis

Sobre as políticas económicas previstas polo Goberno galego para xerar emprego [176876](#)

I 48834 (11/POC-009164)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a política económica prevista pola Xunta de Galicia para evitar maiores niveis de desigualdade económica en Galicia [176878](#)

I 48838 (11/POC-009165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a xestión das convocatorias de axudas para as producións agrogandeiras [176880](#)

I 48873 (11/POC-009166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas solicitudes aprobadas polo Concello de Cee para corrixir as deficiencias do Hospital Virxe da Xunqueira [176884](#)

I 48879 (11/POC-009167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a postura do Goberno galego respecto da xestión española dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia [176887](#)

I 48887 (11/POC-009168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a recuperación do dano medioambiental provocado pola corta de árbores no recinto da Universidade Laboral de Ourense [176888](#)

I 48906 (11/POC-009169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 3 máis

Sobre o Camiño de Santiago como vector de igualdade [176893](#)

I 48932 (11/POC-009170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a licitación da construción do novo centro de saúde de Noia [176898](#)



I 48940 (11/POC-009171)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 4 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á corrección do topónimo Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada OU-536, Ourense-A Pobra de Trives [176900](#)

I 48942 (11/POC-009172)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a elaboración dun estudo de impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevé construír no monte do Gato que garanta nel a conservación e posta en valor da necrópole megalítica [176904](#)

I 48944 (11/POC-009173)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a necesidade de ampliación da oferta formativa e a implantación do grao universitario en Interpretación de Lingua de Signos [176908](#)

I 48949 (11/POC-009174)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a adquisición pola Xunta de Galicia de tres parcelas en Ourense para a construción de vivendas de promoción pública destinadas ao alugueiro [176911](#)

I 48954 (11/POC-009175)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do centro de interpretación do castro do Cociñadoiro, en Arteixo [176914](#)

I 48956 (11/POC-009176)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a creación dun programa de retención e captación de talento investigador [176919](#)

I 48957 (11/POC-009177)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das necesidades do Instituto de Educación Secundaria de Chapela [176924](#)

I 48958 (11/POC-009178)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da demanda ao Goberno do Estado da transferencia do colexio Juan Sebastián Elcano, antigo Salvador Moreno, de Pontevedra [176929](#)



I 48959 (11/POC-009179)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa demanda da apertura continuada e a recuperación do uso civil e público do Panteón de Galegos Ilustres

[176933](#)**I 48961 (11/POC-009180)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda dun novo modelo lingüístico educativo

[176936](#)**I 48964 (11/POC-009181)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación da construción do parque eólico de Carboeiro, en Silleda

[176940](#)**I 48967 (11/POC-009182)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 6 máis**

Sobre o balance do Goberno galego respecto do programa *Coidados porta a porta* nos noventa e un concellos da provincia de Ourense

[176945](#)**I 49005 (11/POC-009183)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para eliminar ou minimizar o impacto do proxecto "Eixo de mobilidade sostible de Santiago de Compostela (treito O Milladoiro-Estación Intermodal)"

[176948](#)**I 49011 (11/POC-009184)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa situación das listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde

[176951](#)**I 49013 (11/POC-009185)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a ampliación do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

[176954](#)**I 49017 (11/POC-009186)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre as previsións da Consellería de Educación respecto da dotación do concello do Pereiro de Aguiar dun instituto de educación secundaria

[176959](#)

I 49021 (11/POC-009187)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**Sobre a execución do contrato de subministración de 110 terminais táblets para o uso da aplicación Ariem móvil [176961](#)**I 49024 (11/POC-009188)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo**Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da declaración como emerxencia de interese galego dos danos rexistrados polo efecto dos temporais de xaneiro de 2023 [176963](#)**I 49028 (11/POC-009189)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**Sobre a demanda do Plan de dinamización da lectura [176966](#)**I 49032 (11/POC-009190)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo**Sobre as previsións da Xunta de Galicia para rematar a vía de alta capacidade da costa norte [176970](#)**I 49035 (11/POC-009191)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**Sobre a destrución do patrimonio arqueolóxico galego [176973](#)**I 49038 (11/POC-009192)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**Sobre o aval e a colaboración económica da Xunta de Galicia a unha exposición de obra pictórica de Maruja Mallo e Luís Seoane [176976](#)**I 49039 (11/POC-009193)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**Sobre a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, do plurilingüismo [176980](#)**I 49040 (11/POC-009194)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis**Sobre o balance da Xunta de Galicia das actuacións levadas a cabo no Castro de Santa María en Cervantes e cales son as previsións para o futuro [176986](#)**I 49042 (11/POC-009195)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre a ampliación do Instituto de Ensinanza Secundaria de Soutomaior para atender as necesidades educativas da veciñanza [176988](#)

I 49043 (11/POC-009196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de información respecto das xestións realizadas pola Xunta de Galicia para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide [176991](#)

I 49045 (11/POC-009197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o acoso escolar na comunidade educativa galega [176996](#)

I 49046 (11/POC-009198)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a participación de tres centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma na nova Rede Estatal de Excelencia de Formación Profesional [177003](#)

I 49047 (11/POC-009199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta de Galicia [177005](#)

I 49049 (11/POC-009200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do inventario e catalogación do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e alto Tea [177008](#)

I 49050 (11/POC-009201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a oferta dos másteres de profesorado no Sistema universitario galego [177013](#)

I 49058 (11/POC-009202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de solicitar a prohibición de instalación de parques ou polígonos para a produción de enerxía eléctrica mediante eólica mariña na costa de Galicia e o Cantábrico Noroeste [177018](#)

I 49066 (11/POC-009203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego de reclamar a capacidade de decisión sobre a implantación de eólica mariña [177023](#)

I 48704 (11/POC-009144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a garantía da pluralidade nos espazos de opinión da Corporación Radio e Televisión de Galicia

[177028](#)

I 48712 (11/POC-009147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o tratamento informativo na Televisión de Galicia á líder da oposición en Galicia

[177031](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de febreiro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 49122 (11/POC-009221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre os problemas no centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública de Souto de Leixa no concello de Ferrol

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 48432 (11/POC-009082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre os recursos do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia dedicados ao bono social térmico e ao bono social eléctrico durante os anos 2020-2022

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 48438 (11/POC-009083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os recursos dedicados pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos para evitar a pobreza ou a exclusión social e para a política de vivenda e as medidas previstas para implementar no ano 2023

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 48446 (11/POC-009084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a conservación e posta en valor da torre de Sande, no concello de Cartelle

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48448 (11/POC-009085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co futuro do Instituto de Educación Secundaria Martín Sarmiento, de Pontevedra

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 48450 (11/POC-009086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o desenvolvemento de ferramentas de planificación e dinamización do libro e da lectura

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48452 (11/POC-009087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da consideración dos secadoiros artesanais de congro como patrimonio cultural e inmaterial

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48454 (11/POC-009088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a elaboración dun plan de igualdade para o profesorado do ensino público non universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48455 (11/POC-009089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino galegos subvencionados

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48457 (11/POC-009090)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para incoar un novo expediente para a música e o baile tradicional como ben de interese cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48460 (11/POC-009091)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o balance da primeira edición do programa de *mentoring* de apoio ao emprego das persoas autónomas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48461 (11/POC-009092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a recuperación do nome do embarcadoiro de Doade, no concello de Quiroga

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 48464 (11/POC-009093)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48468 (11/POC-009094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar a irrupción de xabarís nas rúas de Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48469 (11/POC-009095)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as actuacións desenvoltas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito da economía social no ano 2022

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48472 (11/POC-009096)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a canto ascende o seu importe

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48473 (11/POC-009097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o estado de conservación dos bens inmobles catalogados bens de interese cultural da provincia de Ourense

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48476 (11/POC-009098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para incoar o expediente de ben de interese cultural para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, O Castro-Sada

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48477 (11/POC-009099)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas do Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas e sen ánimo de lucro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 48479 (11/POC-009100)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as accións desenvoltas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia en cursos de prevención de riscos laborais ao abeiro do actual plan anual de formación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48482 (11/POC-009101)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o investimento de 2023 das axudas para o fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48485 (11/POC-009102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as medidas previstas para solucionar a falta de prazas de aparcamento no Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48489 (11/POC-009103)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 5 máis

Sobre o investimento en 2023 para o apoio á inclusión laboral das persoas con discapacidade a través dos centros especiais de emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48492 (11/POC-009104)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o apoio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade á economía social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48494 (11/POC-009105)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a actividade das empresas de inserción laboral para promover o emprego de persoas en situación ou en risco de exclusión social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48495 (11/POC-009106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto de incoar o expediente de ben de interese cultural para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, de Sada
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48497 (11/POC-009107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o o investimento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48498 (11/POC-009108)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o retorno ao ben público dos soares da Maestranza, na Coruña

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48501 (11/POC-009109)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as actuacións que compoñen os plans Emprega da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48502 (11/POC-009110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da lexislación lingüística no ensino

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48504 (11/POC-009111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do funcionamento da rede de apoio ao emprego e ao emprendemento

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48505 (11/POC-009112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais ao abeiro do programa "hub" da industria cultural, e as próximas iniciativas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48507 (11/POC-009113)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis



Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas traballadoras desempregadas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48508 (11/POC-009114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a difusión e o consumo da cultura galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48511 (11/POC-009115)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o orzamento da última convocatoria das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48512 (11/POC-009116)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas de conservación e mantemento que se deben adoptar no edificio modernista A Terraza, de Sada (A Coruña), declarado ben de interese cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48515 (11/POC-009117)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o balance dos últimos catro anos das unidades formativas das empresas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48518 (11/POC-009118)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o balance desde 2009 dos programas integrados de emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48523 (11/POC-009119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para mellorar os datos de conectividade e dixitalización

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48526 (11/POC-009120)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis



Sobre a nova convocatoria de axudas para a contratación de axentes para o emprendemento e a creación de emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48595 (11/POC-009121)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48597 (11/POC-009122)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a dotación orzamentaria e o número de entidades beneficiarias das axudas destinadas á creación ou ao funcionamento de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48599 (11/POC-009123)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 12 máis

Sobre a situación na que se atopa o cumprimento das obrigas establecidas no convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Concello de Lugo para o mantemento dos centros municipais de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48604 (11/POC-009124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa carencia dun protocolo de prevención e intervención fronte a agresións sexuais no ocio nocturno e as súas previsións respecto da súa elaboración

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48615 (11/POC-009125)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos proxectos dos parques eólicos Porto Vidros e Campo das Rosas en Cerdedo-Cotobade promovidos por Naturgy

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48620 (11/POC-009126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre os resultados das subvencións destinadas á realización de programas dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 48628 (11/POC-009129)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a constitución e funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48632 (11/POC-009130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre as propostas do Goberno galego respecto do uso do antigo laboratorio galego de análise do leite de Bergondo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48636 (11/POC-009131)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a avaliación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da ferramenta de auto-diagnose que puxo en marcha nas empresas para avanzar na igualdade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48637 (11/POC-009132)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a situación na que se atopa o estudo específico sobre a situación laboral do colectivo LGTBI

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48642 (11/POC-009133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre o impacto que provoca na mobilidade a fochanca e a situación de deterioración que presenta a estrada N-642, así como a demora na execución da autovía da Mariña A-74

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48646 (11/POC-009134)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións en materia de eficiencia enerxética realizadas pola Xunta de Galicia nos seus edificios administrativos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48650 (11/POC-009135)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da declaración de emerxencia de interese galego para atender os danos producidos polas riadas do mes de decembro de 2022 e primeiros días de 2023

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 48661 (11/POC-009136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as razóns e consecuencias do incumprimento do prazo máximo para a resolución das ofertas de emprego público de 2018 e 2019

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48664 (11/POC-009137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a creación en Betanzos dun centro de día público

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48671 (11/POC-009138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa colaboración na rehabilitación do Templo Votivo do Mar de Panxón, no concello de Nigrán

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48679 (11/POC-009139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a presenza da empresa Greenalia na maior parte dos proxectos eólicos que se tramitan en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48681 (11/POC-009140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a presenza da empresa Greenalia na maior parte dos proxectos eólicos que se tramitan en Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48683 (11/POC-009141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego respecto da contaminación das augas procedentes da mina de Touro e dos terreos nos que se atopa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48696 (11/POC-009142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a regulación da actividade de extracción da mexilla

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 48698 (11/POC-009143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da praza de pediatría no centro de saúde de Cacheiras, en Teo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48707 (11/POC-009145)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego na súa última convocatoria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48709 (11/POC-009146)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre o investimento en programas de axudas para fomentar a conciliación dos traballadores e traballadoras

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48781 (11/POC-009148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión da especie e as axudas para os danos causados polo lobo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48783 (11/POC-009149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as medidas levadas a cabo polo departamento de Patrimonio en materia sancionadora polo expediente aberto contra Casal de Armán S.L.

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48784 (11/POC-009150)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento e aplicación da Lei de garantías de prestacións sanitarias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48786 (11/POC-009151)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre as medidas específicas de cara ás traballadoras embarazadas recollidas no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 48788 (11/POC-009152)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os programas postos en marcha pola Xunta de Galicia en 2022 en desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia e as actuacións previstas para 2023

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48792 (11/POC-009153)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia dos plan locais de saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48794 (11/POC-009154)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o balance da implantación do Protocolo de xestión integral da demanda en equipo nos centros de saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48796 (11/POC-009155)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a Estratexia galega de eliminación da hepatite C

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48798 (11/POC-009156)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as funcionalidades que recollerá a nova historia clínica electrónica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48802 (11/POC-009157)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as medidas que se están a tomar desde a Xunta de Galicia fronte ao tabaquismo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48804 (11/POC-009158)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a creación do Centro Galego para o Control e a Prevención das Enfermidades

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48806 (11/POC-009159)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis



Sobre a abordaxe do problema referido á resistencia que as bacterias están presentando aos antibióticos
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48814 (11/POC-009160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos arranxos necesarios nos vestiarios e na pista do polideportivo do Instituto de Ensinanza Secundaria de Rodeira, en Cangas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48820 (11/POC-009161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre os problemas na xestión do bono social eléctrico

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 48822 (11/POC-009162)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 9 máis

Sobre o plan de sendas que se está a desenvolver na cidade de Ourense

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48828 (11/POC-009163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 4 máis

Sobre as políticas económicas previstas polo Goberno galego para xerar emprego

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 48834 (11/POC-009164)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a política económica prevista pola Xunta de Galicia para evitar maiores niveis de desigualdade económica en Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 48838 (11/POC-009165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a xestión das convocatorias de axudas para as producións agrogandeiras

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48873 (11/POC-009166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas solicitudes aprobadas polo Concello de Cee para corrixir as deficiencias do Hospital Virxe da Xunqueira

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 48879 (11/POC-009167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a postura do Goberno galego respecto da xestión española dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 48887 (11/POC-009168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a recuperación do dano medioambiental provocado pola corta de árbores no recinto da Universidade Laboral de Ourense

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48906 (11/POC-009169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 3 máis

Sobre o Camiño de Santiago como vector de igualdade

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48932 (11/POC-009170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a licitación da construción do novo centro de saúde de Noia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48940 (11/POC-009171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á corrección do topónimo Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada OU-536, Ourense-A Pobra de Trives

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48942 (11/POC-009172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración dun estudo de impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevé construír no monte do Gato que garanta nel a conservación e posta en valor da necrópole megalítica

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48944 (11/POC-009173)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a necesidade de ampliación da oferta formativa e a implantación do grao universitario en Interpretación de Lingua de Signos

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 48949 (11/POC-009174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a adquisición pola Xunta de Galicia de tres parcelas en Ourense para a construción de vivendas de promoción pública destinadas ao alugueiro

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48954 (11/POC-009175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do centro de interpretación do castro do Cociñadoiro, en Arteixo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48956 (11/POC-009176)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a creación dun programa de retención e captación de talento investigador

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48957 (11/POC-009177)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das necesidades do Instituto de Educación Secundaria de Chapela

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48958 (11/POC-009178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da demanda ao Goberno do Estado da transferencia do colexio Juan Sebastián Elcano, antigo Salvador Moreno, de Pontevedra

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48959 (11/POC-009179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa demanda da apertura continuada e a recuperación do uso civil e público do Panteón de Galegos Ilustres

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48961 (11/POC-009180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda dun novo modelo lingüístico educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 48964 (11/POC-009181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación da construción do parque eólico de Carboeiro, en Silleda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48967 (11/POC-009182)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto do programa *Coidados porta a porta* nos noventa e un concellos da provincia de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49005 (11/POC-009183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para eliminar ou minimizar o impacto do proxecto "Eixo de mobilidade sostible de Santiago de Compostela (treito O Milladoiro-Estación Intermodal)"

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49011 (11/POC-009184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa situación das listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49013 (11/POC-009185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a ampliación do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49017 (11/POC-009186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Educación respecto da dotación do concello do Pereiro de Aguiar dun instituto de educación secundaria

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49021 (11/POC-009187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a execución do contrato de subministración de 110 terminais táblets para o uso da aplicación Ariemmóvil

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 49024 (11/POC-009188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da declaración como emerxencia de interese galego dos danos rexistrados polo efecto dos temporais de xaneiro de 2023

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49028 (11/POC-009189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda do Plan de dinamización da lectura

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49032 (11/POC-009190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para rematar a vía de alta capacidade da costa norte

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49035 (11/POC-009191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a destrución do patrimonio arqueolóxico galego

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49038 (11/POC-009192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o aval e a colaboración económica da Xunta de Galicia a unha exposición de obra pictórica de Maruja Mallo e Luís Seoane

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49039 (11/POC-009193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, do plurilingüismo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49040 (11/POC-009194)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia das actuacións levadas a cabo no Castro de Santa María en Cervantes e cales son as previsións para o futuro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49042 (11/POC-009195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis



Sobre a ampliación do Instituto de Ensinanza Secundaria de Soutomaior para atender as necesidades educativas da veciñanza

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49043 (11/POC-009196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de información respecto das xestións realizadas pola Xunta de Galicia para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49045 (11/POC-009197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o acoso escolar na comunidade educativa galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49046 (11/POC-009198)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a participación de tres centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma na nova Rede Estatal de Excelencia de Formación Profesional

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49047 (11/POC-009199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49049 (11/POC-009200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do inventario e catalogación do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e alto Tea

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49050 (11/POC-009201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a oferta dos másteres de profesorado no Sistema universitario galego

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49058 (11/POC-009202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego de solicitar a prohibición de instalación de parques ou polígonos para a produción de enerxía eléctrica mediante eólica mariña na costa de Galicia e o Cantábrico Noroeste

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49066 (11/POC-009203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de reclamar a capacidade de decisión sobre a implantación de eólica mariña

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48704 (11/POC-009144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a garantía da pluralidade nos espazos de opinión da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 48712 (11/POC-009147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o tratamento informativo na Televisión de Galicia á líder da oposición en Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre os problemas no CAPD Souto de Leixa no concello de Ferrol.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social causada polas últimas denuncias coñecidas tanto do Comité de empresa como das familias das persoas residentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, da Consellaría de Política social, situado no concello de Ferrol, ven sendo obxecto de debate, mesmo neste Parlamento, case desde o momento mesmo da privatización da súa xestión a favor da empresa CLECE, do grupo ACS.

Esta concesión foi adxudicada a finais do ano 2010 por un prazo inicial de 3 anos e, segundo recollen os pregos da contratación, podería prorrogarse até o máximo legal a través de sucesivas prórrogas.

As queixas das familias das persoas residentes, e mesmo do cadro de persoal, veñen sendo continuas desde o inicio da xestión privada do centro. As máis recorrentes son o deterioro das instalacións, o insuficiente persoal para atender ás persoas residentes, a falta de formación, as malas condicións de traballo, e deficiencias graves





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das condicións básicas propias do servizo da residencia, da atención sanitaria, psico-social, etc.

O estado das instalacións é desastroso, o salario, as malas condicións de traballo, a comezar pola sobrecarga provocada pola falta de persoal, a non adaptación dos postos ao persoal con discapacidade, a falta de formación... provocan abandono e rotación nos postos de traballo, e xa ten sido obxecto de denuncias por parte do Comité de empresa, afectando ademais á calidade da prestación do servizo.

As condicións de vida das persoas residentes e a súa atención e seguimento sanitario son obxecto de duras críticas por parte dos familiares, que se queixan de que pasan frío e fame, de que dormen vestidos, de que chegan aos domicilios con roupa de outras persoas residentes, de descontrol na medicación, de reiterados incidentes con lesións, e das tremendas dificultades que a dirección do centro impón para o acceso ás instalacións, do mesmo xeito que lles impide falar co persoal, nun exercicio de oscurantismo que non fai máis que aumentar a preocupación dos titores e titoras legais polo ben estar dos seus familiares.

Estas queixas, como dicimos reiteradas, son coñecidas pola Consellaría de Política social, titular do centro, que segue sen tomar medidas, tornándose nunha especie de muro insuperábel que está a provocar un desgaste engadido á saúde das familias que confesan atoparse nunha situación límite, e que lembran tempos mellores cando a xestión era pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:



1 Por que motivo a Xunta de Galiza nunca realizou unha nova licitación e continúa a mesma empresa malia as reiteradas queixas do persoal e das familias desde o ano 2010?

2 Cantas prórrogas se teñen producido do contrato de concesión da xestión do CAPD Souto de Leixa situado no concello de Ferrol? Cales son importes económicos de cada unha das sucesivas prórrogas?

3 Por que non actúa a inspección da Xunta no CAPD Souto de Leixa? Como explica a Xunta de Galiza o estado das instalacións? Como explica que as persoas residentes teñan que durmir vestidas por causa do frío?

4 É consciente a Xunta de Galiza de que os ratios de cuidadores estipulados no prego de contratación non chegan para cubrir o servizo co persoal que a propia Xunta recomenda?

5 Coñece a Xunta de Galiza o nivel de abandono e rotación do persoal que presta servizos no CAPD Souto de Leixa? A que atribúe a Xunta esta situación? Como estima a Xunta de Galiza que isto afecta á calidade na prestación do servizo?

6 Ten revisado a Xunta de Galiza as condicións de seguridade e os protocolos de emerxencia do centro? Que opina de que non funcionen as portas de emerxencia?

7 Coñece a Xunta de Galiza as medias da empresa concesionaria para conciliar protocolos de emerxencia coa necesaria seguridade nos accesos ao centro? Cantos casos de fuxidas de persoal residente coñece a Xunta de Galiza?

8 Cantos incidentes con lesións graves se teñen producido nos 2 últimos anos? Investíganse estes incidentes? Por que aumentan no horario de tarde?

9 Coñece a Xunta de Galiza o número de falecementos de persoas residentes nos 2 últimos anos? Están claras para a Xunta de Galiza as causas das mortes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10 Cantas das persoas residentes son tuteladas pola propia Xunta de Galiza?
Cantas das persoas falecidas eran tuteladas pola Xunta?

11 Coñece a Xunta de Galiza os programas da empresa concesionaria en temas como formación do persoal ou adaptacións dos postos por discapacidade? Como os valora?

12 Por que non está en funcionamento o vaso terapéutico?

13 Como valora a Xunta de Galiza a atención psico-social e os programas de formación ocupacional que presta a empresa concesionaria?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 03/02/2023 11:24:38

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2023 11:24:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2023 11:24:54

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2023 11:25:03



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A pandemia da covid-19 provocou unha crise económica e social de dimensións non coñecidas ata ese momento e que foi posible ir superando grazas aos recursos económicos achegados pola Unión Europea e polos Estados para que tanto as familias como os sectores produtivos e o emprego se puideren manter sen deixar a ninguén atrás.

Cando estabamos remontando esta crise, a invasión do exército ruso de Putin a Ucraína, en febreiro deste ano, veu marcar unha nova etapa, agravando a situación de inflación previa derivada da saída da crise coa consecuente suba de prezos da enerxía en toda Europa, impactando novamente nas economías domésticas, na competitividade das empresas e na industria, nos mercados globais e sobre o crecemento económico a medio e longo prazo, cun incremento do IPC interanual en xuño que chegou ao 11,1 en Galicia, case un punto máis que no Estado (10,2). Unha situación que afecta ás familias en xeral, pero cébase especialmente coas familias máis vulnerables e con determinados sectores produtivos e, xa que logo, volve ser preciso o compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións, que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto desa situación que están a padecer as familias, as persoas autónomas e as empresas.

Ante esta realidade, o Goberno do Estado aprobou inmediatamente os reais decretos-lei 6/2022 e 11/2022 con medidas que supoñen máis de 15.000 millóns de euros para paliar os efectos desta realidade socioeconómica, entre elas, o incremento nun 15 % do Ingreso Mínimo Vital e das pensións non contributivas, a creación dun bono social de 200 €, unha nova rebaixa dos impostos aos combustibles, establecendo un límite dun 2 % ao incremento dos alugueres, incrementando o bono eléctrico para máis familias, a rebaixa dun 0,20 céntimos /litro nos combustibles ou coa aprobación do bono aluguer *xoven*, que supón 235€/mes para as persoas menores de 35 anos.

Durante este tempo, o expresidente Feijóo e o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, dedicaron os seus esforzos a criticar as medidas postas en marcha polo Goberno de Pedro Sánchez no canto de coadjuvar coa posta en marcha de medidas inmediatas e eficaces para que ninguén quede atrás na nosa comunidade, sendo a primeira medida de calado tomada polo actual presidente



do executivo retirar a tarxeta básica que daba cobertura a 75.000 familias galegas, anunciar o bono alugueiro *xoven* posto en marcha polo Estado ou a posta en marcha dun programa de fomento da mobilidade sustentable destinando 500.000 euros en axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas.

Tendo en conta os últimos datos publicados polo IGE, que nos revelan que en 2020 en Galicia tiñamos 44.909 fogares que se atopaban en carencia material severa, 467 fogares máis que en 2020, situación na que se atopan os fogares que teñen carencia, polo menos en catro conceptos entre non poder permitirse ir de vacacións, polo menos, unha semana ao ano; non poder permitirse unha comida de carne, polo ou pescado, polo menos, cada dous días; non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada; non ter capacidade para facer fronte a gastos imprevistos; ter retrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade, etc.); non poder permitirse dispoñer de coche; non poder permitirse dispoñer de teléfono (fixo ou móbil); non poder permitirse dispoñer de televisor en color ou non poder permitirse dispoñer de lavadora.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os recursos totais que recibiu a Xunta de Galicia do Goberno do Estado durante os anos 2020 a 2022 para bono social eléctrico e bono social térmico?

2ª) Cales foron os recursos que dedicou a Xunta de Galicia para complementar o bono social eléctrico e térmico do Estado durante os anos 2020-2022?

3ª) Cal foi a execución orzamentaria dos recursos destinados a bono social eléctrico e bono social térmico durante os anos 2020-2022?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/01/2023 18:29:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 26/01/2023 18:30:12



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Míguez e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, os Socialistas volvemos a constatar que para a Xunta de Galicia é máis importante a minoría que máis ten fronte á maioría da cidadanía, cuestión que se traduce nunha rebaixa selectiva de impostos nos que aos 7.700 galegos e galegas máis ricos do noso país se lle bonifica a cota do imposto sobre o patrimonio nun 25 % máis, chegando ao 50 %, é dicir, un regalo duns 4.500 € ano de media por contribuínte, tendo en conta que este imposto grava os patrimonios a partir de 700.000 €, excluída a vivenda habitual ata 300.000 €, mentres que para a maioría da poboación, con rendas de ata 35.000 €, a rebaixa vai supoñer de media uns 40 € ao mes, afianzando a política fiscal regresiva da Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular, que favorece á minoría que máis ten fronte á maioría da poboación.

A finais do ano pasado, o presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda, sorprendíanos cunhas declaracións ante os empresarios da Asociación de Fabricantes e Distribuidores (Aecoc) nas que afirmou que “Galicia baixa impostos sen complexos, porque sempre é moito mellor baixalos que subilos”, unhas declaracións que chocan coa realidade amosada no Reino Unido coas políticas da primeira ministra Liz Truss, que durou 45 días en Downing Street polo anuncio de baixada de impostos xeneralizados o que lanzou á libra esterlina e aos bonos de débeda pública en caída libre.

Xa que logo, o partido popular na Parlamento de Galicia aprobou uns orzamentos indolentes, que con 1,239 millóns de euros máis, anuncia baixada de impostos sen complexos aos máis ricos mentres retira a tarxeta básica para as familias que máis o necesitan, un recurso que unido ao paraugas social do Goberno do Estado (IMV, Ertes) evitou que 127.000 galegos e galegas estiveran en risco de pobreza no ano 2021, segundo o último informe “O estado da pobreza en Galicia” elaborado por EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión.

O dito informe revela que no ano 2021 en Galicia 678.000 persoas residentes en Galicia (25,2 % da poboación) estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social (AROE), 4.000 persoas menos que en 2020, agravándose a feminización da pobreza e cun risco de pobreza e exclusión infantil que xuvenil apenas diminúe.



Os últimos datos publicados polo IGE correspondentes á enquisa de poboación activa (EPA) do terceiro trimestre de 2022, revelan tamén que temos na nosa comunidade 50.800 fogares con todos os seus membros en paro e 24.700 sen ingresos.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron as medidas e os recursos que ten dedicado a Xunta de Galicia durante os últimos 5 anos para evitar a pobreza ou a exclusión social das persoas residentes na nosa comunidade?

2ª) Cales foron as medidas e os recursos que ten dedicado a Xunta de Galicia nos últimos 5 exercicios para políticas de vivenda?

3ª) Que medidas vai implementar o Goberno galego para loitar contra a pobreza e a exclusión social en 2023?

4ª) Ten valorado o Goberno galego as repercusións económicas e sociais que supoñen a situación actual da pobreza e a exclusión social en Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/01/2023 16:24:04

Gonzalo Caballero Míguez na data 26/01/2023 16:24:24

Marina Ortega Otero na data 26/01/2023 16:24:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a conservación e valoración da Torre de Sande no concello de Cartelle.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a denominada Torre de Sande, resto dun antigo castelo, de orixe incerto, mais cuxa existencia consta xa no século XII cando foi obxecto de doazón por parte do rei Alfonso VII e a raíña Berenguela ao Mosteiro de San Salvador de Celanova.

A Torre de Sande elevada sobre unha superficie granítica de máis de 500 m. de altitude, entre os ríos Arnoia e Miño, foi declarada monumento de Interese Artístico Nacional e declarada Ben de Interese Cultural, encontrándose baixo a “protección” da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei 16/85, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español.

A pesares da protección antes de referida e do seu evidente valor cultural, histórico e patrimonial, a Torre de Sande presenta a día de hoxe un deplorable estado de conservación con ameaza mesmo de derrube. Xa hai anos dende este grupo parlamentar se advertía da dificultade de acceso ao monumento por mor da maleza existindo, existindo dúbidas sobre á seguridade, pois a existencia de varias fendas nun dos muros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

advertían da posibilidade de que a estrutura estivera comprometida con perigo para as visitantes.

O estado no que se encontra provocou que a asociación sen ánimo de lucro Hispania Nostra, adicada á defensa, promoción posta en valor do patrimonio cultura e natural, en maio de 2020 incluía á Torre de Sande dentro da súa lista vermella, é dicir, dentro dos monumentos que, polo seu mal estado de conservación e polo seu abandono, corren risco de se perder.

Dende hai anos tanto a veciñanza e distintos colectivos sociais, como o grupo municipal do BNG no Concello de Cartelle e este Grupo Parlamentar, veñen demandado da Entidade Local e da Xunta de Galiza actuacións dirixidas á conservación e posta en valor do monumento, encontrándose en todos os casos coa contumaz negativa da Xunta de Galiza que presidía Núñez Feijóo coa desculpa da titularidade privada do inmovible.

O certo é que transcorridos varios anos dende que o propio Concello de Cartelle e a Xunta de Galiza recoñeceron o estado de abandono da Torre de Sande e admitiron a necesidade de actuar, non consta avance ou intervención algunha, continuando o proceso de degradación do monumento de recoñecido valor histórico, patrimonial e turístico.

Como ficou exposto, alén do seu valor histórico e cultural, a Torre de Sande constitúe un elemento de interese turístico -así declarado – susceptible de constituír un reclamo máis da monumentalmente rica comarca de Celanova, e xa que logo ser un instrumento para o necesario desenvolvemento económico e social da zona.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que xestións realizou a Xunta de Galiza nos últimos anos para a recuperación e conservación da Torre de Sande?

Coñece o estado de deterioro no que se encontra actualmente e que motivou a inclusión na lista vermella da asociación Hispania Nostra?

Entende a Xunta de Galiza que a Torre corre risco de derrube?

Dirixiuse o Concello de Cartelle á Xunta de Galiza solicitando a realización de actuacións destinadas á conservación e/ou rehabilitación da Torre de Sande?

Existe ou ten a Xunta de Galiza previsto elaborar algún proxecto para a conservación e valorización da Torre de Sande?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/01/2023 10:06:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 10:06:57

Noa Presas Bergantiños na data 27/01/2023 10:07:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade escolar do IES Martín Sarmiento de Pontevedra leva un tempo preocupada polas novas a respecto dunha suposta transformación do instituto nun centro integrado de Formación Profesional.

En relación con esta previsión, que foi comunicada ás organizacións sindicais nunha mesa sectorial, non se trasladou información oficial ao centro e ás familias, o que se está a xerar preocupación e incertidume sobre o futuro do centro.

Segundo información recente trasladada pola xefatura territorial de Pontevedra, está previsto realizar un estudo en relación coa oferta de FP en Pontevedra e a posíbel redistribución do profesorado e alumnado noutros centros da cidade.

A realidade é que a falta de información está afectando ao funcionamento do centro, á dirección, ao profesorado, ao alumnado e ás familias. E pode ter efectos derivados na matrícula polo incertidume sobre a continuidade da actual oferta educativa.

Por outra parte, esta situación parece que está tamén condicionando o concurso de traslados aos centros de secundaria da cidade de Pontevedra. Deste xeito, estaríase





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evitando cubrir prazas deixándoas vacantes para no futuro cubrilas con profesorado trasladado do IES Martín Sarmiento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

-Que previsións ten a Xunta en relación co futuro do IES Martín Sarmiento?

-Vai o goberno galego dar información á comunidade escolar e ás familias sobre a situación e o futuro do centro?

-Ten previsto a Xunta realizar algún estudo sobre a reordenación da oferta educativa nos centros de ensino secundario do concello de Pontevedra e a posíbel transformación do IES Martín Sarmiento nun CIFP?

-Estalle afectando esta situación ao concurso de traslados a centros da cidade de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/01/2023 10:11:13

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 10:11:25

Daniel Castro García na data 27/01/2023 10:11:40

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 10:11:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o nulo desenvolvemento de ferramentas de planificación e dinamización do libro e da lectura en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta centran no programa 432A as accións centradas no investimento relacionado coa promoción do libro.

As diferentes partidas orzamentarias refírense á adquisición de fondos bibliográficos, á promoción da lectura e do libro, á promoción, produción, edición, comercialización e distribución do libro en galego, á participación en feiras internacionais e á promoción nacional e internacional dos creadores e creadoras galegas, entre outros epígrafes.

A diferenza do investido polo goberno do PP nos últimos trece anos, a respecto do que se investía en 2009, é moi considerábel, un decrecemento inaceptábel pola sociedade galega, que acompaña o feito de que a produción editorial en galego teña baixado significativamente neste tempo de goberno de Feijóo.

O Instituto Nacional de Estadística volvía confirmar este retroceso no volume editorial galego no informe presentado en decembro de 2021 na Estatística da Produción Editorial de Libros sobre o ano 2019.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este informe verifica un incremento xeral na publicación de libros, que no caso da industria galega supuxo 2.213 títulos, un 10,8% máis do que no ano anterior.

No entanto, este crecemento contrasta coa redución de libros editados en galego a respecto do ano anterior, baixando do 45% ao 40%, o que volve confirmar a retracción da produción editorial en galego: en 2019, mentres que o 47,5% das producións editoriais saen en castelán, o 40,4% saen galego.

Simultaneamente, todos os datos inciden no reforzo da lectura por parte da sociedade, nomeadamente neste tempo vivido en pandemia desde o comezo do confinamento total. As vendas de libros en librarías, así como os préstamos bibliotecarios así confirman a tendencia ascendente que verifica que o libro foi un importante aliado desde 2020.

O informe sobre *Hábitos de Lectura y compra de libros en España 2020* confirma que segue a medrar a lectura no tempo libre cun incremento do 12,3% na última década, acadado durante o confinamento un máximo histórico, nomeadamente entre os menores de 35 anos.

Este incremento foi bastante xeneralizado en todas as comunidades autónomas, situándose a media en España no 64%.

No entanto, en Galiza no pasado 2020 a realidade lectora continuou por debaixo desta cifra, colocándose nun 61,6% e en 12ª posición dun total de 17 comunidades.

Na actualidade non consta ningún informe oficial do goberno galego a respecto da situación do libro e da lectura en Galiza que permita analizar unha fotografía social ampla e actual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito que segue sen se desenvolver por parte do goberno do PP a Lei do libro e da lectura (2006) nin o Plan de dinamización da lectura que deriva dela, nin tampouco a Lei de bibliotecas (2012).

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Ten o goberno galego elaborado algún estudo relativo ao desenvolvemento da lectura na sociedade galega nos últimos trece anos?
- Que estratexia está a seguir o goberno da Xunta en relación á dinamización da lectura en Galiza?
- Por que o goberno do PP non desenvolveu aínda, malia os reiterados anuncios, o plan de dinamización da lectura que regula a Lei do libro e da lectura?
- Por que segue o goberno do PP sen desenvolver a Lei de bibliotecas dez anos após da súa aprobación?
- Por que o PP non ten desenvolvido, nos últimos trece anos, as ferramentas de planificación e dinamización da lectura prevista na lexislación galega?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 27/01/2023 10:18:21

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 10:18:26

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 10:18:34





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Rosana Pérez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O congro foi empregado na Costa da Morte como moeda de cambio, cando menos, dende o S. XV. Os mariñeiros, xa nesa época, trocaban cordas e cabos de cáñamo aos sogueiros de Calatayud (Zaragoza) a cambio de congro.

O cotizado agasallo que Poseidón lle levaba a Zeus cando o ía visitar ao Monte Olimpo, era a moeda de cambio empregada polos mariñeiros da costa galega para facerse coas mellores cordas que existían nesa época e que precisaban para pescar.

Para evitar que este peixe se deteriorara no camiño de volta a Calatayud, os mariñeiros da nosa costa empezaron a secalo, cunha técnica ancestral que garantía o consumo do peixe meses despois de que saíse do mar.

Esa técnica de secado foi empregada durante séculos, pero ao mesmo tempo que se acurtaban os tempos dos desprazamentos, ía languidecendo o negocio do congro seco. A mediados do século pasado a maior parte dos secadoiros que aínda traballaban, estaban situados en Arousa.

Pero a día de hoxe, só quedan dous. E os dous se atopan en Muxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un que mantén os métodos artesanais en boa parte do proceso agás no secado, para o que recorre a sistemas eléctricos, e outro, o da familia Diz, que aínda funciona de xeito completamente artesanal. Secando o congro do mesmo xeito que se ven facendo dende fai séculos.

Polo que pódese dicir que o secadoiro dos Diz, é o derradeiro secadoiro congro completamente artesanal que queda na Galiza e no Estado español. E probablemente, no mundo.

Miguel Diz e o seu avó Juan son os propietarios do que é un dos últimos vestixios dun oficio senlleiro que se leva desempeñando na Costa da Morte dende fai séculos.

Pero, alén do rendemento económico que lle poida xerar ás poucas persoas que aínda se adican a este arte, o método artesanal empregado para preparar o congro e o secado na cabria, ten para Muxía, para a Costa da Morte e para Galiza enteira un significado moito maior.

O proceso enteiro de secado, pero sobre todo a cabria, constitúe un elemento (arquitectónico) único, que encaixa á perfección na paisaxe etnográfica de Muxía. Forma parte xa do acervo etnográfico-cultural da Costa da Morte.

As muxiás e muxiáns sénteno coma parte da súa identidade, e constitúe para a Costa da Morte enteira unha parte do seu ser, da súa forma de sentir e estar no mundo.

Pero nun plano máis mundano, os secadoiros de congro e as cabrias constitúen unha oportunidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son un reclamo turístico de primeiro nivel para todo o xeodestino, exemplo máximo de sostibilidade e expresión da nosa cultura, que atrae cada ano, durante todo o ano, a milleiros de visitantes.

E o produto final, o congro secado ao xeito artesanal, é cada vez máis apreciado na alta cociña.

Polo que o secado do congro, dende que sae o peixe do mar ata que que está pendurado na cabria para que o nordés e o sol o volva enxoiro, é unha alternativa comercial con mercado actual e gran potencial de expansión.

Unha actividade con tremendo valor etnográfico, patrimonio cultural inmaterial do noso pobo, cun gran potencial turístico e polo tanto económico, corre o risco de perderse definitivamente.

Unha acta da Inspección da Consellería de Sanidade, despois de xirar visita ao secadoiro da familia Diz a principio deste mes de febreiro, suspendeu provisionalmente e con carácter cautelar a actividade, provocando a inmovilización da última partida desta produto. Acta que apunta ao método de secado (nas cabrias) como causa desa suspensión provisional.

Situación sorprendente cando estamos a falar dunha actividade de centos de anos, que leva desenvolvéndose na zona dende os anos corenta pola familia Diz, e que constitúe unha das imaxes icónicas da Costa da Morte.

Até o punto que a propia Xunta emprega como imaxe promocional estes secadoiros, e incluso fai apenas uns meses participou nun showcooking xusto embaixo do secadoiro.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Antes da acta da Inspección, dende a Xunta esixíuselle ao titular que cumprise determinados requisitos para poder seguir coa actividade, pero aínda cumpríndoas non se lle garante dende a administración autonómica poder seguir co secado tradicional, aludindo á necesidade dunha norma estatal e europea.

É imprescindible que a Xunta de Galiza se implique de xeito claro e inmediato na busca dunha solución, que seguramente precisará dun estudo, visión e acción interdepartamental, pola natureza mesma da actividade, que ten un carácter comercial, alimentario, pero tamén patrimonial cultural inmaterial. Alén da vertente turística e promocional.

Unha actividade destas características, que vai moito máis aló do aproveitamento económico que lle pode reportar a quen a desempeña, esixe que sexa a Xunta de Galiza a que busque acubillo legal para garantir a súa continuidade.

A Xunta ten a obriga moral e a capacidade asesora e executiva para brindar dende xa toda a axuda aos propietarios dos dous únicos secadoiros de congro que existen na Galiza e, posiblemente, no mundo, para que podan seguir desempeñando este oficio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- . Considera a Xunta que os secadoiros de congro artesanais deberían formar parte do patrimonio cultural inmaterial do noso país?
- . Considera a Xunta que os secadoiros de congro artesanais forman parte do acervo etnográfico-cultural da Costa da Morte?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera que os secadoiros de congro artesanais constitúen un valor para a promoción turística de Muxía e da Costa da Morte?

. Levou a cabo a Xunta algunha actuación tendente a protexer e conservar os poucos secadoiros de congro artesanais que quedan na Costa da Morte? Cales?

. Valora a Xunta abordar a problemática que xurdiu en relación a esta actividade inmemorial dende un punto de vista interdepartamental, atendendo a súa natureza de actividade económica, valor etnográfico e patrimonial cultural inmaterial?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 27/01/2023 10:23:03

Rosana Pérez Fernández na data 27/01/2023 10:23:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 10:23:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a elaboración dun plan de igualdade para o profesorado do ensino público non universitario de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 11 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza establece que “ Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da Comunidade Autónoma”.

Mais a pesar de que esta lei foi aprobada no ano 2007, a día de hoxe o profesorado do ensino público galego, non conta con plans de igualdade.

Ao longo dos últimos anos, dende organizacións sindicais como a CIG-ensino, vense demandando a elaboración dun estudo sobre igualdade entre o profesorado no que se poidan examinar, entre outros, datos como as porcentaxes de homes e mulleres nos diferentes corpos e especialidades, a presenza de mulleres nos equipos directivos, datos de acoso, actitudes sexistas, etc.

É evidente pois, que alén da necesidade social e laboral, a Consellaría de Educación, en cumprimento da lexislación vixente, está obrigada a elaborar un plan de igualdade para o profesorado do ensino público galego non universitario. Un plan que non pode ser imposto pola





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración e que debe ser froito da negociación colectiva cos representantes dos traballadores.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade constituír unha comisión negociadora do plan de igualdade para dar cumprimento ao establecido na lexislación vixente e elaborar os plans de igualdade para o profesorado do ensino público non universitario de Galiza?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 10:36:42

Daniel Castro García na data 27/01/2023 10:36:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 10:37:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino galegos sostidos con fondos públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A disposición adicional vixésimo quinta da LOMLOE, baixo o título de Fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres establece que “co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres, os centros sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos desenvolverán o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, non separarán o alumnado polo seu xénero”

En numerosas ocasións dende o Partido Popular amosouse publicamente á súa negativa a cumprir o establecido na lexislación educativa vixente, chegando mesmo a declarar en sé parlamentar que “traballaría para que a implantación da LOMLOE non teña efectos en Galiza”

Mais o certo é que o Partido Popular, ao tempo que bate records de financiamento do ensino privado, mantén con fondos públicos centros escolares que impiden que os nenos e as nenas poidan estudar xuntos e que ademais inoculan no alumando un ideario reaccionario, machista e clasista.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
4ª:

Vai o goberno galego cumprir coa lexislación vixente e facer efectiva a
disposición adicional vixésimo quinta da LOMLOE no relativo ao financiamento de
centros privados que separan alumnado por xénero?

Vai o goberno galego seguir financiando centros que segregan alumnado por
razóns de xénero?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 10:40:43

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2023 10:40:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 27/01/2023 10:40:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de marzo de 2020 o DOG publicaba unha resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que deixaba sen efecto a resolución do 16 de marzo de 2018 pola que se incoaba o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o baile tradicional galego.

A proposta para incoar a declaración BIC de patrimonio cultural inmaterial para o baile galego tradicional contou con alegacións presentadas por diferentes persoas e colectivos, relacionados coa antropoloxía e o patrimonio etnolóxico de Galiza, e tamén co propio baile tradicional.

Á vista do contido destas alegacións, enténdese que a proposta presentada non responde aos criterios de participación e aval social necesarios nin atende ao conxunto dos valores da representación cultural que se pretende protexer, tal e como conclúe o Servizo de Inventario:

«Á vista de todo o anterior e tomando en consideración o contido da información recollida na fase do procedemento de participación pública, considérase que, ben que semella acreditado o carácter sobranceiro do baile tradicional, a súa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descrición e a das comunidades, organizacións e individuos que o manteñen, debe ser revisada e completada»

En consecuencia, a resolución resolve retomar as actuacións previas “para a máis ampla descrición da manifestación e das prácticas sociais actuais, para o que se completará o procedemento desde unha perspectiva antropolóxica para tramitar ao seu remate unha nova incoación”.

Transcorridos case dous anos desta resolución que deixaba sen efecto aqueloutra publicada en 2018, pola que se incoaba o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o baile tradicional galego, non se ten constancia de que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural canalizase novas actuacións sociais encamiñadas a activar unha nova incoación que resolva as eivas anotadas na anterior co obxectivo de salvagardar unha parte fundamental da nosa cultura como é o baile tradicional, en simbiose co canto e a música de noso.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Que persoas e colectivos presentaron alegacións á resolución pola que se incoaba o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o baile tradicional galego?

. Cal era o contido desas alegacións?

. Mantivo o goberno contacto nestes dous anos coas persoas e colectivos que alegaron?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que accións ten desenvolvido o goberno para reiniciar os traballos encamiñados a incoar un novo expediente BIC?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 11:03:10

Daniel Castro García na data 27/01/2023 11:03:22

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 11:03:34





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Un dos piares principais da economía galega é o constituído polos traballadores e traballadoras por conta propia (persoas autónomas), que representa máis de 207.000 postos de traballo, segundo recolle o Instituto Galego de Estatística e, xunto coas microempresas, supoñen o 97% do tecido produtivo de Galicia.

Trátase pois dun colectivo que, desde as administracións públicas, precisa dunha especial atención para o seu impulso e fortalecemento, tendo en conta o contexto derivado da covid-19.

En resposta a esta situación, o executivo autonómico puxo en marcha unha batería de medidas, como os sucesivos plans de rescate, co obxectivo de amortecer os efectos da pandemia entre os autónomos e autónomas de Galicia.

Tamén outras iniciativas como o Programa de *Mentoring*, promovido pola Xunta de Galicia en cooperación coa Fundación Ronsel, que persegue a redución dos riscos das persoas traballadoras autónomas na súa actividade profesional, proporcionando ferramentas que permitan a transformación e adaptación dos seus negocios ás necesidades do mercado e ao marco de pandemia no que nos atopamos.

Trátase dun proxecto que se demostrou eficaz na súa anterior edición e que permitiu incorporar, por primeira vez, a titorización entre as políticas de apoio ás persoas traballadoras autónomas.

O Programa de *Mentoring* exemplifica o esencial do acompañamento aos nosos autónomos na consolidación e pulo dos seus negocios e proxectos, representando o compromiso do goberno galego co traballo autónomo.





Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

- Cal é o balance da primeira edición do Programa de Mentoring de apoio ao emprego das persoas autónomas?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 11:02:07

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 11:02:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 11:03:24

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 11:03:43

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 11:04:45

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 11:04:50

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 11:07:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Monforte de Lemos atópase o embarcadoiro de Doade. Doade é unha parroquia intermunicipal que pertence aos concellos de Monforte e de Sober. No concreto, o embarcadoiro está na parroquia de Doade, termo municipal de Monforte de Lemos.

Se tomamos a división municipal como referencia observamos como parte da parroquia de Doade pertence a Monforte, en concreto os núcleos dos Palleiros, O Colado e San Pedro de Baños e (sen habitantes) .

Dende a Presidencia do goberno da Deputación de Lugo cámbiase o nome do lugar onde se encontra o embarcadoiro e de onde saen os catamaráns da deputación de Lugo operados por Tragsa, creando un novo topónimo para un lugar que xa estaba nomeado dende tempos inmemoriais, polo que se considera un topónimo asentado. Para maior complicación o “novo topónimo” coincide con outro xa existente e asentado na propia Ribeira Sacra (marca turística e xeodestino). Ponte do Sil é un lugar do termo municipal de Quiroga (véxase o nomenclátor de Galicia).

A normativa en vigor na comunidade galega conduce a determinar que corresponde á Xunta de Galiza fixar os topónimos oficiais dos municipios, non sendo en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ningún caso competencia para determinar os topónimos dos concellos ou deputacións correspondentes.

As procuras toponímicas realizadas por internet conducen en moitas ocasións ao concello de Quiroga ocasionando graves problemas ás persoas que se achegan á Ribeira Sacra para desfrutar dun paseo en catamarán por unha paisaxe natural e patrimonial única.

En todo caso, non ten lóxica cambiar un nome a un embarcadoiro, que tradicionalmente se chama como o lugar onde se encontra, por un nome que causa confusión polo número de "Ponte do Sil" que hai entre o Barco de Valdeorras e Os Peares e que está enclavada na coñecida como Ribeira de Doade tanto na parte monfortina como na de Sober, e menos cando traballamos baixo o mesmo xeodestino.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Ten coñecemento a Xunta de que foi cambiado o Topónimo de Doade por Ponte do Sil?

A toponimia é patrimonio un patrimonio inmaterial que demostra a humanización do territorio, é polo tanto incongruente consentir que se deturpe, ou que calquera administración poida impoñelo segundo o seu criterio e logo pretendamos que se recoñeza a Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, son conscientes disto?

Pensa a Xunta facer valer as súas competencias sobre a toponimia do lugar de Doade de xeito que ás persoas ou grupos que fan a busca poidan garantir unha chegada directa e sen confusións á zona do embarcadoiro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como pensa a Xunta facer valer as súas competencias normativas sobre os topónimos cando se modifican de xeito arbitrario?

Van vostedes dende o goberno tomar a responsabilidade sobre as súas competencias para que as arbitrariedades toponímicas no creen tanta confusión nas persoas turistas que cheguen a prexudicar a economía da zona?

Pensa a Xunta de Galiza que ten xustificación chamarlle a un embarcadoiro Ponte do Sil cando sempre se chamou "de Doade" porque está na parroquia de Doade e na Ribeira de Doade?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 27/01/2023 11:10:21

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 11:10:25





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O traballo é un dereito básico, tal e como recoñece a Constitución Española no seu artigo 35 e, polo tanto, precisa da actuación dos poderes públicos para a súa promoción, protección e garantía.

Este compromiso faise aínda máis necesario nun contexto como actual, no que a inflación está a causar un gran impacto no mercado de traballo do conxunto de España.

Aínda hai galegos e galegas en situación de desemprego. Por ese motivo, é fundamental investir na súa formación xa que esta é unha peza clave que reverte directamente no incremento das súas oportunidades laborais.

Neste sentido, desatacan os programas de axudas e subvencións que a Xunta de Galicia convoca a longo do ano, a fin de promover actividades formativas orientadas á formación profesional e á adquisición de coñecementos e competencias no ámbito laboral.

Deste xeito, o Executivo galego adiántanse ás necesidades detectadas polos servicios públicos de emprego e ás demandas do mercado laboral.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Cal é a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 11:14:59

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 11:15:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2023 11:18:52
Nº Rexistro: 48464
Data envío: 27/01/2023 11:18:52.591

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 11:16:44

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 11:16:49

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 11:17:27

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/01/2023 11:17:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 11:18:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ksKLLHv9k-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o incremento da presenza de xabarín no casco urbano de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que o incremento incontrolado da poboación de xabarín en Galiza esta a provocar importantes e cuantiosos danos, principalmente materiais, mais tamén persoal derivados estes, fundamentalmente, da súbita irrupción do animal nas vías de circulación, xa sexan en autoestradas, nacionais, locais ou comarcais. Son numerosas e frecuentes as sentenzas xudiciais nas que apreciando que “dende un tempo atrás (existe) unha elevadísima sinistralidade pola irrupción de xabaríns... non é abondo, como estivo facendo ate o de agora, coa mera colación de sinais triangulares de perigo”, condenando á Xunta de Galiza a indemnizar polos prexuízos causados pola súa negligencia no coidado da vía da que é titular. As insuficientes e escasas axudas que de ningún xeito compensa os danos causados polo porco bravo nos cultivos agrícolas son un elocuente indicativo da existencia dun grave problema ao que non se pon remedio, limitándose a Xunta de Galiza a adoptar puntuais parches fronte as consecuencias que provoca o crecemento descontrolado da poboación de xabarín. A Xunta de Galiza afronta parcial e minimamente as consecuencias provocadas polo xabarín mais non sobre o cerne do problema.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O incremento da poboación de xabarín é tal que a súa presenza nas rúas de Ourense empeza a ser tan habitual que a veciñanza xa fala de “praga”. Os barrios de Covadonga, O Vinteún e mesmo A Ponte foron o obxecto das primeiras visitas de exemplares de porco bravo, primeiro, e logo xa de piaras. Posteriormente, tanto nos barrios do O Couto, como nos do Piñeirál e Mariñamansa a presenza do xabarín comezaba a ser habitual.

A ausencia de medida algunha para evitar a proliferación da presenza do referido animal salvaxe na cidade de Ourense levou a que non sexan infrecuentes os episodios dun xabarín “paseando” polo centro da cidade, parque de San Lázaro, r/ Paseo ou Xoán XXIII, isto é, polas rúas de maior tránsito cidadán.

Axentes dos corpos e forzas de seguridade recoñecen que a presenza do xabarín constitúe un problema de seguridade cidadá, pois en moitos casos trátase de animais de grande tamaño con dentes afiados, que poderían atacar a calquera viandante ou mesmo provocar un problema sanitario, situación que felizmente non consta se producira, mais que cumpre previr.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

De cantos casos de presenza de xabaríns dentro do concello de Ourense ten constatado a Xunta de Galiza durante os últimos doce meses?

Considera que a proliferación do xabarín dentro do concello de Ourense ademais de supor un risco para a seguridade viaria constitúe un perigo de seguridade cidadá?

Cal é a razón do incremento da presenza do xabarín no casco urbano de Ourense, mesmo nas rúas máis céntricas e transitadas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas implantou ou ten previsto implantar a Xunta de Galiza para evitar a reiteración deste tipo de irrupcións de xabaríns nas rúas de Ourense?

Entende a Xunta de Galiza que dentro do termo municipal de Ourense existen treitos de vía de elevada sinistralidade pola frecuente irrupción de animais salvaxes en xeral e de xabaríns en particular?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/01/2023 11:23:10

Noa Presas Bergantiños na data 27/01/2023 11:23:16

Xosé Luis Bará Torres na data 27/01/2023 11:23:28



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A economía social tense demostrado como un motor de crecemento económico sustentable, xerador emprego de calidade, integrador, centrado nas persoas e asentado no territorio, no que as entidades que a conforman xogan un papel decisivo.

Coñecedor desta realidade, o Goberno galego leva anos traballando intensamente para situar esta forma de entender a economía no lugar que lle corresponde. Neste sentido cabe destacar a recente aprobación dunha orde de axudas co fin de consolidar a rede Eusumo e dun programa de axudas para apoiar o funcionamento das entidades máis representativas da economía social en Galicia.

A primeira medida ten como obxectivo fomentar a economía social a través de actividades formativas, divulgativas, de investigación ou de asesoramento, das entidades adheridas a rede Eusumo, que actualmente está conformada por 223 entidades (entre deputacións e concellos, cooperativas, sociedades laborais, confrarías de pescadores, empresas de inserción laboral, centros especiais de emprego, asociacións empresariais, universidades, fundacións e cámaras de comercio).

A segunda iniciativa procura un axeitado desenvolvemento das asociacións e organizacións máis destacadas da economía social, co fin de favorecer a súa consolidación, a través de apoios para financiar os gastos de funcionamento das entidades beneficiarias, dando así resposta a un dos retos da Estratexia galega de economía social 2019-2021.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que actuacións desenvolveu a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito da economía social no ano 2022?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 11:21:56

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 11:22:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 11:22:47

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 11:23:45

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 11:24:20

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 11:24:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 11:25:29





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Rio, Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispoñendo no seu artigo 39 apartado 1 que “a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e máis a tentar axudalas a romper coa situación de violencia”.

Por outra banda a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece, no seu artigo 27, o dereito a unha axuda económica para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as que se presume que, pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego.

Neste sentido, a Xunta publica axudas periódicas de entre 200 e 800 euros mensuais coas que o Goberno autonómico apoia ás vítimas da violencia de xénero co obxecto de que gañen independencia económica dos seus agresores e consigan saír da situación de perigo.

Ademais, anunciáronse as axudas de pago único para apoiar ás vítimas con especiais dificultades para a busca de emprego e a liña destinada a garantir que as mulleres que sofren violencia de xénero e/ou os menores ou persoas dependentes delas, perciban as indemnizacións que lles corresponden polos danos ou perdas ocasionadas pola situación de violencia, decretada mediante sentenza xudicial.

Todos estes instrumentos perseguen garantir que as mulleres vítimas da violencia de xénero contan cunhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, e deste xeito poidan rachar o círculo da violencia de xénero.





Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes, formulan a seguinte pregunta:

- Cales son as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a canto ascende seu importe?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 27/01/2023 11:31:31

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 11:32:11

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 11:32:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 11:33:01

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 11:33:37

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 11:33:40

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 11:34:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 11:34:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o estado de conservación dos bens inmobeis catalogados da provincia de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta con, aproximadamente, 770 bens catalogados coma Bens de Interese Cultural dos que 77 están en 42 concellos da provincia de Ourense, moitos dos que presentan un importante estado de abandono e deterioro consecuencia da ausencia de intervencións para a súa conservación e coidado.

Así, diversas asociacións culturais veñen denunciado que bens de tanto valor como a zona arqueolóxica de Castromao en Celanova -declarada BIC no ano 2019- presenta un evidente estado de abandono, ou significados monumentos e edificacións de grande valor histórico cultural figuran dende hai anos na “lista roxa” da asociación, sen ánimo de lucro, e para a defensa, promoción e posta en valor do patrimonio cultura e natural, Hispania Nostra. A Casa Reitoral de San Xoán de Barral en Piñor, o Convento do Bon Xesús de Trandeiras (Xinzo de Limia), a Torre de Torán en Taboadela, o Mosteiro de Santa Comba de Naves en San Mamede de Palmés no concello de Ourense ou o Mosteiro de San Paio en Abelenda, que non hai moito padeceu o espolio de varios dos seus retablos barrocos e neoclásicos, presentan un estado calamitoso con perigo da súa perda e ruína.

Á perda dos bens de recoñecido valor cultural e histórico, susceptíbeis de constituíren un vector de desenvolvemento económico e social da zona nas que se sitúan, está contribuído a inacción da Xunta de Galiza, como tamén a realización de intervencións dende as propias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Administracións Públicas pouco respectuosas coa protección da contorna na que se erixen os bens patrimoniais. Dende este grupo parlamentar xa temos advertido, mesmo pedindo copia dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio, sobre as obras realizadas na contorna do Mosteiro de Oseira ou na Aira da Uxeira en Loiro (Barbadás).

Ante a grave ameaza de perda que presentan moitos dos declarados Bens de Interese Cultural da provincial de Ourense, moitos deles en concellos sen capacidade económica para adoptar as medidas precisas para a conservación, rehabilitación e valorización de tan importante patrimonio histórico e cultural, dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vimos formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

-Coñece a Xunta de Galiza o estado de conservación que presentan os bens declarados de Interese Cultural da provincia de Ourense como Mosteiro de Santa Comba de Naves, o Convento do Bon Xesús en Trandearas, o Mosteiro de San Paio en Abelenda ou a Torre de Torán en Taboadela?

-Realizou a Xunta de Galiza algunha inspección para coñecer o estado no que se atopan os bens inmoables declarados de Interese Cultural da provincia de Ourense, tanto os de titularidade pública como privada?

-Cónstalle a Xunta de Galiza se, p.e., o Mosteiro de San Paio de Abeleda está aberto ao público e xa que logo é visitable? No seu caso, que accións realizou para que así for?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 27/01/2023 11:41:13

Noa Presas Bergantiños na data 27/01/2023 11:41:20

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 11:41:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/01/2023 11:41:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxente declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside (O Castro-Sada).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de xaneiro o Grupo Parlamentar do BNG recibiamos no Parlamento unha representación da Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo de Sada (A Coruña).

O obxectivo deste encontro, que tamén tería lugar cos outros grupos parlamentarios presentes na cámara, era darnos traslado da entrega por rexistro de 1.745 sinaturas que avalan o Dereito de Petición da declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside.

Unha demanda que ben sabemos que non nace ex novo, senón como resultado do incumprimento do goberno da Xunta de Galiza ao non ter actuado na incoación do expediente BIC para este importante museo, conforme o acordo unánime deste Parlamento datado en 2010.

A situación de desprotección e abandono do conxunto deste patrimonio colectivo que representa o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, tanto do edificio singular como dos bens artísticos que contén, é ben coñecido e transmitido publicamente por múltiples voces.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2018 o Consello da Cultura Galega fixo público o Informe sobre o valor patrimonial do conxunto artístico e arquitectónico integrante do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside (O Castro-Sada) para o que considera necesario aplicar a protección propia dos Bens de Interese Cultural (BIC) para garantir a súa permanencia e preservación indisolublemente unidos, xa que a colección de arte so se comprende e pode ser asumida no marco do edificio que a acolle.

O informe reconece o relevo e significación que representa o proceso integrador entre o edificio e a colección do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, en tanto que constitúe un legado imprescindible para o coñecemento da cultura e da arte contemporáneas galegas, que o fai merecente dun grao de protección que garanta a súa integridade e a súa conservación no futuro.

Esta conservación actualmente está en severo risco pola desatención e abandono aos que se ve sometido o museo desde hai anos, por parte da propiedade actual, que mesmo conlevou o seu peche ao público desde hai máis dun lustro e á suspensión dos proxectos didácticos e culturais que acollía.

O pasado mes de setembro a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo coorganizou xunto ao Consello da Cultura Galega e mais o Concello de Sada unhas xornadas con especialistas en arte e profesorado universitario, onde se considerou a necesidade de impulsar iniciativas tendentes á protección do museo como a solicitude de incoación do expediente de declaración como Ben de Interese Cultural (BIC), pendente desde 2010 e para o que a Xunta nunca activou o proceso de incoación que xa de seu evitaría a degradación á que se ten chegado.

Unha demanda que xa o BNG denunciou nesta cámara en diferentes ocasións durante o ano 2021 e na que constatamos o inmovilismo e o adiamento inxustificado por parte do goberno do PP na Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un estado lamentábel que pon en risco a memoria da vangarda artística galega recuperada da memoria do exilio como proxecto cultural xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo.

Un museo que contén unha obra patrimonial de altísimo valor da autoría de Francisco Llorens, Francisco Asorey, Xosé Frau, Maside, Bonome, Laxeiro, Arturo Souto, Fernández Mazas, Cabreiro, Huici, Citino, Maruja Mallo, Lugrís, Colombo, Eugenio Granell e o escultor Antonio López, entre outros, e onde cómpre colocar en especial destaque unha parte da obra declarada xa BIC de Castela como son as máscaras da súa autoría para a representación da peza teatral Os vellos non deben de namorarse.

O importante apoio recollido pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo dá mostra da elevada demanda social da necesaria protección para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside como paso previo á súa recuperación, conservación e adaptación do proxecto de musealización.

Asemade, o Concello de Sada acaba de incorporar na memoria orzamentaria para 2022 unha partida destinada a activar un convenio interadministrativo que permita a apertura do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside.

Por todo isto fórmulanse a seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É coñecedor o goberno do progresivo estado de abandono en que se encontra o Museo Carlos Maside?

- Que medidas está a tomar o goberno para evitar esta situación que pode conducir á perda irreparábel dunha parte fundamental desta colección de vangarda e memoria artística do exilio galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dispón a Xunta dun inventario actualizado dos bens patrimoniais presentes na colección do museo? Determina este inventario como é o seu estado de conservación actual?

- Como xustifica o goberno do PP que unha obra xa catalogada BIC como é a de Castelao poida estar neste museo sen medidas de protección e conservación óptimas e secuestradas ao público?

- Que razóns explican que desde o 2018 en que o CCG emitiu o seu informe técnico, coa demanda de protección BIC para continente e contido, como medida de salvagarda imprescindible, a Xunta aínda non incoase ese expediente a comezos de 2022?

- É consciente a Xunta do que este inexplicábel adiamento temporal supón para o avance da perda deste ben patrimonial colectivo único?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 11:46:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 27/01/2023 11:46:11

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 11:46:20





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Rio, Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A loita contra a violencia de xénero debe marcar a folia de ruta da acción política dos diferentes poderes públicos do noso país e da nosa Comunidade.

Neste sentido destaca o firme compromiso da Xunta de Galicia demostrado coa posta en marcha de diferentes medidas de detección, prevención e acompañamento, en ámbitos como o sanitario, económico ou laboral, entre outros, todas elas, encamiñadas a erradicar esta lacra social.

Un dos eixos fundamentais desta actuación é a procura da independencia económica das vítimas, xa que esta é clave para garantir que as mulleres en situación de violencia de xénero logren unha maior estabilidade persoal, social e laboral, podendo romper deste xeito co círculo da violencia.

Para impulsar á estabilidade económica destas mulleres, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ven artellando actuacións como as subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas (concellos, grupos de municipios, consorcios ou mancomunidades), no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Con que medidas conta o Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas e sen ánimo de lucro?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Paula Prado del Río na data 27/01/2023 11:39:37

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 11:41:12

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 11:41:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 11:42:08

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 11:42:12

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 11:44:05

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/01/2023 11:44:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 11:45:03





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A formación en materia de prevención de riscos laborais permite ás persoas traballadoras adquirir habilidades e competencias que favorecen comportamentos máis seguros no desempeño das distintas actividades laborais e contribúen ao fomento dunha maior cultura preventiva.

Con este obxectivo, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), promove diversas accións formativas en distintos ámbitos de actividade dirixidas a obter a capacitación en materia de prevención de riscos laborais.

Cómpre lembrar que a Lei de prevención de riscos laborais establece a obriga de proporcionar aos traballadores a formación suficiente e axeitada sobre os riscos que afectan aos seus postos de traballo.

Do mesmo xeito, a normativa vixente encomenda ás administracións públicas o desenvolvemento de accións de formación, información e divulgación que contribúan, xunto aos empresarios e traballadores, ao logro dos obxectivos de mellora progresiva das condicións de traballo

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que accións desenvolve o Issga (Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia) en cursos de prevención de riscos laborais ao abeiro do actual plan anual de formación?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Noelia Pérez López na data 27/01/2023 12:13:22

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 12:13:27

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 12:15:51

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 12:15:53

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 12:16:20

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 12:17:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 12:17:36



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A garantía da plena inclusión social das galegas e galegos é un deber de todos os poderes públicos, neste sentido, o acceso ao mercado laboral en igualdade de condicións establécese como un aspecto fundamental para acadala.

Por outra banda, o traballo de diferentes axentes sociais, como son as entidades do terceiro sector de acción social a prol da garantía da igualdade de oportunidades, é tan necesario e imprescindible como o levado a cabo polos poderes públicos.

Por ese motivo e conscientes da idoneidade da simbiose entre Administración e entidades sociais no relativo ás políticas activas de emprego, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publica cada ano unha orde de axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro.

O obxecto destas axudas de cooperación institucional é a contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia de xénero desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social, a fin de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

En conclusión, esta orde de axudas é un bo exemplo de como a colaboración da Xunta coas entidades sen ánimo de lucro, contribúe ao desenvolvemento e aproveitamento do potencial económico e social da Comunidade, así como favorece a creación de emprego mediante a prestación de servizos de interese xeral e social.



Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- A canto ascendeu o investimento de 2023 das axudas para o fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 12:22:09

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 12:22:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 12:22:47

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 12:23:19

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 12:23:20

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 12:23:50

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 12:23:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o aparcamento do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Clínico de Santiago de Compostela, inaugurado no ano 1999 non sen polémica, veu a substituír o antigo Hospital Xeral situado na rúa compostelá das Galeras. Cando van pouco máis de dúas décadas desde a súa posta en funcionamento, atopámonos actualmente ante un proxecto de ampliación deste centro que pretende incrementar a súa superficie nun 30%. Esta gran obra proxectada tan só 20 anos despois pode permitir ver que a análise e previsión das infraestruturas sanitarias puido non ser a máis axeitada.

Desde a inauguración deste Hospital Clínico, a contorna na que se sitúa presenta unha grave carencia de prazas de aparcamento dada unha deficiente planificación desde o comezo e que previsiblemente se agravará despois desta obra de ampliación do CHUS, sendo sufrido isto tanto polo persoal traballador do centro, coma por pacientes e acompañantes. Existe de xeito reiterado un problema de accesibilidade evidente, que provoca un caos no tráfico nas inmediacións do centro, especialmente notorio nas mañás laborables. Así se suceden problemas de retencións nas rúas de acceso ao CHUS, e nas inmediacións do centro repítense imaxes de vehículos estacionados en espazos verdes, beirarrúas ou outros puntos non habilitados para este fin. Estes estacionamentos irregulares, ademais de dificultar o tráfico dos demais vehículos, incluíndo autobuses





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

urbanos mais tamén o de ambulancias, tamén dificulta o tránsito peonil, sobre todo de persoas con mobilidade reducida ou que utilizan carros de bebé.

As únicas alternativas existentes a esta falta de aparcamento na actualidade son un aparcamento subterráneo privado, que ten as tarifas máis caras da cidade, e un aparcamento de superficie situado no barrio de Santa Marta. Cómpre ter presente que este centro sanitario presta asistencia, non só á comarca de Compostela, senón que a área sanitaria comprende a máis de 400.000 doentes do sur da provincia da Coruña e das comarcas de Tabeirós e o Deza, cunhas comunicacións en transporte colectivo claramente deficitarias e que non sempre se poden beneficiar das conexións existentes en transporte urbano.

A solicitude de ampliación e reordenación deste aparcamento xa ten sido suxeito de acordo do pleno municipal de Santiago de Compostela en varias ocasións.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– É consciente o goberno galego da situación de caos que se vive no entorno do CHUS por falta de prazas de aparcamento? Ten coñecemento do inconveniente que padecen traballadoras, pacientes e acompañantes para achegarse ao centro sanitario?

– Que valoración lle merece ao goberno esta falta de prazas de aparcamento?

– Que medidas se teñen tomado para solucionar esta carencia?

– Considera que a accesibilidade ao CHUS está garantida actualmente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Que opinión ten o goberno galego da redución do aparcamento que se vai dar unha vez se produza a ampliación do CHUS?

– Que medidas vai desenvolver para solucionar a falta de prazas de aparcamento que sofren traballadoras, pacientes e acompañantes no CHUS?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 27/01/2023 12:29:03

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2023 12:29:08

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2023 12:29:17





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade establece a obriga dos Estados Partes da salvagarda e promoción do exercicio do dereito ao traballo das persoas con discapacidade, adoptando as medidas pertinentes, incluída a promulgación da lexislación oportuna.

Neste sentido, o Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social recolle, no seu artigo 39 “Axudas á xeración de emprego das persoas con discapacidade”, o fomento do emprego das persoas con discapacidade mediante o establecemento de axudas que faciliten a súa inclusión laboral.

Atendendo a este deber legal xunto co compromiso de lograr unha sociedade á que todos contribuímos, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, publica cada ano unha orde de axudas para centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade a través de tres programas: programa I de axudas ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego; programa II de axudas á creación de postos de traballo estables para persoas con discapacidade, adaptación de postos e asistencia técnica nos centros especiais de emprego e programa III de axudas ao mantemento do custo salarial das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. A canto ascendeu o investimento en 2023 para o apoio á inclusión laboral das persoas con discapacidade a través dos Centros Especiais de Emprego?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 12:30:10

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 12:30:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 12:31:01

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 12:31:04

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 12:31:35

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 12:31:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 12:32:09





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A economía social constitúese como un modelo económico beneficioso para a sociedade e a contorna na que se enmarca este tipo de actividades empresariais.

Proba da importancia deste sistema é a resiliencia que demostraron as entidades circunscritas a este modelo, pois destrúen arredor dun 6% menos de emprego que o resto das organizacións e os datos sitúan o peso da actividade xerada pola economía social en Galicia na contorna do 7% do PIB.

Consciente da importancia da economía social, a Xunta de Galicia está a despreparar unha ambiciosa axenda a prol das entidades que a conforman a fin de garantir a súa viabilidade e potenciar os seus resultados.

Neste sentido, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no marco da Estratexia galega de economía social 2019-2021, impulsou a finais do 2021 o Bono Consolida e o programa Transforma Economía Social.

Dúas novas liñas de apoio para mellorar a competitividade e a recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional mediante fórmulas de economía social.

Concretamente, o Bono Consolida ten como finalidade o afianzamento de entidades de economía social mediante tres liñas de apoio que inciden na transformación dixital, na profesionalización e desenvolvemento estratéxico e na mellora da competitividade empresarial a través de investimentos comúns.

Por outra banda, o Bono Transforma Economía Social, impulsa a recuperación de negocios en crise ou sen opción a remuda xeracional mediante fórmulas de economía social, apoiando ás persoas traballadoras que decidan asumir a titularidade destes negocios mediante a creación dunha cooperativa ou dunha sociedade laboral, que lles permita manter os postos de traballo e a actividade económica.





En conclusión, é preciso continuar reforzando a Economía Social, xa que as empresas deste modelo son unha aposta segura de creación de emprego estable e de calidade, así como de vinculación co territorio.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Como apoia a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade á Economía Social en Galicia e que novidades presenta?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 12:35:31

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 12:35:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 12:36:18

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 12:36:20

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 12:39:38

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 12:39:41

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 12:40:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

As empresas de inserción laboral, empregan unha fórmula que combina a viabilidade económica empresarial con metodoloxías que fan posible a inserción laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

Polo tanto, estas iniciativas empresariais dan resposta a unha necesidade social esencial como é a inclusión sociolaboral da poboación galega ao tempo que executan unha obriga de servizo público na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sabedora da importancia destas iniciativas de economía social, a Xunta de Galicia mantén liñas de colaboración con estas empresas que, por unha banda fan posible o mantemento do seu funcionamento e por outra, favorecen a integración sociolaboral dun colectivo tan vulnerable como son as persoas en situación ou risco de exclusión social.

Neste sentido, destacan as axudas destinadas a apoiar a contratación de persoas desempregadas en situación ou en risco de exclusión social por parte das empresas de inserción laboral de Galicia.

Trátase, en concreto, dun programa destinado a financiar o custe salarial das persoas contratadas por estas empresas e a beneficiar a todas as empresas de inserción laboral rexistradas en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que orzamento destinou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a actividade das empresas de inserción laboral para promover o emprego de persoas en situación ou risco de exclusión social?





Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 12:46:38

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 12:48:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 12:48:01

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 12:48:27

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 12:48:30

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 12:49:00

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 12:49:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a urxente necesidade de incoar o expediente BIC para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ninguén pon en dúbida a singularidade e excepcionalidade do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada, abranguendo o ben inmóbel e mais os bens mobles que acubilla, así como todo o incalculábel valor inmaterial que o viu nacer e sustentar no tempo desde hai 50 anos.

O legado deste senlleiro museo representa o proxecto de recuperación da memoria histórica galega a través da recuperación do patrimonio artístico do exilio, converténdose, desde as achegas colectivas e dos seus propios promotores Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, no espello da renovación da arte contemporánea galega desde un proxecto museográfico pioneiro, aberto, activo, dialogado coa obra; un museo plenamente vivo.

A sociedade galega está a demandar actuacións urxentes para un museo que está a vivir na peor das contradicións políticas.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por unha banda, a sociedade alerta das deficiencias que presenta un museo destas características que está pechado desde 2016. Un edificio que ofrece unha situación de importante desgaste que tamén está a deteriorar parte da obra que acubilla.

Unha realidade tan obvia que o goberno galego só pode recoñecer e ratificar.

Pola outra, a sociedade está a demandar por diferentes vías que a Xunta de Galiza actúe de inmediato para protexer este legado en severo risco, dando cumprimento ao acordo parlamentario de incoar o expediente BIC para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside (decembro de 2010).

Unha demanda que tamén afirmou xa en 2018 o Consello da Cultura Galega, órgano consultivo de referencia da Xunta de Galiza, ao afirmar que “colección e edificio merecen a protección necesaria para garantir a súa permanencia e preservación indisolublemente unidos”. Un informe que conclúe manifestando que “tanto o edificio do Museo Carlos Maside como a Colección documental e pictórica que alberga merecen, pola súa natureza e carácter, a protección BIC”.

Con todo, incomprendiblemente, tres anos despois deste informe a Xunta de Galiza aínda non publicou no DOG a apertura do expediente de incoación BIC para o Museo Carlos Maside.

A maior demora da incoación do BIC, maior deterioro do museo e maior irresponsabilidade do goberno galego ante o que pode ser unha perda irreparable dun legado patrimonial cultural único, pois é coñecido que hai obras que xa non están no museo e que hai outras que xa acusaron o deterioro producido polas fortes humidades.

Nin se cumpriu co acordo parlamentario de 2010 nin se cumpriu co informe do Consello da Cultura Galega, tal e como evidenciou en Comisión 4ª a Directora xeral de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Patrimonio Cultural o pasado mes de febreiro ao aceptar que o procedemento estaba parado e á espera de novos informes.

Unha xustificación impropia, xa que a falta de novos informes non lle impide á Xunta de Galiza actuar incoando o BIC para primar a protección cautelar do ben.

Recentemente, o Secretario xeral de cultura avanzou a conclusión dun segundo inventario actualizado dos bens do museo, así como un proceso de estudo que está na fase final.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Que valoración fai o goberno do resultado deste novo inventario actualizado dos bens do museo?

. Que diferenzas achan a respecto do realizado anteriormente?

. Que estudos están a realizar? Con que fin?

. Ten recibido o goberno demandas sociais demandando a inmediata incoación do BIC para o Museo Carlos Maside? Que lles responderon?

. Por que o goberno non actúa de inmediato incoando o expediente BIC para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada para asegurar o inicio da súa protección á vista do importante deterioro que presenta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 12:54:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 12:54:45

Daniel Castro García na data 27/01/2023 12:54:56



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece, como competencia propia da nosa comunidade, a promoción do emprego.

Con este obxectivo, a Xunta de Galicia leva anos traballando para mellorar as condicións de empregabilidade das galegas e dos galegos, ao tempo que segue a impulsar medidas para fortalecer a súa inclusión social e laboral, especialmente entre aqueles colectivos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión social.

Para facer máis efectivo este mandato legal, o Goberno galego traballa cóbado con cóbado coas entidades locais a fin de ofrecer un apoio laboral de proximidade, especialmente para as persoas desempregadas.

Ao abeiro desta premisa, a Xunta de Galicia promove convocatorias periódicas de distintos programas para fomentar a contratación nos concellos galegos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. A canto ascende o investimento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2023 12:56:40
Nº Rexistro: 48497
Data envío: 27/01/2023 12:56:40.325

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 12:51:36

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 12:52:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 12:52:33

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 12:53:15

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 12:53:18

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/01/2023 12:54:27

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 12:54:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ksKLLHv9k-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o retorno ao ben público dos soares da Maestranza (A Coruña)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente está en tramitación polo Concello da Coruña o Estudo de detalle das parcelas 1 e 2 do Plan especial de reforma interior (PERI) da Maestranza (A Coruña).

Este Estudo de Detalle ten por obxecto a ordenación de volumes e de aliñacións dos dous soares mencionados como resultado dun proceso de reforma urbanística.

As orixes deste proceso sitúanse no Convenio urbanístico asinado entre o Concello da Coruña e o Ministerio de Defensa en 1984, continuado en posteriores instrumentos de planeamento como o Plan especial da Maestranza e o PERI da Cidade Vella.

Con todo, cómpre ten presente que, como verifican fontes documentais, estamos a falar de terreos inicialmente públicos, bens comunais, que remataron cedidos ao Estado con destino a uso militar, mais actualmente xa están desafectados deste uso.

Ao longo dos últimos anos, a través de acordos da corporación local coruñesa, de diferentes institucións e en reiteradas iniciativas e mobilizacións cidadáns, ficou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

explícita a demanda popular de reversión destes terreos ao dominio público local, con destino a usos dotacionais públicos, espazos libres e zonas verdes, así como da protección patrimonial das aínda conservadas murallas defensivas da Cidade Vella.

As demandas poden sintetizarse nos seguintes puntos:

1. Retorno dos terreos ao ben común e cesión gratuíta ao Concello da Coruña.
2. Modificación dos instrumentos de ordenación urbanística e de protección patrimonial para asegurar o uso público dos terreos e preservar a posta en valor patrimonial do sistema defensivo da Cidade Vella incoando o expediente BIC.

Con todo, na actualidade o INVIED procedeu a allear estes dous soares, impedindo a tan demandada cesión ao concello, non se anuláron os instrumentos de planeamento urbanístico previsto nin se activaron as fórmulas necesarias para protexer o sistema defensivo da Cidade Vella que fai parte da delimitación do ámbito de Estudo de Detalle.

Ao tempo, o Estudo de Detalle apenas fai mención, nin na Memoria xustificativa nin nos seus anexos, da presenza relevante dunha ben coñecida área de protección arqueolóxica nestes terreos situados enriba do sistema defensivo da cidade e que condiciona usos, edificabilidade e aproveitamento.

Unha omisión deliberada da debida análise patrimonial no Estudo de Detalle que xustifica a súa non aprobación, á vista da vulneración da normativa legal en materia de protección patrimonial, tal e como veñen de demostrar as alegacións rexistradas por diferentes entidades, colectivos e asociacións veciñais da cidade da Coruña, encamiñadas á Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión
4ª :

Que medidas vai adoptar o goberno para preservar a posta en valor patrimonial
do sistema defensivo da Cidade Vella?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 27/01/2023 12:59:44

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 12:59:48

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 12:59:57





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A promoción das condicións favorables para o progreso social e económico, así como a realización dunha política orientada ao pleno emprego, deben marcar a axenda dos poderes públicos, tal e como establece o artigo 40.1 da Constitución Española.

En consecuencia, e no marco das súas competencias, a Xunta de Galicia está a seguir unha folla de ruta que persegue a plena inclusión laboral de todas as galegas e galegos, con medidas específicas para aqueles colectivos como mulleres, persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social ou persoas mozas, todos eles colectivos que aínda se atopan con maiores trabas á hora de acceder ao mercado de traballo.

Galicia precisa contar con todos os seus activos para seguir medrando nas mellores condicións.

Así están en marcha, por exemplo, iniciativas como o programa Galicia Emprega, de apoio a formación e contratación de persoas pertencentes aos anteditos colectivos; os obradoiros de emprego, para persoas mozas; o programa Emega, para mulleres emprendedoras ou as axudas á creación e mantemento de emprego en empresas de inserción laboral e en centros especiais de emprego, para persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

Non obstante, tendo en conta a situación socioeconómica actual e as súas consecuencias directas no mercado de traballo, e á fin de dar resposta a quen atopa maiores dificultades, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade artellou un marco de actuación integral para impulsar e mellorar a inclusión laboral das galegas e galegos que máis o precisan a través do Plan Emprega Muller, do Plan Emprega Xuventude e do Plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social.





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que actuacións concretas compoñen os Plans Emprega da Consellería de Emprego e Igualdade?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 12:58:40

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 12:58:56

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 12:59:28

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 12:59:30

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 13:00:14

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 13:00:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 13:01:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre o papel do ensino galego como axente desgaleguizador.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Real Academia Galega acaba de publicar unha nova investigación sobre a situación da lingua galega entre a mocidade na que conclúe que a escola “é un medio hostil” para o galego e que exerce “un forte efecto desgaleguizador”.

Nesta investigación, denominada Mapa sociolingüístico escolar de Ames, participaron máis de 2.000 familias, 264 docentes e case 1.800 escolares e estudantes dos 20 centros educativos públicos e privados deste municipio, conclúese que: *“O acceso ao sistema educativo exerce un forte efecto desgaleguizador nos nenos e nenas desde as idades máis temperás, moito antes do constatado nos estudos realizados até o momento, centrados maioritariamente na adolescencia”.*

Do mesmo xeito, neste estudo, que supón o o primeiro deste tipo que abarca todas as etapas educativas e axentes da comunidade educativa chama tamén a atención sobre o papel do ensino na perda de falantes do galego con afirmacións como: ”na secundaria só o 11% do alumnado é galegofalante e outro 11% bilingüe, fronte a un 77% de falantes habituais de castelán, a maioría deles monolingües” ou que “os





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procesos de substitución lingüística cara ao castelán iníciáanse, pois, na infancia e consolídanse na adolescencia

Dende o BNG entendemos que este, como outros estudos require dunha resposta urxente do goberno galego para frear a perda de falantes de galego nun ámbito como é o do ensino que ten por lei a obriga de contribuír a recuperación do galego.

Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai o Goberno Galego modificar a lexislación lingüística no ensino para reverter a perda de falantes denunciada pola RAG e procurar un grande acordo pola lingua no ámbito educativo baseado na defensa, promoción e normalización do idioma galego no ensino?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 13:03:58

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 13:04:02

Daniel Castro García na data 27/01/2023 13:04:14





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Galicia dispón dunha ampla rede de técnicos de emprego que está especializada no impulso de novas actividades económicas no ámbito local e rural.

O Goberno galego está a potenciar o papel desta rede, financiando a contratación dos axentes, a través dunha convocatoria de axudas de carácter anual.

Este persoal xoga un cometido fundamental como motor do emprendemento e a creación de emprego, apoiando a constitución de pequenas e medianas empresas. En concreto, os axentes de emprego prestan asesoramento para axudar a emprendedores e empresas a desenvolver os seus proxectos no rural, contribuindo, deste xeito, a fixar poboación nestes concellos, un dos principais retos do Goberno.

Entre as funcións dos axentes de emprego destacan a identificación de novas actividades económicas e posibles emprendedores; a difusión dos recursos e oportunidades laborais entre as persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral; o apoio aos promotores de empresas, unha vez constituídas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento; e a implantación de políticas activas de emprego.

A rede distribúese fundamentalmente en concellos e entidades sen ánimo de lucro onde estes axentes prestan os seus servizos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do funcionamento desta rede de apoio ao emprego e ao emprendemento?





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2023 13:06:20
Nº Registro: 48504
Data envío: 27/01/2023 13:06:20.653

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 13:03:57

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 13:04:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 13:04:34

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 13:04:36

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 13:05:08

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 13:05:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 13:05:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ksKLLHv9k-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o desenvolvemento do Proxecto HUB Audiovisual da Industria Cultural por parte da AGADIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2020 a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos acolleu as comparencias do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, así como tamén do director da AGADIC.

En ambas as dúas intervencións os comparecentes fixeron mención dunha importante achega económica de 9,6 millóns de euros que esta consellaría destinaría aos obxectivos e funcións da AGADIC, procedentes dos fondos FEDER REACT da Unión Europea.

A falta de toda concreción naquela altura, o director da AGADIC apenas mencionara unha liña de traballo novidosa, definida como Proxecto HUB, asentada no obxectivo de “incrementar as capacidades das empresas galegas, a competitividade das empresas galegas, situar Galiza como un referente das industrias creativas”, e que se desenvolvería da man do sector, sempre desde o consenso con este.

O pasado 10 de setembro de 2021 o DOG publicaba a convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega, a primeira das convocatorias do seu fondo para a atracción de rodaxes, dotada con 2 millóns de euros.

O mesmo día en que o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade lles presentaba ás principais asociacións e empresas audiovisuais galegas as liñas mestras do Hub Audiovisual da Industria Cultural.

Para alén desta primeira convocatoria, o Conselleiro de Cultura anunciou, segundo nota de prensa do seu gabinete, “a posta en marcha da Galicia Film Comisión, as subvencións para o desenvolvemento de grupos de proxectos, o polo de talento do sector audiovisual, o plan creativo e empresarial para videoxogos e un fondo transversal para o conxunto da industria cultural son outras das principais iniciativas que serán desenvolvidas proximamente ao abeiro do Hub”.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Consensuou o goberno da Xunta con todas as partes protagonistas do sector audiovisual galego as convocatorias anunciadas vertebradas ao redor do HUB Audiovisual da Industria Cultural?

. Como foi o proceso de diálogo aberto e consenso que anunciaran en sede parlamentaria os responsábeis da Consellería de Cultura?

. Considera o goberno que a xa publicada convocatoria de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais responde ás características do tecido da maioría das produtoras galegas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende a Xunta que esta liña de axudas de concorrencia non competitiva é unha opción accesíbel á maioría das empresas galegas?

. Centrarse en falar de Galiza como plató para empresas foráneas, que espazo de traballo preserva para as empresas galegas que transmiten historias propias, na lingua propia e que están a ter grande recoñecemento? Que medidas extraordinarias e adicionais se van poñer en marcha para este tipo de proxectos?

. Cumpre esta convocatoria co fomento da diversidade que marca Europa para a execución dos fondos REACT?

. Permite esta convocatoria a viabilidade sustentábel do proxecto audiovisual galego no tempo?

. Publicamente falan de que esta liña de fomento de rodaxes se pon en funcionamento para competir cos incentivos fiscais doutras CCAA. Como esperan mantela cando rematen os fondos REACT?

. Como se vai desenvolver, con que orzamento e modelo de xestión a anunciada Galicia Film Comission?

. Que medidas adicionais se van tomar para alén desta primeira convocatoria cos 9,6 millóns de euros anunciados?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 27/01/2023 13:09:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 13:09:07

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 13:09:15





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A base dunha política económica e social xusta debe pasar por un emprego de calidade, xa que está demostrado que non hai mellor ferramenta para unha verdadeira inclusión social que o emprego.

Por ese motivo, faise necesario impulsar políticas orientadas á promoción do emprego que favorezan a inserción no mercado de traballo.

Neste sentido, nacen actuacións como as unidades formativas para persoas desempregadas da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, que xa van pola quinta convocatoria.

O obxecto deste programa é a concesión de axudas para o financiamento de accións formativas para o emprego en unidades formativas nas empresas con compromiso de contratación dirixidas, prioritariamente, ás persoas traballadoras desempregadas.

Esta iniciativa, coa que se financia o cen por cen da formación, ofrece unha segunda oportunidade ás persoas que están fora do mercado laboral ao tempo que atende as demandas do tecido empresarial galego, subministrándolle traballadores cunha maior cualificación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que accións, como as unidades formativas para persoas desempregadas, está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas traballadoras desempregadas?



Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 13:07:43

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 13:07:52

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 13:08:23

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 13:08:25

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 13:08:54

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 13:08:56

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 13:09:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** relativa á necesidade de estimular o consumo cultural desde a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise provocada pola COVID-19 afectou de forma evidente ao consumo cultural da poboación galega e os efectos pódense percibir en boa parte nos produtos culturais, tal e como vén de concluír un informe do Consello da Cultura Galega.

A realidade que nos deixa a pandemia é que en Galiza os hábitos de lectura de libros son os únicos que melloraron lixeiramente pola situación de crise. Pola contra, son maioría os produtos que acusaron un descenso, ás veces moi significativo, sendo as artes escénicas e os concertos de pago os máis prexudicados.

No primeiro caso, se antes da pandemia o 52,6% da poboación galega non asistía nunca ao teatro, ao ballet ou á ópera, agora esa porcentaxe sitúase no 83,8%. O 29,2% non acode por desconfianza na seguridade e un 27% por cambios na vida persoal. En total, pódese calcular que se perderon 732.000 espectadores de artes escénicas. Mais, entre os que, a pesar de todo, puideron ir a algunha representación, o gasto medio anual pasou de 89,6 € a 66,9 € e o descenso afectoulles en maior medida ás mulleres e aos maiores de 45 anos. A situación é similar nos concertos de pago. Se antes era un 43,5% da poboación galega a que non ía a este tipo de espectáculos, agora esta cifra sobe ata o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

80,7% e, entre os que foron, a maioría asistiu un par de veces en todo o ano. Extrapolado ao conxunto da poboación galega, supón unha perda de 863.000 espectadores. O 39,3% non vai pola falta de confianza na seguridade e o 28% por razóns persoais. Neste caso tamén lles afecta, en maior medida, ás mulleres e obsérvase unha maior probabilidade de deixar de acudir a este tipo de manifestacións culturais canto maior é a idade dos suxeitos.

A perda de espectadores de cine tamén se sitúa arredor do millón de persoas. Se antes eran case sete de cada dez persoas as que ían ao cine, dende que comezou a crise sanitaria ese número descendeu ata o 23,7% e as que asisten fano con menos frecuencia. De feito, o gasto neste tipo de espectáculos contraeuse un 94,3%. Neste caso tamén son as persoas de máis idade as que reduciron a súa presenza e o motivo principal para non acudir está relacionado coa falta de seguridade.

A baixada no consumo incrementábase coa idade das persoas. As razóns son principalmente económicas e cambios na situación persoal.

O 37,7% das persoas considera que o seu gasto cultural diminuíu bastante. Isto é máis evidente entre as persoas máis novas e as que mostran un maior interese pola cultura en xeral. A estimación que fai quen di que o seu consumo cultural se reduciu moito ou bastante sitúase nunha contracción media do 69,9%.

En contraste con este panorama, as expectativas pódense cualificar como positivas, de modo que tres de cada catro persoas en Galicia cren que volverán gastar en produtos culturais tanto ou máis que antes.

A poboación galega ten un interese pola cultura relativamente alto. Nunha escala de 1 a 10, a cultura en xeral suscita un interese de 7,9 e a cultura galega un pouco menos, 7,87. As mulleres teñen máis interese que os homes, sobre todo pola cultura galega. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cultura tamén suscita máis interese entre as persoas de mediana idade, de arredor de 40 anos, entre as persoas cun nivel educativo máis elevado e entre as que viven en contornos urbanos.

É por iso que, ademais do impulso do gasto público, dentro das medidas de estímulo do gasto privado, cómpre activar desde a Xunta de Galiza medidas que xa está a desenvolver noutros sectores económicos en forma de bonos de consumo orientados á cultura.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas ten previsto impulsar a Xunta de Galiza para reactivar a difusión e o consumo da cultura galega?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 13:12:50

Daniel Castro García na data 27/01/2023 13:12:54

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 13:13:06





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero establece entre os seus principais eixos de actuación a necesidade de intensificar a asistencia e protección dos menores e sinala que a “protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparellada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas a súa asistencia e protección coa implantación de novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero”.

Facendo propios os compromisos acadados no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Xunta de Galicia artellou indemnizacións económicas dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

Durante o pasado ano o Goberno autonómico concedeu indemnizacións a tres mulleres vítimas da violencia de xénero que resultaron gravemente feridas e a dous descendentes que quedaron orfos a causa desta lacra.

As contías ascenderon a 7.000 euros de indemnización e completáronse cunha asistencia integral a todos eles, no marco das medidas que a Comunidade brinda para apoiar a mulleres e aos menores na súa recuperación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. A canto ascende a última convocatoria das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero?





Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 27/01/2023 13:11:48

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 13:12:20

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 13:12:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 13:12:47

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 13:12:49

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 13:13:15

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/01/2023 13:13:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 13:13:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as medidas de conservación e mantemento a adoptar no edificio modernista “A Terraza” de Sada (A Coruña), declarado Ben de Interese Cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio “A Terraza” de Sada está considerado unha das obras máis destacadas do modernismo galego.

É unha construción de madeira do ano 1912, realizada orixinariamente na cidade da Coruña para ser utilizada como quiosco de bebidas nos céntricos xardíns de Méndez Núñez.

Constitúe unha peza moi representativa da “Art Nouveau” que se compón de dous andares, posteriormente substituída por edificios de formigón coñecidos hoxe co nome de Kiosco Alfonso. Polas súas características arquitectónicas e o seu alto valor histórico e patrimonial este edificio tan senlleiro foi declarado BIC por Decreto 16/2020 do 30 de xaneiro (DOG 124/02/2020).

Entre 1919 e 1920 este edificio, adquirido por un sadense, foi trasladado á praia urbana de Sada, onde aínda se mantén na actualidade, ubicándose nuns terreos de dominio público marítimo terrestre cedidos en concesión administrativa por Real Orde de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

20 de xullo de 1922 para ser destinado á “venta de refrescos y licores en la Playa de Sada”.

O edificio “A Terraza” sitúase hoxe en pleno paseo marítimo logo de que nos anos 80 se realizase un importante recheo que o alonxou da liña de praia. Como consecuencia dese recheo realizouse un novo deslinde, de modo que o actual trazado da costa quedado rexistrado na Orden Ministerial de deslinde de 7 de febreiro de 2017.

O 25 de maio de 2017 os herdeiros do concesionario orixinario solicitaron prórroga da concesión administrativa que foi denegada o 11 de febreiro de 2021 pola Dirección General de la Costa y el Mar. Na resolución arguméntase que existe un prazo máximo de duración das concesións, incluídas as prórrogas, que non pode superarse, de 75 anos, polo que a concesión do edificio d’A Terraza xa tería superado o prazo máximo permitido que impide unha nova prórroga.

Con todo, desde a Dirección General proponse que, dado o alto valor das instalacións declaradas como Ben de Interese Cultural, se manteñan as instalacións.

Unha vez revertida a concesión, tanto a construción como os terreos sobre os que se asenta, son propiedade do Estado, polo que entraría dentro das súas obrigas a restauración e mantemento do BIC en condicións adecuadas á súa catalogación .

Asemade, o Estado debería valorar a posibilidade de negociar co Concello de Sada a súa posterior cesión, así como un convenio que asegure usos públicos compatíbeis coa súa conservación, usos que están definidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal e que o cualifican como equipamento público sociocultural dentro do Sistema Xeral de Equipamentos (SXEsc.06-09).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión 4ª:

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza da resolución ditada pola Dirección General de la Costa y el Mar do 11 de febreiro de 2021?

- Como valora a Xunta o actual estado de conservación do edificio modernista coñecido como A Terraza?

- Considera o goberno que está a cumprir coas obrigas que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza, en relación co deber de conservación deste inmovible declarado BIC?

- Mantén o goberno galego contacto co Ministerio para garantir o adecuado mantemento deste edificio coñecido como A Terraza, declarado BIC pola Xunta, conforme a Lei de patrimonio cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2023 13:17:44

Daniel Castro García na data 27/01/2023 13:17:48

Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2023 13:17:59





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Galicia conta con máis afiliacións e con menos persoas en paro con respecto a hai un ano, segundo reflicten os datos correspondentes ao mes de agosto publicados polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Estes datos dan conta da boa evolución do mercado laboral galego e da súa fortaleza, debidas, en parte, ás numerosas actuacións a prol do emprego impulsadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito das súas competencias.

Entre esas medidas destacan, entre outras, os Plans Emprega Muller, Xuventude e discapacidade-Exclusión Social, orientados a aqueles colectivos máis sensibles ás oscilacións do mercado de traballo ou o Plan galego de Formación para o Emprego, que en 2022 reforzouse cun 77% máis de investimento, ata chegar aos 117 millóns de euros, para seguir impulsando unha formación dual e flexible, axustada ás necesidades do tecido produtivo.

No marco deste último programa, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publica a convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas.

Unha iniciativa que busca potenciar a realización de accións formativas relacionadas con sectores estratéxicos, que teñan carácter emerxente ou que ofrezan un maior potencial na creación de emprego, que mellore a empregabilidade da cidadanía á vez que contribúen a adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do tecido produtivo, para favorecer a súa competitividade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o balance dos últimos 4 anos das unidades formativas das empresas?





2.- A canto ascende a última convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas? En cantas accións formativas prevé concretarse?

3.- A cantas persoas en situación de desemprego se prevé beneficiar? Cales serían os colectivos de atención prioritaria?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 13:22:03

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 13:22:46

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 13:22:48

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 13:23:16

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 13:23:19

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 13:24:48

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 13:24:49





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A formación para o emprego é un factor determinante para fomentar a empregabilidade das persoas, pero tamén é un elemento fundamental para as empresas, pois está demostrado que un capital humano capacitado reforza a produtividade e competitividade das mesmas.

Neste sentido e consciente do éxito do binomio entre formación e empregabilidade, Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, desenvolve iniciativas tan esenciais como son os programas integrados de emprego.

Unha medida altamente demandada. Así, o DOG do 23 de maio publicaba a ORDE do 4 de maio de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia.

Esta Orde ten por obxecto a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego a través de programas integrados de emprego con accións de: intermediación laboral, que incidan na información orientación e asesoramento; formación; técnicas de motivación para a busca de emprego; obradoiros de entrevista; fomento da capacidade emprendedora; prospección empresarial; emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes; prácticas profesionais non laborais en empresas, en consonancia e preferentemente, co contido teórico práctico das accións formativas; e obradoiros sobre mobilidade laboral.

Polo tanto, trátase dunha iniciativa que proporciona numerosas ferramentas e habilidades ás persoas desempregadas da nosa Comunidade e que, ao igual que outras políticas de emprego de Galicia, ten como destinatarias prioritarias ás mulleres, ás persoas en risco de exclusión social, ás vítimas de violencia de xénero, aos menores de 30 anos, aos maiores de 45, ás persoas con discapacidade ou ás persoas inmigrantes



Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é o balance desde 2009 dos programas integrados de emprego? Especificamente, cantas persoas participaron nos mesmos?
2. A canto ascende a última convocatoria das subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia? En cantos programas prevé materializarse? A cantos concellos e mancomunidades chegará? E a cantas entidades sociais?
3. Esta última convocatoria a cantas persoas en situación de desemprego prevé beneficiar?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 13:29:22

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 13:30:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 13:30:28

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 13:30:56

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 13:31:42

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/01/2023 13:32:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 13:32:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre os malos datos de dixitalización que mostra Galiza no informe do Foro Económico de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a pandemia os e as galegas fixéronse moito máis conscientes da necesidade de termos unha sociedade dixitalizada, tanto en termos individuais como en termos empresariais. O dereito a estar na sociedade da información, a poder empregar a administración virtual ou o acceso a calquera tipo de contido, sumado a que as nosas empresas teñan a mellor conectividade posible é algo vital para que o noso país avance e teña oportunidade de competir co resto de países do mundo.

Pola contra, e despois de moitos anos denunciando o baixo nivel de conectividade e de dixitalización que tiña o noso país, volvemos ver unha vez máis, neste caso a través do informe do Foro Económico de Galicia que o noso país segue a mostrar uns datos moi negativos.

Segundo o informe, Galiza sitúase como a Comunidade Autónoma con menor grao de dixitalización, presentando un nivel baixo de dixitalización en dez dos dezaseis indicadores considerados no mesmo.

Dun xeito máis concreto, podemos ver como tan só os indicadores relativos á cobertura 5G, ás empresas con acceso de banda larga fixa con velocidade igual ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

superior a 1 Gb/seg, á porcentaxe de mulleres especialistas TIC, ás empresas que empregan medios sociais, ás persoas que mercaron por Internet e ás empresas que analizaron Big Data presentan un valor medio.

Pola contra, Galiza sitúase entre as CC.AA. que adoecen de menor conectividade e cun uso das ferramentas TIC máis reducido, dous aspectos que por suposto teñen unha absoluta relevancia.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Cal é a postura da Xunta de Galiza a respecto destes datos?
- Ten pensado a Xunta de Galiza algún tipo de actuación para mellorar os datos de conectividade e dixitalización en Galiza?
- Vai a Xunta de Galiza reclamar as competencias necesarias para poder mellorar a conectividade no noso país directamente desde o goberno galego?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 27/01/2023 13:56:19

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/01/2023 13:56:35





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Galicia dispón dunha ampla rede de técnicos de emprego que está especializada no impulso de novas actividades económicas no ámbito local e rural. O Goberno galego está a potenciar o papel desta rede, financiando a contratación dos axentes, a través dunha convocatoria de axudas de carácter anual.

Este persoal xoga un cometido fundamental como motor do emprendemento e a creación de emprego, apoiando a constitución de pequenas e medianas empresas. En concreto, os axentes de emprego prestan asesoramento para axudar a emprendedores e empresas a desenvolver os seus proxectos no rural, contribuíndo, deste xeito, a fixar poboación nestes concellos, un dos principais retos do Goberno.

Entre as funcións dos axentes de emprego destacan a identificación de novas actividades económicas e posibles emprendedores; a difusión dos recursos e oportunidades laborais entre as persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral; o apoio aos promotores de empresas, unha vez constituídas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento; e a implantación de políticas activas de emprego.

A rede distribúese fundamentalmente en concellos e entidades sen ánimo de lucro onde estes axentes prestan os seus servizos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as características principais da nova convocatoria de axudas para a contratación de axentes para o emprendemento e a creación de emprego?
2. Que criterios ten en conta a Xunta de Galicia para resolvela?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia do funcionamento desta rede de apoio ao emprego e ao emprendemento?





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2023 16:30:00
Nº Registro: 48526
Data envío: 27/01/2023 14:09:51.543

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 13:59:40

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 14:01:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 14:01:35

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 14:02:08

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 14:02:49

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 14:03:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 14:03:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ksKLLHv9k-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as cales se atopan, por unha banda, medidas dirixidas a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, as relativas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, corresponde á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Así, na execución desta responsabilidade, este Departamento vén desenvolvendo actuacións como a publicación dunha nova convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro.

Uns programas de cooperación institucionais que están destinados ao financiamento de accións de fomento de emprego a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia de xénero desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social, brindándolles, así, unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral que redunda na mellora da súa empregabilidade e que facilita a súa inserción no mercado de traballo, canalizando a práctica laboral adquirida cara a ocupacións que faciliten unha maior estabilidade no emprego.

Ademais, hai que ter en conta que as actividades que se prestan están dirixidas a desenvolver ou fomentar accións específicas para a inclusión das persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, servizos comunitarios, igualdade, maiores, familia, infancia, menores ou mulleres.

Polo tanto, as contratacións concéntranse nun sector potencialmente xerador de emprego como é o dos servizos sociais, cada vez máis demandados pola sociedade e que precisan de profesionais con experiencia para cubrir as necesidades cada vez maiores neste ámbito.





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 13:34:22

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 13:35:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 13:37:09

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 13:38:23

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 13:39:26

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 13:40:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 13:40:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Os gabinetes técnicos especializados en igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial de organizacións empresariais e sindicais, desenvolven accións directas con empresas e persoas traballadoras que perseguen a eliminación das desigualdades entre mulleres e homes no ámbito do traballo.

Ademais, a través destes gabinetes, promóvese a igualdade laboral en eidos como o da negociación colectiva, os procesos de selección e contratación, a clasificación profesional, a formación, a promoción profesional, as condicións de traballo e o exercicio corresponsable da vida persoal, familiar e laboral.

Tamén, loitan contra a infrarrepresentación feminina en determinados sectores, a fenda salarial e o acoso en todas as súas manifestacións. Polo tanto, estes instrumentos tórnanse fundamentais na consecución da tan ansiada igualdade laboral.

En consecuencia, a Xunta de Galicia ten artellado axudas á creación e funcionamento destes gabinetes técnicos, á fin non só de axudar ao desenvolvemento de medidas como as anteditas, senón tamén para apoiar ás empresas na definición e desenvolvemento dos plans de igualdade, ou a despreparar un traballo de diagnose permanente neste senso, entre outras actuacións.

Polo tanto, o obxectivo último destas axudas é o fornecemento da igualdade de xénero no mercado laboral, pero tamén en definitiva, no avance da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Cal é a dotación orzamentaria e o número de entidades beneficiarias das axudas destinadas á creación ou funcionamento de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 27/01/2023 13:42:48

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 13:43:36

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 13:44:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 13:45:46

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 13:46:30

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 13:46:59

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/01/2023 13:47:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 13:48:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Cristina Sanz Arias, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez, Paula Prado del Rio, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A cidade de Lugo conta con tres pisos de acollida para vítimas de violencia de xénero impulsados, no seu día, polo Goberno municipal do Partido Popular en colaboración coa Xunta de Galicia.

Este espazos son recursos residencias especializados e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación a estas mulleres e ás e aos menores ao seu cargo, que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causado pola violencia de xénero.

A prestación deste servizo municipal debe cumprir unha serie de obrigas e garantías previstas no convenio vixente entre o Concello de Lugo e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Protocolo de acceso á Rede galega de Acollemento para mulleres que sofren esta situación de violencia.

Usuarias destas instalacións trasladan a súa preocupación polo incumprimento dalgunha destas condicións de funcionamento, en particular este verán, debido á falta de cobertura das carteleiras nas quendas de noite e, incluso nalgunhas tardes, nas que non dispoñían de persoal de garda. A normativa vixente contempla a necesidade de garantir atención presencial nas quendas de mañá (8.00 a 15.00 horas) e nas quendas de tarde (15.00 a 22.00 horas) así como de atención localizada telefónica durante ás noites. Tamén existen denuncias dirixidas ao Concello porque non se están a cubrir as baixas ou vacacións do persoal municipal asignado a este servizo, froito dos recortes que o bipartito municipal está a acometer no persoal de servizos sociais e benestar, onde eliminan prazas, como recentemente aconteceu coa supresión da traballadora de familia.

Pero esta non é a única deficiencia denunciada polas usuarias e os traballadores do servizo. De feito son habituais os problemas derivados da falta de mantemento nos tres





pisos de acollida, por exemplo no funcionamento das caldeiras, dos que xa ten coñecemento o Goberno local desde hai tempo sen ofrecer ningunha solución. Cómpre lamentar, en consecuencia a falta de interese e desleixo do Goberno bipartito de Lugo (PSdeG-BNG) por manter en condicións os pisos de acollida que reciben ás vítimas de violencia de xénero. Non parecen as mellores condicións para favorecer a normalización da situación persoal destas mulleres, da súa unidade familiar e da superación dos efectos da violencia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- En que situación se atopa o cumprimento das obrigas establecidas no convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Concello de Lugo para o mantemento dos centros municipais de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 27/01/2023 13:49:17

Ramón Carballo Páez na data 27/01/2023 13:50:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/01/2023 13:50:59

Raquel Arias Rodríguez na data 27/01/2023 13:52:16

Cristina Sanz Arias na data 27/01/2023 13:53:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Sandra Vázquez Domínguez na data 27/01/2023 13:53:42

Daniel Vega Pérez na data 27/01/2023 13:54:18

Paula Prado del Río na data 27/01/2023 13:54:55

María Corina Porro Martínez na data 27/01/2023 13:55:20

Noelia Pérez López na data 27/01/2023 13:55:50

López Sánchez, Rosalía na data 27/01/2023 13:56:27

José Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2023 13:56:50

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/01/2023 13:57:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/01/2023 13:57:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o impulso por parte da Xunta de Galiza de medidas dirixidas a previr e intervir fronte agresións sexuais en distintos sectores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o caso da violación cometida, presuntamente, polo futbolista Dani Alves, puxo en evidencia o correcto funcionamento do protocolo fronte agresións sexuais aprobado pola patronal do ocio nocturno en Barcelona. Unha ferramenta aprobada en 2018 que foi fundamental para garantir a protección e a correcta atención da vítima ademais de contribuír á investigación policial.

Ademais dos pasos a seguir cando se detecta ou denuncia un caso de abuso ou agresión sexual, o protocolo barcelonés inclúe formación específica para o persoal dos locais.

Porén, Galiza non conta cunha ferramenta destas características nin no ocio nocturno nin noutros sectores de lecer.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que valoración fai a Xunta de Galiza de que non exista un protocolo de prevención e intervención fronte á agresións ou abusos sexuais no ocio nocturno galego?

- Cre que sería positivo poñelo en marcha?

- Adoptou ou pensa adoptar algunha medida a Xunta de Galiza ao respecto?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2023 10:58:17

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2023 10:58:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta deulle a luz verde ambiental á tramitación de 8 polígonos industriais eólicos promovidos por Naturgy, que suman 210 MW. Nestes 8 polígonos inclúense os que corresponden aos parques eólicos Porto Vidros e Campo das Rosas, que afectan ao territorio e á veciñanza de Cerdedo Cotobade, A Estrada e Campo Lameiro.

Máis alá da propaganda verde dos gobernos, estes proxectos non son de transición enerxética: responden unicamente á voracidade das empresas e á súa ansia de facer negocio sacrificando o noso territorio.

-Desenvólvense nunha zona xa saturada e que xa contribúe sobradamente á loita contra o cambio climático xa que na contorna hai máis de 250 aeroxeradores instalados, incluíndo os do Cando e Candán en Rede Natura.

-Debido á acumulación de proxectos, ás dimensións dos aeroxeradores e á ubicación nos arredores dos núcleos, teñen un impacto elevado no medio natural, no patrimonio cultural, nos recursos hídricos, na paisaxe, no valor das terras, nas actividades propias do territorio e na saúde das persoas.

-O propio contido da Declaración de Impacto Ambiental (DIA) pon de relevo os impactos en hábitats protexidos, incluíndo o hábitat prioritario das breixeiras húmidas



atlánticas (4020*), que é fundamental na regulación do ciclo hidrolóxico, na preservación da biodiversidade e na loita contra o cambio climático. Tamén se rexistran outros ecosistemas considerados de interese comunitario (na DIA caracterízanse erroneamente como non prioritarios) como brexeiras secas europeas (4030) e brexeiras oromediterráneas endémicas con aliada (4090). E faise referencia a humidais e brañas que deberían ser inventariadas e protexidas (cítase expresamente unha situada a 30 m do acceso proxectado a un aeroxerador). A destrución, a degradación ou a alteración destes hábitats coas obras de construción do parque podería constituír un grave atentado ambiental, ademais de vulnerar a directiva comunitaria que protexe estes espazos (Directiva 92/43/1992 sobre a conservación dos hábitats naturais e da flora e da fauna silvestre)..

-A zona na que se pretenden implantar estes polígonos industriais eólicos está inzada de bens patrimoniais, moitos deles descoñecidos até fai pouco tempo e que na súa maior parte foron descubertos e catalogados polo labor do colectivo Capitán Gosende. Entendemos que constitúe un atentado contra o patrimonio cultural que se pretenda implantar un parque eólico enriba dunha área de tal riqueza arqueolóxica.

-A DIA tamén salienta o impacto visual e paisaxístico dos proxectos e propón curiosas medidas para mitigalo como a plantación de pantallas vexetais por parte da veciñanza.

-O proxecto Campo das Rosas, con 6 aeroxeradores e 27,6MW de potencia (e tamén en menor medida Porto Vidros) , incide negativamente no hábitat dos cabalos salvaxes e na rota de baixada das bestas, e polo tanto nunha festa declarada de interese turístico internacional como é a Rapa das Bestas de Sabucedo, declarada de Interese Turístico Internacional. Todo isto a pesar dun primeiro informe da Axencia de Turismo de Galicia que facía referencia a un impacto global significativo tanto na fase de construción como na de explotación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-As declaracións de impacto ambiental favorábeis son absolutamente arbitrarias, e están cheas de erros e de irregularidades. Unha das máis notorias é o feito de que se evacúen informes de departamentos da Xunta que están referidos a versións iniciais dos proxectos e que non teñen en conta as numerosas modificacións dos mesmos. Por outra parte, existen numerosas contradicións entre os criterios empregados nestas e noutras DIA, por exemplo no referente á protección de especies ameazadas – como é o caso do lobo e do *circus pygardus*- ou no referente á conservación de construcións en pedra seca, declaradas patrimonio cultural da humanidade. Estas afeccións, que noutros casos foron argumentos para emitir DIA desfavorábeis, neste caso son obviados ou minimizados.

-Estamos diante dunha fragmentación “de libro”, coa tramitación por separado de dous proxectos da mesma empresa, que comparten subestación e liña de evacuación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta aprobar os proxectos Porto Vidros e Campo das Rosas, promovidos por Naturgy, aínda sendo coñecedores que se trata dun exemplo evidente de fragmentación fraudulenta?

Ten intención o goberno galego de revisar a Declaración de Impacto Ambiental dos parques Porto Vidros e Campo das Rosas, analizando todos os impactos sinérxicos e acumulativos dos dous proxectos, avaliando correctamente o conxunto da documentación presentada, corrixindo todos os erros e utilizando criterios acordes cos empregados noutras DIA?

Vai a Xunta encargar un informe independente sobre o impacto dos parques Porto Vidros e Campo das Rosas en hábitats protexidos, con referencia específica á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incidencia no ecosistema do cabalo salvaxe e na celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo?

Vai a Xunta reclamar que Naturgy cumpra os compromisos derivados da adxudicación de MW do concurso eólico de 2010?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2023 13:20:12

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2023 13:20:16

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2023 13:20:49



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta RodríguezVispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A actividade do terceiro sector de acción social, das súas organizacións e das persoas que o compoñen, nace do compromiso cos dereitos humanos e descansa nos valores da solidariedade, igualdade de oportunidades, inclusión e participación; xogando, polo tanto, un papel fundamental na nosa sociedade e que precisa e é de xustiza que reciba o apoio dos poderes públicos.

Neste sentido, existen diferentes mecanismos de colaboración e cooperación, como as subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), que pretenden favorecer o labor das entidades sociais e reverter positivamente no conxunto da sociedade, a través da loita contra situacións de desigualdade e de exclusión social.

Concretamente, no ámbito autonómico, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pon en marcha programas, ao abeiro das anteriores subvencións, dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, mediante a colaboración coas entidades sociais da nosa Comunidade.



Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que balance fai a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade dos resultados das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF?
2. Que iniciativas concretas a prol da igualdade e contra a violencia de xénero posibilitou poñer en marcha no marco destas axudas? Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 30/01/2023 13:28:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/01/2023 13:28:38

López Sánchez, Rosalía na data 30/01/2023 13:28:55

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 30/01/2023 13:29:05

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/01/2023 13:29:17

Noelia Pérez López na data 30/01/2023 13:29:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Corina Porro Martínez na data 30/01/2023 13:30:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ksKLLHv9k-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta RodríguezVispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A loita contra a violencia de xénero debe ser un compromiso común de todas as administracións, institucións e entidades, públicas ou privadas, en definitiva, do conxunto da cidadanía, pois na súa eliminación radica a clave dunha sociedade libre, xusta e igualitaria. En consecuencia, e entre outras accións de cooperación e colaboración, a Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, promove xa desde 2012, a Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero.

Unha ferramenta que persegue o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando á poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real para rematar con esta lacra. Así, ten como principais obxectivos promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco, mobilizando a toda a sociedade fronte ao maltrato e xeneralizando a tolerancia cero contra as persoas agresoras.

No marco desta Rede, naceron as Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, instrumentos operativos nos que están representados todos os ámbitos municipais implicados, directa ou indirectamente nesta loita, co obxecto de procurar unha maior eficiencia da resposta desde o territorio e con proximidade ante a grave vulneración de dereitos que supón a violencia de xénero.

Os fins específicos destas Mesas, ademais da promoción no ámbito municipal de políticas e actuacións para a erradicación da violencia de xénero, son: mellorar a identificación temperá de casos de violencia de xénero, optimizar a coordinación dos axentes implicados na loita contra a violencia de xénero, ofrecerlles unha atención e unha resposta áxil ás vítimas, mellorar a protección daquelas que presenten alto risco e informar e sensibilizar na materia tanto aos profesionais como á poboación en xeral.





Son, polo tanto, un mecanismo útil que permite coordinar as medidas e recursos á disposición e as diferentes áreas e departamentos implicados na prevención e tratamento das situacións de

violencia de xénero no territorio, como son os concellos, as forzas e corpos de seguridade, os axentes xudiciais ou os profesionais do ámbito sanitario ou educativo, entre outros.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Como se constitúen e como funcionan as Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero?
2. Cal é a evolución das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero? e ¿cal é a situación actual das mesmas?
3. En que aspectos se ten detectado que hai marxe de mellora?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 30/01/2023 13:49:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Noelia Pérez López na data 30/01/2023 13:50:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/01/2023 13:50:16

López Sánchez, Rosalía na data 30/01/2023 13:50:45

María Corina Porro Martínez na data 30/01/2023 13:50:58

José Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2023 13:51:15

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/01/2023 13:51:58

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 30/01/2023 13:52:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Xosé Luis Rivas Cruz, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a rehabilitación e posta en funcionamento dun centro de transformación agropecuaria e viveiro de empresas no antigo edificio do LIGAL en Bos (Bergondo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2009 o LIGAL (Laboratorio Galego de Análise do Leite) trasladou a súa actividade a Mabegondo (Abegondo) e comezou o particular “viacrucis” da súa anterior sede, localizada na parroquia de Bos, no concello de Bergondo.

O peche destas instalacións condenou este inmovible ao deterioro derivado da inacción da Xunta de Galiza, titular do mesmo, que do único que foi capaz foi de anunciar a cesión de uso ao Consorcio das Mariñas no ano 2015, que nunca chegou a materializarse.

O inmovible do antigo LIGAL presenta riscos derivados da falta de mantemento e vandalismo continuado que se agravan co paso do tempo, mais o seu tamaño e a súa privilexiada localización (próximo ao enlace da AP-9 en Guísamo e Sta. Marta de Babío, encadrado entre a N-VI e o polígono industrial de Bergondo), fan que este complexo teña unhas enormes potencialidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A recuperación do antigo edificio do LIGAL permitiría, en primeiro lugar, darlle un uso proactivo focado na axuda ás persoas que queiran comezar a súa actividade como pequena empresa ou autónomos a través da creación dun viveiro de empresas.

O proxecto do viveiro de empresas veríase complementado con un centro de transformación da produción agropecuaria, servizo do que carece completamente a comarca das Mariñas e arredores, onde si hai un sector produtivo importante. Este centro axudaría aos produtores de horta, carne ou lácteos, a dar valor engadido aos seus produtos, e polo tanto, tamén na comercialización e contribuiría a manter e crear emprego vinculado ao sector primario, axudando a fixar poboación na comarca.

No mes de xaneiro do 2020, o pleno da corporación municipal de Bergondo aprobou por unanimidade unha iniciativa que instaba ao goberno galego a asumir as súas competencias en relación con este inmovible no que se situaba o antigo LIGAL, en materia de conservación e seguridade xa demandadas por este concello, e proceder á súa rehabilitación integral para o posterior uso e habilitación como un viveiro de empresas e centro de transformación agropecuaria; unha vez realizadas todas estas actuacións, cedelo a unha entidade comarcal xestora, como por exemplo o GDR Mariñas-Betanzos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Ten o goberno galego algunha proposta de uso para o antigo edificio do LIGAL?
2. Considera o goberno galego a necesidade de rehabilitación e posta en funcionamento dun centro de transformación agropecuaria e viveiro de empresas no antigo edificio do LIGAL en Bos para o impulso da actividade económica de Bergondo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/01/2023 13:52:18

Mercedes Queixas Zas na data 30/01/2023 13:52:22



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta RodríguezVispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A perspectiva de xénero no ámbito laboral é imprescindible para afrontar os obstáculos e desafíos que aínda persisten para as mulleres e tamén para acadar o óptimo desenvolvemento social e económico da Comunidade. Por iso, e porque é un imperativo legal, hai que fomentar, formar e sensibilizar en igualdade laboral á cidadanía e profesionais, que non é outra cousa que a práctica das mesmas condicións de traballo para todas as persoas traballadoras sen importar o seu xénero, estado civil, relixión ou ideoloxía política, entre moitos outros.

A Xunta de Galicia leva anos traballando por políticas activas de emprego que promovan unha contratación de calidade para as mulleres, con especial atención nos sectores onde están infrarrepresentadas; impulsando o emprendemento feminino; defendendo a equiparación retributiva e o fin das discriminacións laborais por razón de xénero, con medidas que favorezan a igualdade de oportunidades e a evolución profesional das mulleres, ou impulsando a conciliación e a corresponsabilidade.

Á fin de que as empresas podan facer unha autoavaliación en igualdade laboral, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais, puxo en marcha unha ferramenta para dar resposta ao novo contexto normativo e a demanda empresarial, dos axentes sociais e das entidades públicas e privadas, que lles permita avanzar en igualdade no seo das súas organizacións.

O obxectivo é dotar ás empresas de Galicia dun instrumento gratuíto, moderno e de calidade que lles permita avaliar de xeito periódico o seu nivel de madurez e impacto en relación coa igualdade de xénero, así como coñecer a súa situación comparativa





respecto a outras organizacións con diferentes niveis de madurez, recursos ou actividade.

Neste contexto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

– Que avaliación fai a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade desta ferramenta de autodiagnose para avanzar na Igualdade?

-Cantas empresas teñen empregado esta ferramenta para avanzar na Igualdade desde a súa implantación?

– Que outras actuacións novidosas ten desenvolto dita Consellería neste ámbito da igualdade?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 30/01/2023 13:58:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Corina Porro Martínez na data 30/01/2023 13:59:00

Noelia Pérez López na data 30/01/2023 13:59:21

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 30/01/2023 13:59:38

López Sánchez, Rosalía na data 30/01/2023 13:59:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/01/2023 14:00:17

José Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2023 14:00:40

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/01/2023 14:01:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta RodríguezVispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A garantía dos mesmos dereitos a todas as persoas, con independencia da súa orientación sexual e identidade de xénero, basease en dous principios fundamentais que sustentan as normas internacionais de dereitos humanos: a igualdade e a non discriminación.

De feito, a Declaración Universal de Dereitos Humanos recolle, no seu inicio, a premisa que sustenta esta afirmación: “Todos os seres nacen libres e iguais en dignidade e dereitos”. A pesares dos avances acaecidos neste sentido nos últimos anos, é preciso recoñecer que aínda hoxe hai condutas e actitudes homofóbicas e transfóbicas arraigadas na sociedade que expoñen a moitas persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e intersexuais, tamén no ámbito laboral.

Recoñecendo esta situación, a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, está a poñer en marcha numerosas medidas para dar resposta aos retos existentes, á fin de garantir unha igualdade real e efectiva para todas as persoas, sen excepcións.

No caso concreto do colectivo LGTBI, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a realizar un estudo específico sobre a súa situación laboral que ten como obxectivo coñecer a súa realidade nos centros de traballo para valorar a posta en marcha de novas medidas de loita contra calquera tipo de discriminación no ámbito laboral.

Por todo isto, os deputados e deputadas formulan as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

- En que situación se atopa o estudo específico sobre a situación laboral do colectivo LGTBI e cando se prevé a súa publicación?
- Cantas organizacións e entidades, e de que ámbitos, están participando no mesmo?





Santiago de Compostela, 30 de xaneiro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 30/01/2023 14:18:01

López Sánchez, Rosalía na data 30/01/2023 14:18:21

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 30/01/2023 14:18:41

José Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2023 14:18:56

María Corina Porro Martínez na data 30/01/2023 14:19:14

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/01/2023 14:19:51

Noelia Pérez López na data 30/01/2023 14:20:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/01/2023 14:20:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Jose Manuel Balseiro Orol, Daniel Vega Pérez, María Elena Candia López, María Sol Díaz Mouteira, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez, María Belén Salido Maroño, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Na noite do 20 de xaneiro de 2023 o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ordenou peche á circulación, con carácter de urxencia, da estrada N-642, a principal infraestrutura viaria que vertebra os concellos do litoral da Mariña lucense. A razón, un alarmante socavón no firme -vinculado a unha gran acumulación de auga nun punto contiguo á altura da praia da Areoura, no treito comprendido entre as localidades de Burela e Cangas de Foz (entre os p.q. 41 e 44)

Nun primeiro momento habilitouse un itinerario alternativo á estrada cortada que obrigaba a dar un rodeo de arredor de 68 quilómetros ao que había que engadirlle un tempo de percorrido de máis dunha hora, co consecuente impacto a nivel económico e social. Xa o pasado domingo autorizouse o paso ao tráfico polo un carril de circulación contiguo á zona do socavón, que evita a alternativa empregada con anterioridade, pero que tamén provoca importantes retencións e obriga a circular por ese espazo con especial precaución.

A pesar de ser unha estrada de titularidade estatal, a Xunta de Galicia amosou a súa disposición de colaborar co Ministerio. De feito, apoiou as medidas dirixidas ao restablecemento da circulación e achegou medios técnicos da Axencia Galega de Emerxencias para colaborar co alivio da presión da auga sobre esta infraestrutura e desprazou ata o lugar unha bomba de achique de gran caudal e un semirremolque de achique dotado con 16 bombas adicionais.

Corresponde agora á administración titular desta vía, o Ministerio de Transportes, traballar con urxencia na rehabilitación integral do treito afundido da estrada N-642, achegando as solucións técnicas e os investimentos necesarios para que poida recuperarse a normalidade nesta vía, en condicións de seguridade e vialidade e nun tempo prudencialmente curto. Para iso sería imprescindible facer público, canto antes, o cronograma previsto para estas actuacións.



De xeito paralelo, é preciso que se actúe con dilixencia na apertura total ao tráfico desta vía para mitigar o impacto económico e social que supón o corte parcial desta estrada. Cómpre lembrar que a N-642 serve de acceso ao Hospital Público da Mariña lucense e a un dos portos pesqueiros e comerciais máis importantes do Cantábrico como é o de Burela, ademais de ser un nó de conexión para o transporte público da zona e para a conexión dos concellos do litoral desta bisbarra lucense.

Tampouco debemos esquecer que esta incidencia coincide no tempo co clamor crecente de usuarios, transportistas e representantes públicos que alertan da alarmante falta de conservación nas capas de rodaxe das estradas de titularidade estatal, cando a prioridade debера ser precisamente a contraria: actuar a tempo é aforrar no futuro. Neste sentido urxe que o Ministerio de Transportes -a imaxe do que fai a Xunta de Galicia- desenvolva un plan de conservación anual, cíclico e periódico nas estradas nacionais que -como vemos na Mariña- son eixes fundamentais estruturantes para a mobilidade dos galegos.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- 1º.- Que valoración fai a Xunta de Galicia en relación co impacto que provoca na mobilidade o socavón e a situación de deterioro que presenta a estrada N-642?
- 2º.- Ten constancia a Xunta de Galicia do proxecto de reparación e rehabilitación integral desta estrada que terá que acometer o Ministerio de Transportes?
- 3º.- Que valoración fai a Xunta de Galicia en relación coa demora na execución da Autovía da Mariña (A-74), competencia do Ministerio de Transportes?
- 4º.- Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o clamor de usuarios e transportistas denunciando o mal estado de conservación e mantemento das estradas de titularidade estatal?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 30/01/2023 14:18:29

Daniel Vega Pérez na data 30/01/2023 14:19:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Elena Candia López na data 30/01/2023 14:19:38

María Sol Díaz Mouteira na data 30/01/2023 14:20:08

Carmen María Pomar Tojo na data 30/01/2023 14:20:50

Ramón Carballo Páez na data 30/01/2023 14:21:42

Freire Vázquez, María Begoña na data 30/01/2023 14:22:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/01/2023 14:23:30

María Belén Salido Maroño na data 30/01/2023 14:25:43



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O voceiro parlamentario do PSdeG formulou, a través do artigo 9, unha iniciativa na que se solicitaba “Copia do informe sobre as actuacións en materia de eficiencia enerxética realizadas pola Xunta de Galicia nos edificios administrativos e as medidas adoptadas en aplicación do Plan de choque de aforro e xestión enerxética en climatización, establecido no artigo 29 do Real decreto lei 14/2022, do 1 de agosto, que foi tramitado no Consello da Xunta de Galicia o 1 de setembro de 2022”, a resposta tivo rexistro de entrada o 12 de decembro de 2022 na que se responde literalmente:

“Ao respecto da documentación solicitada, cómpre sinalar que os informes dos que se dá conta no Consello da Xunta de Galicia son asuntos deliberativos, de carácter non vinculante e dirixidos a que todos os membros do Consello acaden un coñecemento transversal e coordinado da actividade que leva adiante o conxunto do Goberno.

Así, achégase o seguinte extracto comprensivo do informado ao Consello o pasado 1 de setembro:

O Consello da Xunta, na súa reunión do 1 de setembro, deu conta das actuacións de mellora enerxética realizadas polo Goberno galego nos edificios administrativos, xudiciais e educativos nos últimos anos e que supuxeron un investimento superior aos 135 millóns de euros. A iniciativa enmárcase na aposta do Executivo autonómico por unhas infraestruturas de servizo público saudables e eficientes, coa redución de emisións de CO2, tal e como establece a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Segundo o informe presentado, a Xunta destinou desde 2014 máis de 23 millóns de euros á mellora enerxética dos edificios administrativos e xudiciais, o que supón unha redución anual de 2.652,96 toneladas de emisións de CO2 e uns aforros nos consumos de case 13 millóns de quilovatios ao ano.”.

Polo que á vista da resposta trasladada polo Goberno galego, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:



- 1ª) Considera o Goberno galego que con esta resposta se está a dar cumprimento ao contido do artigo 9 do regulamento do Parlamento de Galicia?
- 2ª) Considera o Goberno galego que os deputados e deputadas que forman o poder legislativo non teñen dereito a ter acceso á documentación solicitada co fin de realizar correctamente a seu labor parlamentario?
- 3ª) Cales son as razóns polas que non se atenden axeitadamente as solicitudes formuladas polos deputados e deputadas?
- 4ª) Vai o Goberno galego facilitar a información solicitada nos termos que se expresa na dita solicitude?
- 5ª) Cal foi o financiamento de cada unha das medidas adoptadas?
- 6ª) Vai o Goberno galego facer público o listado de actuacións en materia de eficiencia enerxética realizadas pola Xunta de Galicia nos edificios administrativos e as medidas adoptadas en aplicación do Plan de choque de aforro e xestión enerxética en climatización, establecido no artigo 29 do Real decreto lei 14/2022, do 1 de agosto, tal e como establece a Lei de transparencia e boas prácticas de Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2023 14:50:05

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/01/2023 14:50:19

Martín Seco García na data 30/01/2023 14:50:29



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

As fortes chuvias e a neve dos derradeiros días de 2022 e o día 1 de xaneiro de 2023 provocaron danos en propiedades privadas como en bens de titularidade pública, máis de 1.000 incidencias só nunha fin de semana, segundo a Axencia Galega de Emerxencias (Axega), sendo as provincias máis castigadas Pontevedra, Ourense e Lugo, que estiveron en alerta laranxa, e A Coruña estivo baixo alerta amarela.

As emerxencias máis frecuentes foron inundacións en vivendas, anegamentos de garaxes, inundacións de fincas e estradas, escorrentías de auga con arrastre de materiais provocando derrubes e colapsos, fochas nos terreos e estradas, e danos en infraestruturas municipais: camiños, estradas, pontes, bens culturais, instalacións deportivas ou parques infantís, entre outros.

Dentro destes danos en infraestruturas municipais, podemos apuntar algunhas como os derrubes no monte de Santa Tegra e na zoa do Muíño e inundacións no Codesal no concello da Guarda; a Pesquera do río Carballa e a senda do Miño no Rosal; afundimento de muros e camiños, e afectación á fortaleza de san Lourenzo de Goián en Tomiño; danos no paseo fluvial, nos muros do entorno do Camiño de Santiago e no casco histórico no concello de Tui; múltiples estragos e danos nos concellos da Arnoia, Baños de Molgas, Allariz, Ribadavia ou a inundación no Carballiño da única estrada que deixou incomunicada a cidade durante varias horas; derrubamento de parte da Fonte de Troncoso en Mondariz-Balneario, obra de Antonio Palacios, un BIC abandonado e pendente dun proxecto de rehabilitación por parte da Xunta de Galicia; inundacións no concello de Ponteceso e danos nos concellos de Begonte ou Chantada, entre outros.



Ante esta situación, os concellos galegos puxeron todos os medios materiais, humanos e económicos ao seu alcance para poder arranxar na maior brevidade posible as graves consecuencias dos danos provocados polas ditas riadas, pero a insuficiencia de recursos, económicos e humanos, fai case imposible que poidan revertir estas situacións sen axuda doutras administracións.

A lei 7/2007, de Emerxencias de Galicia, establece no artigo seu artigo 36 que cando a situación de perigo ou os danos ocorridos sexan, pola súa especial extensión ou intensidade, particularmente graves, o Consello da Xunta, a solicitude da persoa titular da consellería competente en materia de protección civil, poderá acordar a declaración de emerxencia de interese galego, o que suporá a asunción da dirección de todas as actividades da emerxencia e a xestión da emerxencia corresponderá á Axencia Galega de Emerxencias, sen prexuízo da incorporación de medios de outros órganos ou entes administrativos; e no seu artigo 38 establece que as administracións públicas, dentro das súas respectivas competencias, restablecerán os servizos esenciais para a comunidade afectada por unha catástrofe.

Xa que logo, é importante que se declare inmediatamente a emerxencia de interese galego e que se coordine coa Fegamp e co resto das administracións públicas, para determinar os concellos afectados, os danos ocasionados e se estableza un fondo con criterios de reparto.

Os socialistas entendemos que a Xunta de Galicia ten a obriga de actuar inmediatamente ante situacións extraordinarias que afectan ao desenvolvemento normal da vida das persoas e que debe colaborar na busca de solucións que axuden a resolver estas situacións no menor tempo posible.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia acordar a declaración de emerxencia de interese galego para atender os danos producidos polas riadas nos derradeiros días do mes de decembro e o primeiro deste ano?

2ª) Vai o Goberno galego responder á carta remitida pola Fegamp para buscar acordos que dean solución aos danos ocorridos?





Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2023 14:44:51

Paloma Castro Rey na data 30/01/2023 14:45:10

Pablo Arangüena Fernández na data 30/01/2023 14:45:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a resolución dos procesos selectivos convocados ao abeiro das ofertas de emprego público de 2018 e 2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Oferta de Emprego Público xunto cos rexistros de persoal e de postos de traballo e os plans de ordenación de recursos humanos é un dos instrumentos de planificación dos recursos humanos na administración pública, sendo o seu obxectivo a consecución da eficacia na prestación dos servizos públicos e da eficiencia na utilización dos recursos públicos dispoñíbeis.

Tanto no Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, como a Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galiza determinan que como máximo no improrrogable prazo de 3 anos haberán de executarse os procesos selectivos que se convoquen en virtude da Oferta de Emprego Público.

Actualmente existen numerosos procesos selectivos que, convocados ao abeiro de ofertas emprego público dos anos 2018 e 2019 aínda fican pendentes de resolución. Numerosos procedementos, xa sexan de consolidación, estabilización ou de acceso libre, que convocados polo sistema de concurso-oposición e celebrada a fase de oposición, están pendentes dende hai moitos meses da valoración dos méritos da fase de concurso e da resolución do proceso de selección e a posterior adxudicación e tomas de posesión de prazas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actitude da Xunta de Galiza evidencia tanto un notable desprezo pola legalidade vixente e polo Estado de Dereito, como polas aspirantes aos procesos selectivos que ven comprometidas as súas expectativas e proxectos de desenvolvemento profesional e vital. A demora na resolución dos procesos selectivos xera un deterioro ou precarización dos servizos públicos, pois ou ben as prazas ofertadas permanecen vacantes ou ben son ocupadas por persoal con contratos temporais.

Se como se indica nas propias OO.E.P. son un instrumento básico para unha eficaz prestación dos servizos públicos e unha eficiente xestión dos recursos económicos dispoñíbeis, o incumprimento do mesmo pon de manifesto a calidade da planificación e xestión realizada pola Xunta de Galiza.

Asemade, os incumprimentos da execución dos prazos dos procesos selectivos das ofertas de emprego público dun ano, en moitos casos, afectan ás de anos posteriores, tanto no que atinxe ás prazas que se puideran ofertar, como as persoas que as ocupan ou que aspiran ocupalas, máxime nos casos de procesos de estabilización.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza que as ofertas de emprego son un instrumento importante na planificación dos recursos humanos, e importantes para unha xestión eficaz e eficientes dos recursos públicos?

Entende a Xunta de Galiza que o prazo de 3 anos que, con carácter improrrogable, establece a Lei de Emprego Público de Galiza é de imposible cumprimento?

Cantos procesos selectivos convocados en execución das OO.E.P de 2018 e 2019 fican pendentes de resolución?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E que estado se encontran ditos procedementos?

Existe algunha razón que xustifique o incumprimento do prazo máximo legal para a resolución as OO.E.P.?

Considera a Xunta de Galiza que o incumprimentos dos prazos pode afectar a posteriores ofertas de emprego público ou a procesos de estabilización?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2023 16:53:40

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/01/2023 16:53:44

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2023 16:53:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de Betanzos e comarca contar co primeiro centro de día público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En relación á pregunta formulada polo grupo parlamentario do BNG o pasado mes de agosto de 2022, acabamos de recibir a resposta escrita segundo a cal seguimos se ter indicación de cales son as previsións do Goberno galego para que Betanzos e a comarca das Mariñas contén cun centro de día de titularidade e xestión públicas.

A tan concisa como inconcreta resposta di que:

“A Xunta de Galicia ten en marcha un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais municipais dotado de 18,5 millóns de euros e que foi acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), financiado con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

O Concello de Betanzos, ao igual que outros municipios galegos, ten solicitado acollerse a este Plan e presentou un proxecto de centro de día solicitando a axuda económica que se establece nese plan. Nestes momentos, todas as propostas cursadas polos Concellos están en fase de estudo e valoración da documentación presentada e da súa viabilidade”.

A inconcreción da resposta acrecenta a preocupación ante a falta de proxecto para un servizo público sempre fundamental e máis aínda cando, como no caso de Betanzos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comarca, a poboación maior ou dependente non conta con ningunha oferta de praza pública nun centro de día.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cando solicitou o Concello de Betanzos acollerse ao Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais municipais?

- Que valoración fai o Goberno galego do proxecto de centro de día presentado polo Concello de Betanzos?

- Á vista da demanda de diferentes concellos para acceder a este plan, que criterios vai seguir o Goberno para a adxudicación dese fondo europeo (MRR) de 18,5 millóns de euros?

- Con que cronograma traballa a Xunta para que por fin Betanzos e comarca dispoñan do primeiro centro de día público?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/01/2023 17:18:20

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2023 17:18:30



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O 11 de marzo de 2022 o Grupo Parlamentario Socialista preguntou na Comisión 4.ª, Educación e Cultura á directora xeral de Patrimonio Cultural se tiña pensado a Xunta de Galicia colaborar na rehabilitación do Templo Votivo do Mar de Panxón no prazo máximo dun ano. A resposta foi, outra vez, que se necesitaba o estudo das patoloxías e das accións que se van levar a cabo nesta estrutura. Facendo unha primeira toma de datos *in situ* que permitira obter uns resultados e redactar un proxecto coas descrições técnicas precisas.

Un ano despois nada se sabe deste estudo e do proxecto para a rehabilitación desta igrexa, polo tanto a conclusión é que Templo Votivo do Mar de Panxón, no Concello de Nigrán, segue á espera das ansiadas actuacións para poñer fin ás constantes filtracións de auga que sofre a igrexa.

A importancia desta obra construída por Antonio Palacios, inaugurada en 1937 é indiscutible, porque para moitos expertos é a obra culmen en Galicia deste arquitecto. A día de hoxe o Templo Votivo do Mar está cheo de cubos necesarios para recoller a auga que se filtra polas paredes, polo tellado, polas vidrieiras...e cada vez vai a peor debido ás últimas fortes choivas e os temporais.

Unha impresionante igrexa dedicada aos mariñeiros, pola que Antonio Palacios non quixo cobrar, leva 86 anos en pé e dende fai quince anos comezou a manifestar o seu deterioro dun xeito alarmante.

Os muros foron levantados sen andamios, con enormes pedras desniveladas, case todas reutilizadas (algunhas son lápidas da antiga igrexa visigoda) foron izadas con poleas ata ocupar o seu lugar. Os mosaicos que cobren toda a bóveda recicláronse de baldosas que ían doar os veciños.

Agora, o Templo Votivo do Mar, golpeado polos ventos e as choivas, presenta grandes fendas e non conserva toda unha vidreira. O campanario, de 30 metros de altura, transformouse nunha gran cuneta pola que baixan as augas. O coro está



asolagado, e os ferros do formigón armado desmorónanse en anacos e hai pedras que ameazan con caer. Cando chove a auga entra por todas partes.

Desde a Xunta de Galicia no 2009 como requisito previo para colaborar, reclamaron un proxecto de restauración, e o cura pediulle ese proxecto ao arquitecto vigués Francisco Castro, quen entre outras obras relixiosas asinou a rehabilitación do mosteiro de San Francisco en Santiago. Castro mediu a igrexa e debuxou planos de todo porque os de Palacios se perderon. Tiña unha proposta de restauración, comezando polas vidreiras rotas polos contrastes de temperatura. Realizáronse con formigón industrial dos anos 30 que xa non existe, e habería que facer adrede. O cristal, encorsetado en formigón, rompe porque o cemento non se dilata como debería, comentaba preocupado Castro.

Desde Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia queren volver facer outro estudo, co cal esa rehabilitación tan necesaria do Templo Votivo do Mar non se realiza nunca, por iso volvemos a reclamar unha actuación urxente para reparar as entradas de auga provocadas polo agretamento do encintado das fachadas do conxunto, sobre todo pola cara que dá ó mar. Tamén, hai que rehabilitar varias vidreiras e o rosetón da entrada principal que desde hai anos foron forradas interiormente con mallas de metal para evitar que os fragmentos de cemento que unen os elementos caían sobre as persoas que acoden ó edificio e a maiores un dos anos que coroan a torre indicando os puntos cardinais, caéuselle a cara. Son moitas as accións que se teñen que levar a cabo nesta igrexa que cada vez vaise deteriorando máis.

O importantísimo arquitecto do Porriño, considerado o arquitecto español máis importante da primeira metade do século XX, de tendencia ecléptica, creador en España do que algúns autores chaman o "monumentalismo", é autor, Antonio Palacios de importantísimas obras, sobre todo en Madrid, como o Palacio de Comunicacions da Praza de Cibeles, o Hospital de Maudes, o Banco del Río de la Plata -posteriormente Banco Central -, o Banco de Vizcaya, e o Círculo de Belas Artes.

Pois ben, a obra máis importante, probablemente, en Galicia deste ilustre arquitecto galego ten serios problemas de conservación.

No ano 2009 o Grupo Parlamentario Socialista xa trouxera unha proposición non de lei que foi aprobada por unanimidade onde se instaba á Xunta de Galicia a rehabilitar esta igrexa. Agora, catorce anos despois, e despois de presentar o ano pasado xa unha iniciativa, volvemos presentar esta iniciativa para ver se desde a



Administración autonómica se interesan polo Templo Motivo do Mar de Panxón antes de que os danos sexan irreparables.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Foi a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a tomar datos in situ no Templo Votivo do Mar de Panxón situado no Concello de Nigrán? En caso afirmativo, cando?
2. Está realizado o estudo da diagnose das patoloxías do Templo Votivo do Mar de Panxón por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural?
3. Está realizado o proxecto para a rehabilitación desta igrexa por parte da Dirección xeral de Patrimonio Cultural?
4. No caso de non ter feito o estudo, nin o proxecto, pode darnos a Xunta de Galicia unha cronoloxía de cando se vai elaborar o estudo e o proxecto para a rehabilitación do Templo Votivo do Mar de Panxón?
5. Ten pensado a Xunta de Galicia colaborar na rehabilitación do Templo Votivo do Mar de Panxón?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro do 2023

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/01/2023 17:07:33

Noa Susana Díaz Varela na data 30/01/2023 17:07:40

Noelia Otero Lago na data 30/01/2023 17:07:49



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

No mes de febreiro de 2020 a sociedade galega tivo coñecemento pola prensa de que a ex conselleira de Medio Ambiente, Dna. Beatriz Mato, comezase a traballar como “directora de Desarrollo Corporativo y RSC” para a empresa Greenalia, aproximadamente ano e medio despois de deixar a Xunta de Galicia.

A citada empresa depende da Xunta e sinaladamente da Consellería de Medio Ambiente para a obtención de distintos tipos de autorizacións necesarias para a súa actividade económica e relaciónase con ese departamento da Xunta no ámbito de distintos expedientes administrativos, durante e despois do paso pola consellería de Dna. Beatriz Mato. Actualmente, a empresa promove diversos parques eólicos en Galicia, varios deles en tramitación como proxectos de especial interese, eludindo a tramitación normal e ordinaria.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo de que a empresa Greenalia (da cal é directiva unha ex conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia) estea presente na maior parte dos proxectos eólicos que se tramitan en Galicia consonte a mecanismos legislativos que eluden a tramitación normal e ordinaria de calquera outro proxecto eólico?

2ª) Cantos expedientes administrativos se tramitaron na consellería de Medio Ambiente en relación coa empresa Greenalia mentres a Sra. Beatriz Mato foi conselleira?

3ª) Participou a ex conselleira Beatriz Mato na tramitación de expedientes administrativos relativos á empresa Greenalia durante a súa etapa como conselleira de Medio Ambiente?

4ª) Por que o Goberno de Galicia incrementou o límite de 10 megavatios establecido pola normativa para as instalacións de biomasa, elevándoo por medio da lei de acompañamento de orzamentos de 2017 ata 50 megavatios, que era xustamente a potencia que contemplaba o proxecto da empresa Greenalia para unha central de biomasa no concello de Curtis?





Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/01/2023 17:48:32

Paloma Castro Rey na data 30/01/2023 17:48:45



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No mes de febreiro de 2020 a sociedade galega tivo coñecemento pola prensa de que a ex conselleira de Medio Ambiente, Dna. Beatriz Mato, comezase a traballar como “directora de Desarrollo Corporativo y RSC” para a empresa Greenalia, aproximadamente ano e medio despois de deixar a Xunta de Galicia.

A citada empresa depende da Xunta e sinaladamente da Consellería de Medio Ambiente para a obtención de distintos tipos de autorizacións necesarias para a súa actividade económica e relaciónase con ese departamento da Xunta no ámbito de distintos expedientes administrativos, durante e despois do paso pola consellería de Dna. Beatriz Mato. Actualmente, a empresa promove diversos parques eólicos en Galicia, varios deles en tramitación como proxectos de especial interese, eludindo a tramitación normal e ordinaria.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo de que a empresa Greenalia (da cal é directiva unha ex conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia) estea presente na maior parte dos proxectos eólicos que se tramitan en Galicia consonte a mecanismos legislativos que eluden a tramitación normal e ordinaria de calquera outro proxecto eólico?

2ª) Cantos expedientes administrativos se tramitaron na consellería de Medio Ambiente en relación coa empresa Greenalia mentres a Sra. Beatriz Mato foi conselleira?

3ª) Participou a ex conselleira Beatriz Mato na tramitación de expedientes administrativos relativos á empresa Greenalia durante a súa etapa como conselleira de Medio Ambiente?

4ª) Por que o Goberno de Galicia incrementou o límite de 10 megavatios establecido pola normativa para as instalacións de biomasa, elevándoo por medio da lei de acompañamento de orzamentos de 2017 ata 50 megavatios, que era xustamente a potencia que contemplaba o proxecto da empresa Greenalia para unha central de biomasa no concello de Curtis?





Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/01/2023 18:06:14

Paloma Castro Rey na data 30/01/2023 18:06:29



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Os efectos sobre o medio ambiente da Mina de Touro, que desenvolveu a súa actividade de extracción de cobre nos anos 70 e 80, continúan producíndose e sendo perfectamente visibles décadas despois do seu peche.

Tamén leva moitos anos realizándose actividades de depósito de residuos nos terreos da mina por empresas do grupo empresarial propietario, que se utilizan para esa actividade de recollida e depósito de residuos como una chamada “solución” de restauración, tal e como consta xa no ano 2002 nun convenio de colaboración asinado entre a ” Consellería de Medio Ambiente, Augas de Galicia e a USC para a elaboración dun proxecto técnico para a recuperación dos ríos Brandelos, Pucheiras e Lañas, no entorno das minas de Touro”.

En 2018 –despois de moitos anos nos que se estiveron a producir constantes vertidos de augas procedentes da mina- tivo lugar unha inspección por parte da Dirección Xeral de Minas sobre as augas dos ríos que pasan pola mina de Touro (Portapecho, Felisa e Angumil) constatándose a drenaxe aceda de mina ás augas. Requirido á empresa un proxecto de drenaxe que suprimise esas augas, esta presentou un proxecto de drenaxe temporal. A pesar de ser requirida por prazo de 3 meses para presentar un proxecto definitivo, este non se presentou ata setembro de 2021.

Durante todo ese tempo seguíronse a producir vertidos denunciados polos veciños, sen que conste publicamente se ten habido (antes e despois) expedientes sancionadores por parte de Augas de Galicia ou da Xunta. Hai que ter en conta que a actual accionista maioritaria da empresa propietaria da mina de Touro é a multinacional da compravenda de materias primas Trafigura, presuntamente vinculada co pago de subornos á petroleira Petrobras (segundo a Fiscalía de Brasil) e relacionada pola prensa internacional con moitas operacións cando menos eticamente turbias a nivel global, ademais de ter sido condenada polo desastre ambiental de Costa de Marfil de 2006, un conxunto de vertidos tóxicos que causou a morte de 16 persoas e o tratamento sanitario de aproximadamente 100.000.



A veciñanza denuncia unha contaminación constante das augas procedentes da mina, que baixan cunha cor cobreada ou esbrancuxada, segundo os días, e que a empresa procede a evacuar as augas especialmente polas noites ou aproveitando riadas para disimular. O espectacular cambio de cor e aspecto das augas e das canles antes e despois de pasar pola mina pode apreciarse perfectamente cada día do ano visitando algún dos cursos de auga que pasan por ela ou nos que verte. As riadas neses cursos provocan que brañas enteiras adopten unha cor cobreada e insalubre que tamén se pode observar sobre o terreo. Os cursos de auga superficiais afectados pola mina desembocan no río Ulla, en zona de Rede Natura 2000, e rematan na ría de Arousa, a máis grande de Galicia.

En outubro de 2022 a conselleira de Medio Ambiente distinguiu ao Concello de Touro cunha Bandeira Verde, que ten por obxecto enxalzar as boas prácticas medioambientais e de protección da paisaxe, a pesar da evidencia constante e perfectamente visible (e tamén detectable por vía olfativa) da contaminación procedente da mina nese concello, e a súa eucaliptización masiva e acelerada.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Adoptou o Goberno de Galicia algún tipo de medida para evitar e corrixir a contaminación das augas procedentes da Mina de Touro e os terreos nos que se atopa na última década?
- 2ª) Que medidas correctoras ou compensatorias se teñen adoptado desde a inspección realizada no ano 2018 para evitar a contaminación das augas procedentes da mina de Touro e os terreos nos que se atopa?
- 3ª) Que obras e actuacións levou a cabo a empresa desde esa inspección do ano 2018 para corrixir a situación detectada entón?
- 4ª) Que controis levou a cabo a Xunta de Galicia do cumprimento pola empresa do plan de drenaxe temporal das augas?
- 5ª) En que situación se atopa ese plan?
- 6ª) Ten sido sancionada a empresa propietaria da Mina de Touro desde o ano 2009?
- 7ª) Houbo algún tipo de inspección da mina por parte da Xunta ou organismos dependentes dela desde o ano 2009?
- 8ª) En caso afirmativo, por que importe ou importes e consonte a que infracción ou infraccións?



9ª) Que medidas de control, análise e seguimento da contaminación dos afluentes do río Ulla aos que chegan augas procedentes da mina de Touro e dos terreos nos que se atopa ten adoptado a Xunta na actualidade?

10ª) Cal é o plan de restauración vixente na concesión mineira 2946 San Rafael, despois de que se obtivera a DIA negativa do proxecto de reapertura da mina de Touro por Cobre San Rafael?

11ª) Considera a Goberno galego que o plan de restauración da mina con solos obtidos de residuos de lodos de depuradoras, entre outros, segue a ser o método máis axeitado?

12ª) Leva a cabo a Xunta algún tipo de control e seguimento da afectación ás augas subterráneas da contaminación procedente da Mina de Touro e os terreos nos que se atopa, tendo en conta que se trata dunha zona de brañas e masas de auga moi cerca da Rede Natura e que desemboca no río Ulla?

13ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar a contaminación procedente da mina de Touro e os terreos nos que se atopa e restaurar os ecosistemas afectados?

14ª) Dado o seu evidente e agudo deterioro medioambiental, conforme a que criterios concedeu a Xunta de Galicia a distinción de Bandeira Verde ao Concello de Touro no mes de outubro de 2022?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/01/2023 17:46:31

Paloma Castro Rey na data 30/01/2023 17:46:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A imaxe que estamos a ver estes días nas costas galegas resulta verdadeiramente abraiante: Centos de persoas amoreadas nas pedras, en moitos casos arriscando a súa propia vida, para ter acceso a un recurso que lles é imprescindible para a súa subsistencia e que, aínda que poda parecer o contrario, está regulado pola Consellería do Mar.

Unha regulación que non solucionou ningún problema e que só trouxo enfrontamentos entre sectores dende a súa posta en marcha de xeito unilateral por parte da Xunta de Galiza e que, finalmente, derivou na situación que estamos a vivir e na que a extracción de semente de mexillón en bancos naturais, actividade que durante décadas veu realizándose con normalidade, converteuse nunha auténtica peripecia.

O acontecido durante os tres últimos anos non ten parangón en ningún sector da actividade económica galega e moito menos no xeito de lexislala. Primeiro cun Decreto, o 153/2019, no que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas e onde se introduce a posibilidade de que “os plans de xestión de percebe poderán reservar zonas para a extracción de semente de mexillón”. Despois, coa Resolución unilateral do 30 de novembro de 2021, pola que se modificaron as zonas de extracción da mexilla e que, malia a cualificarse de “provisional e suxeita a cambios”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola propia Consellería, sigue vixente tal e como se publicou e converteu a actividade nun conflito permanente.

Tanto foi así que a propia Consellería tivo que saír ao paso das súas propias decisións e anunciar, só cinco meses despois de ditala, a reapertura de novas zonas de extracción, nomeadamente en Baiona, Sanxenxo e Aguiño, en pedras onde os propios servizos técnicos da Consellería constataron a existencia de cría de mexillón e a ausencia de percebe. É máis, aínda recentemente, o pasado 15 de novembro, o director xeral de Pesca insistía na Comisión de Pesca do Parlamento galego na “vontade de flexibilización” pola súa parte a este respecto.

A día de hoxe, case un ano despois daquel anuncio, resulta inconcebíbel que habendo informes onde se localizan novas zonas de extracción de mexilla sen existencia de percebe, non se procedera aínda a autorizar a súa apertura e a abrir as vías que, sen dúbida, contribuirían a non seguir empeorando a situación.

A actual campaña de extracción da mexilla adiouuse da súa data habitual, 1 de decembro, ao 9 de xaneiro, co argumento do estado biolóxico da cría do mexillón e acompañado, outra vez, da promesa de reapertura de novas zonas para a actividade. Avanzadas xa máis de tres semanas da apertura da campaña 2022-23, constátase por parte da Consellería e do sector mexilloeiro que hai escaseza de cría e que, unha vez encordada, ten dificultades para fixarse nas cordas.

Se a isto sumamos ademais a merma de produción da campaña anterior, na que a falta de semente xa tivo como consecuencia un abastecemento insuficiente dos viveiros, o resultado é unha crecente masificación nas zonas habilitadas e un aumento do risco para os produtores.

Sen menoscabo de buscar vías de encontro a medio prazo que permitan reconducir a conflitividade á que se viron abocados bateeiros e percebeiros e de sentar as bases para un traballo constante e rigoroso para elaborar unha nova normativa, agora





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o urxente é decidir sobre a ampliación das zonas de extracción da mexilla anunciadas hai case un ano e aliviar a grave crise que xa se intúe no sector mexilloeiro, a tensión existente e a posibilidade de riscos evitábeis.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da insólita situación que se está a vivir respecto da extracción de mexilla nas costas galegas?

- Cando vai a proceder á apertura de novas zonas de extracción, tal e como anunciou en abril de 2022?

- Que razóns levaron a que, dende aquela, aínda non se teñan decidido as zonas a aperturar?

- É consciente das tensións que está a provocar a situación actual no sector mexilloeiro e entre este e o sector percebeiro? E dos riscos que están a vivir os produtores?

- Existe neste momento algún tipo de diálogo entre a Consellería de Mar, o sector mexilloeiro e o sector percebeiro? De ser así, cando prevé poder chegar a acordos para a elaboración dunha normativa definitiva sobre a extracción de mexilla?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carmela González Iglesias
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 31/01/2023 10:37:02

Daniel Castro García na data 31/01/2023 10:37:06

Rosana Pérez Fernández na data 31/01/2023 10:37:16



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O servizo público de saúde está a pasar en toda Galicia por un dos seus peores momentos, e en especial a atención primaria, na que a mala xestión dos recursos está a afectar a calidade da sanidade e moi especialmente no que se refire á cobertura das ausencias do persoal facultativo.

Esta política de desatención reflíctese en Teo co servizo de Pediatría. Nestes últimos tempos, os veciños e veciñas dese Concello veñen sufrindo a política de recortes aplicada polo goberno do Partido Popular pola que non se substitúen os e as profesionais que se atopan de baixa.

Neste último mes, en Teo non se está a garantir a cobertura das facultativas de pediatría, sendo unha soa médica a que está a atender os tres centros de saúde á vez en días alternos e en quendas de mañá e tarde cando normalmente eran dúas, e a maiores tamén está a prestar servizo en Vedra. Así se explica que as familias tarden preto de 20 días en poder ter unha cita presencial coa súa pediatra.

Sendo Teo un concello con núcleos poboacionais moi dispersos, as familias que precisan ben entregar mostras ou ben ser atendidas de urxencia teñen que ir solicitando atención de centro en centro ata dar con aquel no que ese día hai pediatra. De non poder facer ese periplo, deciden acudir ás urxencias do CHUS, que loxicamente se vén colapsadas por ese desvío de pacientes froito da desatención nos centros de saúde, unha disfunción que o grupo socialista leva denunciando moito tempo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando está previsto cubrir a ausencia da pediatra do Centro de Saúde de Cacheiras?

2ª) Como valora o Goberno galego que en Teo haxa só unha pediatra para atender os tres centros de saúde máis o de Vedra?

3ª) Como valora que as citas presenciais para o servizo de Pediatría en Teo se concedan cun atraso de máis de 15 días?



4ª) Considera o Goberno galego que se está a ofrecer unha atención pediátrica de calidade no concello de Teo?

5ª) Considera o Goberno galego que a non cobertura das prazas de profesionais en Atención Primaria é unha das causas do colapso no Servizo de Urxencias do CHUS?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 30/01/2023 17:45:12

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2023 17:45:29

Marina Ortega Otero na data 30/01/2023 17:45:41





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A pesar dos efectos que a pandemia está a causar no mercado laboral do conxunto de España, Galicia está a rexistrar un mellor comportamento que a media nacional.

Sen embargo a pesar destes datos, non podemos esquecer que hai colectivos especialmente sensibles á situación do mercado de traballo, como son os menores de 30 anos, os desempregados de longa duración, as mulleres vítimas de violencia de xénero ou as persoas con discapacidade, entre outros.

Consciente da realidade actual, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade aprobou, un ano máis, as axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego; os cales se configuran en dúas ordes, a primeira para o desenvolvemento do programa dirixido aos menores de 30 anos e a segunda para o desenvolvemento dos obradoiros duais.

Con todo, estas iniciativas teñen como principal obxectivo que persoas sen emprego amplíen a súa formación ao tempo que acceden a un contrato de traballo e teñen coma fin incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas para minimizar os efectos da crise sanitaria.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- A canto ascenden as axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego na súa última convocatoria, e a cantas persoas prevén beneficiar?
- 2.- Dentro destas axudas contémplanse actuacións específicas para os colectivos especialmente vulnerables?
- 3.- Ten previsto a Consellería primar os obradoiros en función da súa especialización?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 12:22:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 12:23:04

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 12:23:19

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 12:23:29

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 12:23:41

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 12:23:58

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 12:24:15





Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A salvagarda dun mercado de traballo forte que teña en conta a realidade de todas as galegas e galegos é un firme compromiso do Goberno da Xunta de Galicia, máis aínda se cabe no contexto actual.

Neste sentido, destaca a adopción de numerosas iniciativas que velan polo impulso e a calidade no emprego e que dan resposta aos retos do novo escenario.

Ademais, sendo a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a responsable titular e directa da adopción de actuacións en materia laboral no marco das competencias autonómicas, tamén está a promover de xeito especial a igualdade, á fin de establecer un escenario que asegure as mesmas oportunidades sociolaborais para mulleres e homes, xogando a conciliación un papel esencial.

Pois a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, entendida como a compatibilidade do traballo remunerado co traballo doméstico, as responsabilidades familiares e persoais de cada individuo, así como a corresponsabilidade, son fundamentais para garantir unha sociedade xusta e igualitaria para todas as persoas, na que a participación no mercado laboral das mulleres e homes non dependa do seu xénero.

Por ese motivo, a Xunta de Galicia defende unha contorna na que a conciliación e a corresponsabilidade estean presentes, tal e como demostran ferramentas como o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade ou ben os sucesivos Plans Estratéxicos de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Non obstante, e complementariamente a estes instrumentos de planificación, é preciso que a Xunta de Galicia promova axudas de carácter económico para fomentar a conciliación e corresponsabilidade das persoas traballadoras.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes, formulan as seguintes preguntas:





- 1.- A canto ascendeu o investimento das axudas para a conciliación das persoas traballadoras facilitado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade?
- 2.- En que apoios e programas concretos se materializa este investimento?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 12:27:09

Paula Prado del Río na data 31/01/2023 12:27:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 12:27:39

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 12:27:54

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 12:28:06

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 12:28:19

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 12:28:34

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 12:28:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ó longo deste último decenio o interese do PP pola coexistencia do lobo e a gandaría foi soamente propagandístico. Mais o lobo existía e mantiña unha poboación e número de mandas similar á actual. E a Consellería do Medio Ambiente agachaba o problema cunhas ordes de axuda misérrimas e cando non cadraba ano electoral pois esquecíaalle convocalas. Velaí os anos 2013, 2014, 2015 e 2018.

E os gandeiros pola súa conta facían coma podían. En todo caso desabafa-la carraxe coa caza, lazos e velenos. E a Consellería cubría o expediente encomendando o labor de control dun censo que non se facía cun Plan do Lobo inexistente e coa caza autorizada coma único medio de control da especie. Control que non xestión, que son dous conceptos diametralmente opostos.

E nestas que o Ministerio decide incluí-lo lobo no *Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas (LESRPRE)* e o PP ve unha clara oportunidade de usar esta inclusión nunha campaña de desgaste e descrédito do goberno do Estado camuflando ó tempo a responsabilidade do goberno galego na xestión desta especie e no deterioro galopante da gandaría extensiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Foron varias as comunidades autónomas que protestaron e recorreron esta inclusión e esta protección pero só Galicia e Madrid (que cremos debe ter algún lobo no zoo) escusaron adherirse á Estratexia do Lobo perdendo así Galicia este ano pasado os 4,3ME que lle corresponderían.

E resulta difícil de comprender que unha vez máis, no texto introdutorio da Orde 1-12-22 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar los danos producidos polo lobo para o ano 2023, a Consellería se atribúa a ...”ordenación e o aproveitamento dos recursos *cinexéticos*”... aludindo, interpretamos nós, ó lobo. É o lobo na actualidade unha especie cinexética?

Fálase tamén da súa abundancia e que a súa presenza nos nosos montes é non so un *expoñente da súa rica diversidade* senón, ademais, *un elemento destacado no equilibrio biolóxico* do medio en que se desenvolve.

E realmente quedalle ben ó dito preámbulo, se non fose porque a realidade das políticas da Consellería no tocante a esta especie son absolutamente inexistentes, unicamente propaganda para saír do paso.

Tamén se di que estas axudas son para *concilia-lo interese pola pervivencia da especie e das actividades gandeiras*.

Porque o problema existe e o lobo causa danos na gandería. E a Consellería esquecendo as súas competencias e obrigas para coa conservación desta especie e a necesaria coexistencia desta coa gandería, continúa a sacar ordes de axuda defectuosas e con orzamentos insuficientes, que repiten ano tras ano os mesmos erros e as mesmas carencias.

E así, mentres Asturias convoca axudas para prevención e danos por valor de 3.661.830 euros, Galicia convoca cun ridículo 1,75ME perdendo a oportunidade de sumarlle 4,3ME.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Favorece-la ganaría extensiva nos nosos montes e mante-la existencia do lobo pasa por recuperar, formar e facer rendible o oficio de pastor. O equilibrio medioambiental, a xestión do territorio e a loita en contra do lume ben merecen ese esforzo.

No tocante ó gando vacún e cabalar en semiliberdade queda case todo fóra porque aínda que os ataques son moitos e fan que unha boa porcentaxe dos poldros non aparezan no tempo dos curros, ó non haber despoixos nin notificacións en tempo a Consellería lava as mans.

Mante-los espazos privilexiados dos nosos montes, as turbeiras de coberteira do Xistral e do Cadramón, as greas da Capelada, Sabucedo, Monte Faro de Vimianzo, Castrove, da Groba... supón mante-la actividade dos besteiros de xeito digno e non en precario como están agora

As ordes de axudas deste ano reiteran os erros de anos anteriores. Os prezos dos bens preventivos seguen a se-los de 2016 a pesar das subas deste último ano, a obrigatoriedade da compra dos cans de menos de 4 meses e cun mes de tempo posterior á resolución dos expedientes, as valoracións, o lucro cesante, a imposibilidade de vixilancia das greas (a intervalos de 72 horas) que están en semiliberdade e a contaxe condicionada á aparición de restos, son algúns dos aspectos que deterioran a necesaria convivencia do lobo coa ganaría.

Porque se a sociedade en xeral reclama e concorda coa existencia e conservación do lobo, esta protección non pode ser soportada unicamente por gandeiros e gandeiras e as características e desenvolvemento das ordes de axudas non prevenen nin palían o problema, e os gandeiros e gandeiras seguen a leva-la peor parte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
7ª:

- Ten, na actualidade, o lobo, a consideración de especie cinexética?
- Cal é a porcentaxe de renuncia ás axudas para compra de cans logo de resolucíons favorables nas catro últimas ordes?
- Pensa renunciar neste ano 2023 ás axudas que o Ministerio tén destinadas para Galicia?
- Cal é a opinión que lle merece ó goberno galego a poboación de lobo na nosa Comunidade Autónoma?
- Para cando vai incluír axudas para o asesoramento en prevención das explotacións gandeiras en zonas de maior cantidade de ataques do lobo ?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 31/01/2023 13:14:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 31/01/2023 13:14:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 31/01/2023 13:15:04



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A empresa Casal de Armán SL instalou en maio de 2015, sen permisos, municipal e autonómico, unha estrutura prefabricada para albergar un salón de eventos xunto á casa de turismo rural, Casal de Armán, situada a 20 metros da antiga casa reitoral de Santo André de Campo Redondo (Ribadavia), edificio protexido no que posteriormente a Xunta de Galicia, abriría o Museo do Viño de Galicia.

Aquel mesmo ano a Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura resolveu a “demolición” da construción, que considera “ilegalizable” polo seu “tremendo impacto” pero que cinco anos despois segue en pé tras unha sucesión de recursos por parte da empresa e rexeitamentos da Xunta de Galicia.

O actual conselleiro do Medio Rural, declarou naquel momento ao Parlamento ser propietario de terreos e socio da empresa Bodegas Casal de Armán S.L, que é responsabilidade de Casal de Armán S.L, empresas as dúas nas que participan outros irmáns seus.

As *web* remiten unha á outra respectivamente relatando como "en 1996 os actuais propietarios, a familia González Vázquez, acometeron un duro traballo de restauración" do edificio principal do que denominan "complexo enoturístico" que presentan como rexentado pola familia. O actual conselleiro do Medio Rural, ratifica que recibiu a súa participación en Bodegas Casal de Armán S.L "por herdanza" do seu pai, e que a vendeu en 2018, ano en que foi nomeado conselleiro e que nunca tivo participación en Casal de Armán S.L.

Esta é a sucesión de feitos que se relata no expediente de Patrimonio aberto a Casal de Armán SL:

- O 6 de maio de 2015 o servizo municipal de arquitectura do Concello de Ribadavia visitou a zona e constatou que se estaba a levantar a estrutura en cuestión sen permisos e cinco días despois, o 11 de maio, o Concello incoou un expediente de restauración da legalidade. Un mes máis tarde un dos irmáns González Vázquez, en representación da empresa, solicitou a “legalización” do



construído “para un período de utilización de 2 anos”, pero tanto o Concello como Patrimonio rexeitárono.

- No caso de Patrimonio, o 25 de setembro de 2015 tanto o arquitecto encargado do caso como a comisión territorial de Patrimonio de Ourense se pronunciaron en contra da legalización solicitando a demolición da construción e a apertura dun expediente sancionador, o que supuxo a emisión por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dunha resolución con data do 5 de outubro de 2015, na que acordou denegar a legalización “dado que as obras son ilegalizables”, pedindo ao concello que acordase “a súa demolición” e “impedir definitivamente os usos aos que desen lugar, debendo restituír o terreo ao seu estado anterior”.
- Nesa resolución, Patrimonio salienta, entre outras cuestións, “o tremendo impacto debido ao volume da construción e a situación topográfica particular da súa radicación, por riba da cota da cuberta da propia ex reitoral-museo e case na mesma cota que a espectacular torre de catro corpos rematada nun *cupulín* de pedra, en clara competencia volumétrica co xogo formado pola igrexa e a propia reitoral, e incluso o inmovible principal destinado a “turismo rural”. Un conxunto, di, que “resulta claramente agredido coa nova construción”, que “se introduce de forma espuria” na contorna e cuxo impacto non resultaría minorado polo feito de que fose temporal ou desmontable.
- Contra esa resolución do 5 de outubro de 2015 a empresa, presentou un recurso de alzada o 9 de novembro e pediu a apertura dun período de proba para achegar informes que xustificasen as súas alegacións. O 16 de decembro o daquela secretario xeral de Cultura, concedeu 30 días hábiles para achegar eses informes, que entregou o 26 de xaneiro de 2016 e no que argumentaba, entre outras cuestións, que a reitoral non fora formalmente sometida a ningún réxime de protección mediante o seu inventariado como ben de interese cultural. O recurso tamén defendía o interese de Casal de Armán para a economía da zona e defendía que a empresa representaba “os mellores valores da modernización sostible”.
- A Xunta non resolveu sobre ese recurso de alzada ata ano e medio despois, nunha resolución asinada o 11 de xullo de 2017 polo secretario xeral de Cultura, na que ratifica que a reitoral si estaba protexida e lembra a necesidade de pedir permiso autonómico para actuar nas proximidades deses bens esgrimindo diversa xurisprudencia. Sobre a importancia da empresa, a resolución di que “é unha cuestión allea ao obxecto do procedemento a alegada repercusión positiva na



economía da zona e no prestixio do viño Ribeiro que poida ter o establecemento hostaleiro”.

- Contra esa resolución Casal de Arman interpuxo un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) aínda pendente.
- Tras o fracasado proceso de legalización do construído, en novembro de 2017 a empresa presentou ante Patrimonio un proxecto de “demolición” ou “desmontaxe” da estrutura e pediu licenza municipal para esa actuación. Pero o 8 de marzo de 2018, Patrimonio rexeitouno porque non só contemplaba a demolición da estrutura senón tamén a pavimentación do lugar que ocupa, lembrando que a zona debe ser restituída ao seu “estado anterior”, cando o chan era de terra e parte estaba ocupado por viñas. Unha resolución na que Patrimonio volve lembrar que a estrutura é “non legalizable” e contra a que a empresa tamén presentou, en abril de 2018, recurso de alzada alegando, entre outras cuestións, que estaba “en conversas” cos técnicos para resolver a situación.
- Como xa sucedera co recurso de alzada contra a negativa á legalización, o secretario xeral de Cultura, non resolveu ata outro ano e medio máis tarde, o 4 de febreiro deste 2020, rexeitando o recurso da empresa amparándose, entre outros, nun informe dunha técnica que salienta, fronte ás apelacións a “conversas”, que as actuacións en materia de Patrimonio deben ser un “procedemento regrado”.
- Durante todo este proceso, en 2016 Patrimonio si autorizou obras de reforma no interior do edificio de pedra orixinal de Casal de Armán. E xa en 2015 a empresa facía alusión nos seus escritos dirixidos á Xunta a “trámites” para emprazar os usos aos que destinaba o salón prefabricado noutro sitio “definitivo e axeitado”. Foi en outubro de 2019, cando a Xunta someteu a exposición pública a proposta dun plan especial de protección e dotacións co que Casal de Armán, cunha solicitude formulada por Bodegas Casal de Armán S.L, quere ampliarse sobre solo rústico para, entre outras cuestións, construír un “novo restaurante de eventos”.

Estes son os principais fitos temporais dos documentos do expediente de Patrimonio contra Casal de Armán (numerado 66/330), descoñecemos se existe un expediente sancionador que debería de ter aberto a Xunta de Galicia, con multas contra a empresa.



Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas situacións similares, con empresas pendentes de repoñelas ilegalidades das súas propiedades existen en Galicia?

2ª) Cales son as medidas levadas a cabo polo departamento de Patrimonio en materia sancionadora polo expediente aberto contra Casal de Armán S.L.?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 31/01/2023 13:25:32

Noelia Otero Lago na data 31/01/2023 13:25:48

Noa Susana Díaz Varela na data 31/01/2023 13:25:58





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En decembro do ano 2013, o Parlamento de Galicia aprobou, cos votos favorables do Grupo Popular e o voto en contra de toda a oposición, a Lei de garantías de prestacións sanitarias. Pouco despois, a Xunta comezou a desenvolver os distintos aspectos regulados nesta lei a través dos correspondentes regulamentos:

- Decreto 159/2014, do 11 de decembro, polo que se establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde.
- Decreto 54/2015, do 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de saúde de Galicia.
- Decreto 55/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o exercicio do dereito á libre elección de persoal médico de familia, pediatra e persoal de enfermaría en atención primaria, e de centro ou complexo hospitalario por un problema de saúde novo, no Sistema público de saúde de Galicia.
- E, finalmente, o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A pesares das profecías da oposición sobre a “derivación masiva á privada” ou a cualificación de “lei trampa que só pretende privatizar”, a realidade amosa que nada disto chegou a cumprirse e que un total de máis de 210.000 cidadáns beneficiáronse da entrada en vigor, en xaneiro de 2018, da lei de garantías de prestacións sanitarias nos tempos de espera do Servizo Galego de Saúde.

Actualmente, o marco normativo prevé a garantía de acceso a unha proba diagnóstica ou a unha primeira consulta de especialista en menos de 45 días e a unha intervención cirúrxica en menos de 60 días cando falamos de persoas con patoloxías oncolóxicas malignas, insuficiencia aórtica, aneurismas cerebrais, neoplasias, carcinomas, hidrocefalia ou desprendemento de retina.

Pasados xa catro anos desde a entrada en vigor deste decreto e descartados eses efectos nocivos prognosticados pola oposición e nunca producidos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia da Lei de garantías de prestacións sanitarias e os distintos decretos que desenvolven esta lei dende a súa entrada en vigor?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 12:40:30

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 12:40:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 12:41:00

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 12:41:12

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/01/2023 12:41:26

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 12:41:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 12:41:48





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Paula Prado del Río, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O mes de outubro de 2021 o Sergas aprobou o primeiro Plan de Igualdade da súa historia, co obxectivo de dotar ao sistema galego de saúde de ferramentas que permitan establecer medidas de cara a conseguir unha igualdade real entre mulleres e homes, tamén no ámbito sanitario.

Este Plan foi froito do traballo de dous anos no seo da Comisión de Igualdade ademais de contar co apoio de todas as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Sanidade CIG, CCOO, CSIF, SATSE e UGT.

A posta en marcha do devandito Plan supón a súa vixencia para os anos 2021-2024, o que deixa de manifesto o compromiso da sanidade pública galega de integrar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na organización como principio básico e ademais transversal.

Dentro deste Plan tamén se inclúen unha serie de medidas dirixidas ás persoas traballadoras embarazadas da organización.

Medidas orientadas a mellorar as condicións laborais posibles para as mulleres traballadoras do Sergas e entidades adscritas durante as etapas de embarazo, parto e postparto.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas específicas de cara as persoas traballadoras embarazadas recollida no I Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 12:45:33

Paula Prado del Río na data 31/01/2023 12:45:52

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 12:46:05

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 12:46:17

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 12:46:29

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 12:46:41

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 12:46:53

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 12:47:01



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 25 de xuño de 2020, o Consello da Xunta aprobou o Plan de Saúde Mental de Galicia, que establece para o período 2020-2024 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega e a establecer melloras na asistencia sociosanitaria ás persoas que padecen un trastorno mental.

Este Plan foi explicado ante este Parlamento polo Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, Jorge Aboal, o pasado 17 de decembro.

A través desa información coñecemos que a posta en marcha desta estratexia implica que o Goberno galego destinará no período 2020-2024 un orzamento de 83 millóns de euros a:

Incrementar o número de profesionais e dispositivos asistenciais no Servizo Galego de Saúde para a atención sanitaria aos trastornos mentais (con especial énfase nos destinados as atención á infancia e aos nosos maiores), desenvolver programas destinados á recuperación das persoas con trastorno mental severo (programas de





intervención comunitaria e ampliación do número de prazas en recursos sociosanitarios específicos) e fomentar a investigación nestas patoloxías.

Este plan prevé tamén a contratación de 240 novos profesionais ao longo de toda a súa vixencia.

En concreto, para os anos 2020 e 2021 estaba prevista a contratación de 120 novos profesionais.

O seu proceso de incorporación ralentizouse en 2020 por mor da pandemia pero a Xunta comprometeuse a recuperar o nivel neste ano 2021.

Logo do compromiso do Conselleiro ante o Parlamento, o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou o 23 de marzo de 2021 por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta a “Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiros/as especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024”.

Os Orzamentos de 2023, aprobados por este Parlamento o pasado mes de decembro, continúan coa programación prevista, incrementando 2,6 millóns de euros correspondente á dotación orzamentaria das 61 novas prazas en materia de saúde mental para o exercicio 2023.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





1. Que novos programas puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2022 en desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia?
2. Que actuacións ten previsto desenvolver en 2023 para continuar coa execución do Plan?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 12:50:21

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 12:50:43

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 12:50:55

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 12:51:07

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 12:51:21

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 12:51:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 12:51:41





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 2019 a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde estableceron unhas bases estratéxicas e de xestión, para o fortalecemento e reconfiguración da atención primaria.

Froito desta idea e do traballo de distintos grupos de profesionais xurdiron documento como o *Plan galego atención primaria 2019-2021* e o titulado Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde.

Dentro destes documentos, un dos aspectos nos que se fai incidencia é na necesidade de planificar proactivamente a unha determinada poboación nunha zona territorial específica, empregando para elo mecanismos como os Plans locais de saúde.

Estes Plans posibilitan unha atención integral, permitindo unha maior equidade, accesibilidade e proximidade no trato ao doente, así como unha mellor organización das axendas dos profesionais, buscando un liderado compartido entre os distintos profesionais.

Recentemente 29 novos Plans locais de saúde incorporáronse ós xa existentes, aumentando o número de plans a 43 centros de saúde en toda Galicia.



Creemos que estes Plans permiten a transformación da atención primaria no que atinxe á mellora da saúde da poboación e da eficiencia do servizo, así como da satisfacción dos profesionais e do incremento da calidade e experiencia do paciente, conseguindo impactos sociais e sanitarios duradeiros, que permitan acadar o ansiado modelo centrado nas persoas.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o Balance que fai a Xunta de Galicia dos plan locais de saúde?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 12:59:24

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 12:59:42

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 12:59:56

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 13:00:10

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 13:00:25

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 13:00:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 13:00:48





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No ano 2019, conscientes do impulso e especial atención que requiría a atención, procedeuse á redación do Plan Galego de Atención Primaria e a Estratexia Vertebradora do Sistema de Saúde.

Este documento estratéxico e de xestión establece a visión para o fortalecemento da atención primaria en Galicia nos próximos anos. Como documento estratéxico, establece as principais liñas de intervención, xunto a unha proposta para a súa implementación.

O Plan tamén establece como un dos obxectivos prioritarios a mellora da xestión de toda a demanda que manifesta a poboación ante os servizos de Atención Primaria.

Para afrontar este obxectivo, dende a Consellería de Sanidade e a través do Servizo Galego de Saúde, deseñouse un modelo organizativo propio e pioneiro en todo o Sistema Nacional de Saúde, nomeado como “Xestión Integral da Demanda en Equipo” (XIDE).

Este novo modelo organizativo, é un proxecto para optimizar a xestión das citas a demanda en Atención Primaria, mediante o cal todos os profesionais dos centros de saúde participan de forma interdisciplinar e dentro do seu marco competencial, para dar



unha resposta nun tempo e forma determinados a un motivo de consulta (demanda) exposto por un cidadán.

A día de hoxe o XIDE está implantado en máis de 120 centros de saúde que atenden a máis do 40% da poboación galega. Nestes centros, o XIDE ten rexistrados case 700 motivos de consulta, identificados e perfilados por un grupo multidisciplinar de profesionais que deseñou o sistema e segue a perfeccionalo a medida que avanza o seu uso.

Isto permitiu axilizar a atención de todas as consultas, posibilitando a derivación directa ao profesionais máis axeitado á demanda do paciente e priorizando os motivos que o sistema deseñado por profesionais sanitarios identifica como de consulta inmediata ou no mesmo día, á vez que permite deixar atrás un sistema médico-centrista ó non ter que pasar todas as consultas por este especialista.

Ó longo do pasado ano procedeuse á posta en marcha deste sistema de xestión da demanda en diferentes centros de saúde de toda Galicia, polo que valéndonos desa experiencia.

Polo exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que faia a Xunta de Galicia da implantación do Xestión Integral da Demanda en Equipo (XIDE) nos centros de saúde galegos?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 13:03:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 13:04:02

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 13:04:15

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 13:04:27

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 13:04:42

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 13:04:52

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 13:05:00





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A hepatitis C é unha enfermidade hepática causada por un virus RNA. Este virus pode causar unha infección que nunha alta porcentaxe é asintomática (60-75% dos casos) pero pode producir tamén unha hepatitis fulminante, que é un cadro potencialmente mortal.

Aproximadamente un 15-25% das persoas infectadas eliminan o virus espontaneamente nun prazo de seis meses, sen necesidade de tratamento algún.

Pero nunha alta porcentaxe de casos a infección aguda evoluciona á cronicidade con graves consecuencias para a saúde da persoa que a padece. Entre o 75% e o 85% das persoas que padecen a infección inicial contraen unha enfermidade crónica, e entre o 60% e o 70% das que padecen a infección crónica sofren unha hepatopatía crónica; entre un 5% e un 20% contraen cirrose e entre un 1% e un 5% falecen por cirrose ou cancro de fígado.

Por todo isto, o pasado ano, este grupo parlamentario preguntara polos avances na implantación dunha Estratexia galega de eliminación da Hepatite C, onde a Directora Xeral de Saúde Pública anunciara nesta Cámara a súa presentación nese mesmo mes.





Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance da Estratexia galega de eliminación da Hepatite C dende a súa posta en marcha ata o de hoxe?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 13:07:41

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 13:08:00

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 13:08:13

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 13:08:26

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 13:08:40

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 13:08:52

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 13:09:02



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) mudaron a sociedade actual, converténdose nunha ferramenta de uso diario. A sanidade, como o resto das disciplinas, ten a obriga de modernizarse e avanzar, adaptándose ás necesidades e esixencias da sociedade actual.

A innovación permitirá unha mellor atención ós cidadáns, unha maior interacción cos doentes, así como a optimización dos recursos e o desenvolvemento de novos retos na prevención e detección de distintas patoloxías.

Galicia non é allea a este cambios, por iso foi pioneira en procesos de dixitalización no ámbito sanitario como ca posta en marcha da historia clínica electrónica única (IANUS) no 2004.

Este sistema, empregado por todos os profesionais dos centros de saúde, hospitais, centros concertados, residencias sociosanitarias e oficinas de farmacia; e consultado a diario por multitude de cidadáns e profesionais facilitando e mellorando a atención.





A historia clínica electrónica foi sen dúbida a punta de lanza dun intenso proceso de dixitalización que englobou a todo o Servizo galego de saúde e, se cadra, se intensificou nos últimos anos con novas ferramentas como o TELEA e o CRM100.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as novas funcionalidades que recollerá o nova historia clínica electrónica?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 13:11:38

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 13:11:54

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 13:12:09

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 13:12:22

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 13:12:36

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 13:12:47

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 13:12:57





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O tabaco é unha ameaza para a saúde pública xa que mata a case 6 millóns de persoas ao ano, das cales máis de 6 millóns son consumidores directos e máis de 600.000 son non fumadores expostos ao tabaquismo pasivo. Cada seis segundos, aproximadamente, morre unha persona a causa do tabaco, o que representa unha de cada 10 mortes en persoas adultas. Segundo a OMS, ata a metade dos consumidores actuais poderían morrer por unha enfermidade relacionada co consumo de tabaco.

O consumo de tabaco é a primeira causa evitable de mortalidade e morbilidade.

Afortunadamente a Xunta de Galicia soubo reaccionar a tempo e, dende o ano 1993, está en marcha o Programa Galego de Promoción da Vida sen Tabaco, o cal engloba todas as estratexias e actividades para conseguir; diminuír a mortalidade e morbilidade causada por patoloxías asociadas ao consumo de tabaco, reducir o número de fumadores da nosa Comunidade, Atrasar a idade de inicio do consumo de tabaco, Asegurar o cumprimento da normativa vixente, Coñecer a evolución da epidemia tabáquica, e avaliar a efectividade das actividades implantadas polo programa.

É importante lembrar que calquera consumo, supón un risco para a saúde, xa que non existe un nivel seguro de exposición pasiva, nin de consumo, sendo tamén importante





coñecer que a adicción aparece, de forma xeral, ao redor dos dous anos do inicio do consumo.

En Galicia, as cifras de prevalencia de fumadores diarios mostran que, en poboación maior de 16 anos é do 17% . No grupo de 16-24 anos, encontramos que un 14,6% dos mozos fuman diariamente e un 7,6% faino de forma ocasional. É nas mozas encontramos un 10,6% de fumadoras diarias e un 7% de ocasionais, polo que neste grupo, a prevalencia é dun 22% nos homes, e do 17,6% nas mulleres. (SICRI 2018).

A industria do tabaco está a idear continuamente numerosas maneiras de seducir á mocidade, con novos produtos de consumo, que promoven como de baixo risco, co fin de captar "novos clientes".

As estratexias utilizadas baséanse na incorporación de formatos atractivos para estes produtos, promovendo a súa utilización en eventos, incluíndo sabores atractivos para os mais novos, propiciando novas formas de consumo como a shisha o pipas de auga ou os cigarros electrónicos, co fin de conseguir novos consumidores "fieis" ao produto.

Unha das principais consecuencias que ten o tabaquismo é o cancro de pulmón, un dos cancros con maior incidencia nos que Servizo Galego de Saúde. Este tipo de cancro é o terceiro en frecuencia tanto en homes (21.847) coma en mulleres, pero aínda así o cancro de pulmón é a primeira causa de morte por cancro, tendo unha mortalidade moi elevada e estimándose que está detrás de máis de 22.000 falecementos por esta causa ó ano.

Accións para o control do tabaquismo, como diminuír a accesibilidade, regular a publicidade, a venda e promoción do tabaco, os produtos do tabaco e os cigarros





electrónicos, son medidas de comprobada eficacia para a prevención e están especialmente dirixidas á poboación infanto-xuvenil, sector prioritario a protexer.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as medidas que se están a tomar dende a Xunta de Galicia fronte o tabaquismo?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 13:21:31

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 13:21:48

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 13:22:00

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 13:22:14

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 13:22:30

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 13:22:41

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 13:22:52





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A pandemia de coronavirus puxo en valor a saúde pública como disciplina en xeral. E en particular amosounos:

- Que a prevención das enfermidades, e en particular das enfermidades transmisibles, é unha ferramenta fundamental para protexer e mellorar o estado de saúde da poboación.
- A importancia de ter un sistema sanitario preparado para responder a ameazas presentes e futuras.
- A necesidade da colaboración multidisciplinar para acadar o maior nivel de coñecemento científico.

Galicia destacou nestes 3 anos por levar a cabo estratexias innovadoras que permitiron ter unha mellor abordaxe da pandemia (cribados masivos, auto-COVID, secuenciación xenómica nos hospitais galegos, convocatorias de vacinación activa).

E ten unha ampla experiencia no desenvolvemento de programas de saúde pública como os cribados poboacionais de cancro, o programa galego de vacinación, ou o





control oficial no ámbito da seguridade alimentaria e a sanidade ambiental, por exemplo.

A última medida é a recente creación, en decembro, do Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades, como órgano técnico especializado, responsable do asesoramento e coordinación das estratexias e políticas de saúde pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que valor terá para a nosa Comunidade a creación do Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades e cales serán as súas accións prioritarias segundo o aprendido?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 13:26:14

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 13:26:30

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 13:26:44

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 13:26:57

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 13:27:13

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 13:27:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2023 13:49:33
Nº Rexistro: 48804
Data envío: 31/01/2023 13:49:33.397

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 13:27:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-kskLHv9k-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

É indubidable que o uso dos antibióticos foi un dos avances máis importantes da medicina, e que é un dos factores que permite a saúde e o benestar como o entendemos na actualidade.

Non só pola súa aplicación na medicina humana, senón polo seu uso tamén na gandaría e agricultura, para a mellora na obtención de alimentos.

Pero dende hai anos, o foco de atención está na aparición das resistencias que as bacterias están presentando aos antibióticos, por causa dun mal uso destes. E isto pode provocar que para infeccións de pouca importancia haxa que empregar cada vez medicamentos máis potentes, ou incluso que nos quedemos sen antibióticos para combater determinadas infeccións.

Os expertos coinciden en que a crecente aparición e propagación das infeccións causadas por bacterias resistentes a antibióticos constitúe unha das ameazas máis graves para a saúde pública.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Como se pretende abordar en Galicia o problema referente á resistencia que as bacterias están presentando ós antibióticos nos próximos anos dende o ámbito da saúde pública?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/01/2023 13:30:25

María Corina Porro Martínez na data 31/01/2023 13:30:43

José Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2023 13:30:57

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 13:31:10

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/01/2023 13:31:26

López Sánchez, Rosalía na data 31/01/2023 13:31:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 31/01/2023 13:31:49



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O IES de Rodeira no concello de Cangas comezou como Instituto de Ensino Medio e Profesional no curso 1990-1991, concibido como resposta á escolarización do alumnado das cinco parroquias do Concello de Cangas.

O edificio orixinal durou pouco porque era demasiado pequeno e mal construído, polo que foi derrubado para construír un novo. Retomou a actividade no ano 1993 coa antiga FP e experimentalmente co terceiro e cuarto da ESO.

O IES de Rodeira conta cunha superficie de 8.000 metros cadrados distribuídos en tres niveis dedicados a aulas e obradoiros, un polideportivo e unha ampla área recreativa.

Neste centro traballan 102 persoas entre profesorado e persoal non docente. Con 91 docentes e sendo a media de alumnos e alumnas dos últimos anos de 1.100 que proceden da comarca do Morrazo (aínda que no caso dos ciclos formativos tamén de Vigo e Pontevedra). O contexto socioeconómico do alumnado é o correspondente a un municipio mariñeiro e industrial, así como en menor medida, funcionarios e profesionais liberais.

Nos últimos cursos asentáronse no Concello de Cangas un maior número de estranxeiros, o que supuxo un aumento da escolarización no centro, sobre todo de estudantes de Marrocos e Latinoamérica, o que supuxo unha reflexión do centro para facilitar a integración e respectar a diversidade cultural destes estudantes.

Este centro ten como actividades complementarias un grupo de teatro, un coro, unha revista, actividades deportivas, saídas culturais, así como certames literarios e matemáticos. E a maiores o IES de Rodeira colabora cos servizos municipais de prevención de drogodependencias, información á muller, educación e servizos sociais.



Este instituto como se pode comprobar ten unha gran actividade polo que necesita que dende a Administración autonómica arranxen os vestiarios e o cambio da pista do polideportivo, posto que están nunhas condicións pésimas para poder desenvolver de forma correcta toda a actividade deportiva que alí se realiza.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que o alumnado de Cangas, merecen o compromiso de todas as forzas políticas do Parlamento de Galicia para conseguir que esta obra sexa canto antes unha realidade, por iso presentamos unha emenda aos orzamentos do 2023 da Xunta de Galicia solicitando o arranxo dos vestiarios e o cambio da pista do polideportivo do IES de Rodeira en Cangas, sendo rexeitada a emenda polo Goberno autonómico.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado o Goberno galego realizar neste ano o arranxo dos vestiarios e o cambio da pista do polideportivo do IES de Rodeira situado no municipio de Cangas? En caso afirmativo, cando teñen pensando comezar coas obras? En caso negativo, por que non se van realizar ditas obras neste centro?
2. Cal foi o motivo polo que a Xunta de Galicia non incluíu estas obras do IES de Rodeira nos orzamentos do 2023?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro do 2023

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 31/01/2023 13:06:29

Noa Susana Díaz Varela na data 31/01/2023 13:06:37





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2023 13:58:56
Nº Rexistro: 48814
Data envío: 31/01/2023 13:58:56.741

Noelia Otero Lago na data 31/01/2023 13:06:48

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2023 13:06:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-ksKLLHv9k-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre os problemas na xestión do Bono social eléctrico da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de xaneiro do ano 2021 o Diario Oficial de Galiza publicaba a primeira convocatoria de Axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, dirixida ás persoas residentes na Galiza beneficiarias do bono social estatal cun 40% de desconto.

As axudas concedéronse en réxime de concorrencia non competitiva a todas as persoas que cumprían os requisitos, e consistían nun 50% da factura eléctrica correspondente á vivenda habitual do solicitante con unha contía máxima anual de 300 ou 450 euros -no caso de familias numerosas-.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación é o departamento responsable de realizar os pagamentos directamente ás empresas comercializadoras de referencia coas que ten asinados protocolo de colaboración, unha vez comprobado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos.

A Xunta destinou 1,3 millóns de euros á convocatoria de 2021, e para o ano 2022, a través dunha nova convocatoria destas axudas, reservou inicialmente 1,9 millóns de euros que tivo que ampliar até 2.150.000 euros a través dun orde de 29 de setembro do ano pasado, debido ao elevado número de solicitudes.

Durante o ano 2021 moitas empresas comercializadoras deixaron de remitir facturas ás persoas aboadas, un incumprimento das súas obrigas que constitúe unha infracción e que xa foi tratado nesta comisión a instancias do BNG nunha pregunta para resposta oral que veu responder o Director xeral de comercio e consumo, e na que ademais de informar sobre as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sancións impostas, parabenizouse da “resposta integral” que ofrece a Xunta de Galiza ás persoas consumidoras.

Mais o feito é que moitas desas persoas consumidoras en risco de exclusión beneficiarias do Bono social eléctrico da Xunta están tendo numerosos problemas por causa precisamente daquel incumprimento das empresas comercializadoras de emitir as facturas.

O problema máis habitual e máis grave é o de atoparse con que por non terse emitido as facturas en tempo e forma a Xunta non as pagou, ou as pagou parcialmente con cargo á convocatoria do ano 2022.

En calquera dos casos as comercializadoras están a reclamar esas cantidades debidas, ben directamente ou a través de outras empresas das se descoñece se fan simplemente a xestión do cobro ou se adquiriron de algún xeito a titularidade da débeda.

Até o de agora a resposta da Xunta está a ser dirixir ás persoas consumidoras con calquera das problemáticas que se están a dar cara o Instituto galego de consumo para que presenten unha reclamación a título particular.

Desde o BNG consideramos que a resposta e atención da Xunta debería ser efectivamente integral, tal e como facheu en comisión o representante da Xunta, o que resulta contrario á política de mandar a xente de peregrinación polas diferentes dependencias administrativas, sobre todo cando se trata de colectivos especialmente vulnerábeis, que ademais non teñen ningún tipo de culpa ou responsabilidade, e sobre todo cando se trata de incumprimentos na prestación de servizos públicos esenciais sometidos a control da Xunta de Galiza, como tamén o é, por certo, a xestión destas axudas en particular, tal como establecen ás ordes das convocatorias.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Está ao tanto a Xunta de Galiza das numerosas e diferentes problemáticas que ten provocado a non remisión das facturas por parte das empresas comercializadoras de electricidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Sabe a Xunta de Galiza que en algún casos as empresas están emitindo facturas duplicadas?

3. Ten constancia a Xunta de Galiza de que en algún caso as facturas amosan uns aumentos moi significativos do consumo destas persoas?

4. Sabe a Xunta de Galiza que as empresas están descontando cantidades pactadas en concepto de indemnización pola non facturación en tempo e forma do pago das facturas debidas? Considera a Xunta de Galiza que esta compensación é legal?

5. É consciente a Xunta de Galiza da situación de indefensión na que se atopan moitas das persoas beneficiarias das axudas debido ás dificultades que teñen para realizar trámites e xestións administrativas?

6. Que opina a Xunta de Galiza de que as persoas beneficiarias das axudas estean a recibir chamadas ameazantes para reclamarlles as cantidades debidas?

7. É consciente da Xunta de Galiza de que aquelas facturas do 2021 pagadas con cargo á convocatoria do 2022 están provocando un novo prexuízo ás persoas beneficiarias das axudas que ven reducido o seu crédito para o ano 2022 sen ningún dereito?

8. Que tarefas de control ten realizado a Xunta de Galiza sobre a xestión destas subvencións?

9. Que pensa facer a Xunta de Galiza para resolver o problema?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 31/01/2023 13:58:25

Daniel Pérez López na data 31/01/2023 13:58:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 31/01/2023 13:58:37



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Marisol Díaz Mouteira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O Goberno galego, en consonancia coas directrices marcadas pola Unión Europea, está a traballar a prol dunha mobilidade máis verde e sostible.

E neste sentido o Plan de sendas de Galicia, que está a desenvolverse desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade desde o ano 2016, está a dar cumprimento ao compromiso da Xunta de Galicia de habilitar, en estradas da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe.

Concretamente na comarca de Ourense o Plan de sendas recolle a execución de 16 quilómetros e unha inversión de ao redor de sete millóns de euros.

Actuacións nos concellos de Toen, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas ou Paderne de Allariz e tamén na capital.

Singularmente na cidade de Ourense en A Rabaza, Ponte Sevilla , Avda. de Ponferrada, Montealegre e Valdorregueiro.





E na mesma liña que as anteriores e con cargo aos fondos Next Generation, do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, a Xunta de Galicia vai a impulsar un itinerario, peonil e ciclista, que conectará a cidade de Ourense de norte a sur, enlazando a estación intermodal con Expourense, nun treito que coincide ademáis coa Vía da Prata-Camiño Mozárabe e que recollerá ademáis ramais de conexión con outras zonas da cidade mellorando os itinerarios de mobilidade actuais.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o Goberno galego do plan de sendas que se están a desenvolver na cidade de Ourense?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 31/01/2023 17:32:32

María Sol Díaz Mouteira na data 31/01/2023 17:33:02

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 31/01/2023 17:33:22

José Luis Ferro Iglesias na data 31/01/2023 17:33:33

Carmen María Pomar Tojo na data 31/01/2023 17:33:45

Ramón Carballo Páez na data 31/01/2023 17:34:00

José Manuel Balseiro Orol na data 31/01/2023 17:34:13

María Belén Salido Maroño na data 31/01/2023 17:34:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/01/2023 17:34:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2023 17:39:26
Nº Rexistro: 48822
Data envío: 31/01/2023 17:39:26.032

Freire Vázquez, María Begoña na data 31/01/2023 17:34:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-kskLHV9k-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Noelia Otero Lago, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Durante os 13 anos de gobernos de Núñez Feijóo á fronte da Xunta, Galicia reduciu a poboación ocupada en 65.000 traballadores e traballadoras. Xunto a ese balance, Galicia perdeu 100.000 habitantes nese período. En paralelo, o envellecemento da poboación galega implica unha pirámide de poboación cada vez máis invertida.

A relación entre o número de pensionistas e o de traballadores e traballadoras ten unha tendencia crecente que é reveladora da evolución económica e demográfica da nosa comunidade, cunha situación distinta á do conxunto estatal. A ratio de afiliados á Seguridade Social e pensionistas sitúase en 2,39 en España, mentres en Galicia está en 1,53. Particularmente, as provincias de Ourense e Lugo con 1,1 e 1,27 cotizantes por pensionistas, respectivamente, están na cola do conxunto das provincias españolas. A evolución da demografía galega, con baixa taxa de natalidade e crecente poboación xubilada, perfila unha tendencia preocupante para os próximos anos.

A xeración de emprego e o incremento da poboación ocupada constitúen obxectivos prioritarios para a economía e a sociedade galega ante os que o goberno da Xunta carece de estratexia e acción. Nunha economía galega con dificultades na xeración de emprego e con taxas de actividade e de ocupación especialmente febles, a política económica da Xunta debe abrir un novo tempo que impulse o crecemento da poboación ocupada con traballos dignos. O crecemento do número de pensionistas será unha realidade nos vindeiros anos en Galicia, o que require o crecemento do emprego para a puxanza e vitalidade do noso modelo produtivo e do benestar.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que políticas económicas vai aplicar o goberno da Xunta de Galicia para xerar emprego e facer crecer a poboación ocupada en Galicia?
2. Que plan de medidas vai adoptar a Xunta para mudar a tendencia decrecente da ratio de cotizantes por pensionistas en Galicia?
3. Que valoración fai o Goberno galego da evolución demográfica galega?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 31/01/2023 17:49:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2023 17:50:04

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/01/2023 17:50:14

Marina Ortega Otero na data 31/01/2023 17:50:23

Noelia Otero Lago na data 31/01/2023 17:50:33



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Os prezos crecen máis en Galicia que no conxunto do Estado. A inflación en Galicia situouse o pasado mes de decembro no 6,4 % respecto ao decembro anterior, nun nivel de incremento que está por riba do 5,4 % da media nacional, á vez que os prezos dos alimentos creceron nun 16,2 % en Galicia. A inflación incrementa o risco de desigualdade económica e exclusión social e corresponde ao goberno galego tomar todas as medidas necesarias para evitar máis desigualdade e pobreza.

Este incremento de prezos prodúcese mentres os salarios e as pensións en Galicia seguen por baixo da media de España. Os últimos datos referidos aos soldos dos galegos e das galegas, feitos públicos polo Instituto Nacional de Estatística, reflicten que as nóminas (salario bruto mensual) son un 4,4 % menores en Galicia que no conxunto do Estado. A maiores, estímase que o poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras de Galicia caeu en media en 740 euros en 2022, dado que os salarios creceron menos que os prezos.

En Galicia, na contorna do 25 % da poboación está en risco de pobreza ou exclusión social, o que supón algo máis de 680.000 cidadáns. A grandes rasgos, 1 de cada 10 galegos/as está en situación de pobreza e 1 de cada 20 en pobreza extrema.

A Enquisa Conxuntural a Fogares que publica o Instituto Galego de Estatística alerta de que os fogares que están tendo que tomar medidas para reducir gastos, aumentar ingresos ou afrontar pagos está á alza. Se no último trimestre de 2021 foron un 11,01 % dos fogares os que tiveron que cambiar os seus hábitos de compra mercado marcas brancas ou produtos en oferta, un ano despois a porcentaxe chega ao 40,91 %. Ademais, case un de cada dous fogares diminuíu gastos en aspectos como a roupa, a electricidade ou o transporte, pasando dun 16,91 % do último tramo de 2021 ao 46,53 % do mesmo período do 2022.



O 2022 amosou un novo escenario de crecemento dos prezos en Galicia e, aínda que o ritmo de crecemento estase moderando, o ano 2023 que iniciamos vén tamén marcado pola inflación. Isto afecta a moitas cuestións económicas e sociais, e nomeadamente implica un risco de pobreza para moitos galegos e galegas, así como de crecemento da desigualdade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que política económica vai adoptar a Xunta para evitar que a inflación implique maiores niveis de desigualdade na economía galega?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 31/01/2023 17:54:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2023 17:54:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para repostada oral na Comisión7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nesta iniciativa parlamentar pretendemos tratar dúas cuestións que consideramos de gran importancia para as mozas e mozos do noso país, comezaremos pola publicación da convocatoria.

No DOG nº 18 do xoves 26 de xaneiro do 2023 vén de publicarse a ORDE de 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para as persoas agricultoras xoves, financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), para o apoio ás inversións nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco del PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR404A, MR405A y MR405B).

Estaría todo en orde se estivera resolta e publicada a resolución que pecha a convocatoria do ano 2022 e se coñecesen cantas e cales persoas solicitantes quedan fóra. Pode ser que si se coñeza pero dende logo non hai publicación oficial e isto é en extremo prexudicial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa non se trata de unha cuestión de legalidade, que tamén xa que a administración da Xunta na súa relación coa cidadanía administrada debe garantirlle a seguridade xurídica, trátase de fomentar as novas incorporacións, tan necesarias para o noso país, dándolle tódalas oportunidades, cuestión esta que non está a acontecer con estas prácticas.

As persoas solicitantes na convocatoria do ano 2022 que aínda non saben se lle será aprobada a solicitude presentada están en inferioridade de condicións con respecto á convocatoria deste ano.

Nestes últimos meses as políticas da consellería van encamiñadas a frustrar entre os e as agricultores e gandeiros as expectativas que a propia consellería crea.

E isto empátanos coa segunda cuestión relativa á resolución da convocatoria do ano 22 na que parece que quedan demasiadas solicitudes fóra, como xa pasou nas axudas ás producións ecolóxicas e pode pasar nas axudas de agroambiente e clima. Determinadas prácticas no asesoramento ou uns criterios de selección pouco balanceados poden conducir á perda de axudas de un modo absurdo que contribuirá sen dúbida ó abandono do rural como efecto contrario ao que se debería perseguir.

Todo isto dende o punto de vista do BNG denota un fracaso onde se podería ter un éxito. Unhas políticas exercidas de xeito indolente que danan o agro galego con intención, porque por incompetencia parece bastante menos crible. En todo caso é preciso que dean explicacións.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7^a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai o goberno da xunta poñerlle fin ás malas prácticas en torno ás axudas para as producións agrogandeiras e resolver a problemática que veu causando con estas dúas últimas convocatorias para as axudas das novas incorporacións?

Consideran vostedes que están cumprindo coa legalidade na publicación das ordes de convocatoria?

Que sistemas de formación/información se utilizan para a formación das entidades de asesoramento?

Que control posterior utilizan na supervisión/inspección das entidades de asesoramento públicas e privadas a respecto da información facilitada ós usuarios/as?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 01/02/2023 10:13:46

Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/02/2023 10:13:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 01/02/2023 10:14:06



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A saúde é un ben básico de toda a cidadanía e a súa protección é un dereito constitucional recoñecido no noso país, cuxos principios fundamentais son a universalidade, equidade, gratuidade, financiamento e provisión pública.

O Hospital Virxe da Xunqueira hai 25 anos que iniciou a súa andadura, cando o Concello de Cee puxo a disposición da Consellería de Sanidade os terreos para a súa construción, pasando a ser Cee o punto de referencia da comarca en materia sanitaria.

O 20 de setembro de 2016 o Grupo Socialista de Cee presentou unha moción facéndose eco das demandas dos profesionais sanitarios e das persoas usuarias do hospital, moción que foi aprobada por unanimidade do Concello-Pleno e trasladada á Consellería de Sanidade, que atendeu unha parte das ditas peticións.

Nos últimos meses produciuse unha mingua importante nos servizos prestados no dito hospital, servizos que tiñan un funcionamento axeitado, que pese ás promesas dende a Consellería de Sanidade de dar solución aos problemas existentes, a realidade é que cada día son máis graves e hai novas necesidades, polo que o grupo de goberno do concello de Cee volveu levar unha moción ao Pleno do concello, que foi aprobada cos votos a favor do PSOE, PP, BNG e C's e a abstención de IxCee, na que se demandaban:

“1.- DERMATOLOXÍA: Dende o mes de Agosto non hai dermatólogo/a no hospital, tendo que desprazarse tódolos pacientes ao hospital de referencia.

2.- OTORRINOLARINGOLOXÍA: Pasouse de ter un servizo a tempo completo a que só se atenda dous días a semana.

3.- MEDICINA PREVENTIVA: Un servizo que está tendendo a desaparecer xa que só acude de forma esporádica e non programada unha profesional desprazada dende a Coruña, co que os controis de contaminación de filtros, augas, vacinacións e consultas de tuberculose fanse dunha forma non sistemática, co conseguinte aumento de riscos para usuarios e traballadores”.



E xa fóra do ámbito asistencial e dentro da salubridade e do coidado estético é rechamante o aspecto exterior do hospital. Novamente foron numerosas as promesas dende a Consellería de Sanidade da execución da limpeza do hospital, chegando a realizar un estudo do seu coste. A realidade é que o tempo pasa e o hospital segue sen limpar.

É por todo isto que o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cee presenta a seguinte MOCIÓN para seu debate e aprobación no Pleno.

Polo que se SOLICITA ao Pleno da Corporación de Cee que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Instar, de xeito urxente, á Consellería de Sanidade, dependente da Comunidade Autónoma de Galicia para que proceda a realizar as xestións necesarias adoptando os acordos pertinentes para dar solución á situación sanitaria exposta na parte dispositiva da presente moción e que se concretan en:

- Ampliación do servizo de reanimación a tempo completo*
- Incorporación dunha nova quenda de hemodiálise*
- Implantación do servizo de cardioloxía*
- Ampliación do servizo de dixestivo*
- Reapertura do servizo de dermatoloxía*
- Atención do servizo de otorrinolaringoloxía de luns a venres*
- Presenza dun profesional de medicina preventiva de forma programada tódalas semanas.*
- Limpeza da fachada do hospital e busca dunha solución permanente.*

2º.- Para o caso da súa aprobación dar traslado do acordo que se adopte co texto íntegro da presente moción á Consellería de Sanidade.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai atender o Goberno galego as solicitudes aprobadas polo Concello-Pleno de Cee para corrixir as deficiencias existentes e mellorar e ampliar os servizos prestados no hospital Virxe da Xunqueira?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2023 11:52:18

Julio Torrado Quintela na data 01/02/2023 11:52:32

Marina Ortega Otero na data 01/02/2023 11:52:42



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Ante as novas aparecidas recentemente nas que a secretaria xeral do Partido Popular de Galicia solicitaba aos eurodeputados do seu partido que propuxeran á Unión Europea “*que haga un poco de policía*” ante a xestión española dos fondos de Recuperación, Transformación e Resiliencia. A deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Avala o Goberno galego as palabras da secretaria xeral do seu partido?
- 2ª) Considera o Goberno galego correcto que, unha vez máis e tal como xa fixera o presidente do Partido Popular nacional, o Sr. Casado, se acuda a Europa a falar mal do Goberno de España?
- 3ª) Cal foi o posicionamento do Goberno de Galicia para que puidesen chegar estes fondos a España e, xa que logo, a Galicia?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2023 11:43:49

Gonzalo Caballero Míguez na data 01/02/2023 11:44:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galiza na zona verde da Universidade Laboral de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de xullo de 2021 o Concello de Ourense autorizou á Xunta de Galiza a realización de apeo de árbores existentes no recinto da Universidade Laboral de Ourense, indicando expresamente que o mesmo debería realizarse de conformidade co informe técnico elaborado pola empresa Proxecta Paisaxe.

Mediante escrito de 16 de agosto de 2021 a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza comunica ao Concello de Ourense que recibida a autorización procederá ao apeo das árbores consonte nas condicións marcadas pola Entidade Local, así como transplantaranse as árbores singulares indicadas no informe municipal e redactárase un proxecto para a repoboación do espazo con especies autóctonas.

O 17 de xaneiro de 2022, tras diversas denuncias de asociacións ecoloxistas e de defensa do patrimonio natural (SGHN, ADEGA, Asociación Amigos da Terra...) Técnico Municipal de Medio Ambiente do Concello de Ourense levanta Acta de Inspección en relación coa intervención realizada pola Xunta de Galiza na que indica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que “as actuacións son un claro incumprimento da autorización outorgada o IES Universidade Laboral”.

Nun informe técnico de marzo de 2022 se determina que sen ningún tipo de xustificación e por unha mala praxe da Consellaría de Educación, malia ter un informe técnico coas actuacións a realizar no recinto:

Talláronse un total de 242 árbores non indicados, sendo 233 piñeiros e 9 outros exemplares.

Danáronse 56 árbores en total, 13 piñeiros e 43 doutras especies

Están pendentes de talla 67 árbores, 63 exemplares de poda e 2 exemplares de transplante

Non se retiraron os restos de ramaxe consecuencia da talla, sendo necesaria a súa retirada para a recuperación do espazo

Non se retiraron os restos de palmeiras, constituíndo un reservorio para a praga de “Picudo Vermello” e un foco de infección para outros exemplares do recinto e doutros exemplares de xardíns, públicos e privados, da cidade

Finalmente as técnicas informantes propoñen a inmediata retirada dos restos da actuación, así como a redacción dun proxecto para a planificación das actuacións a realizar para recuperar o valor medioambiental e paisaxístico do bosque e mellorar a parte de xardinería do recinto.

Como consecuencia da realidade constatada polos técnicos informantes, o Concello de Ourense propón solicitar á Xunta de Galiza a reposición da legalidade medioambiental infrinxida, debendo presentar proxecto, que deberá ser autorizado polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concello, das tarefas e traballos a realizar para acadar a reposición ordenada. Asemade acordase a incoación de procedemento sancionador contra a Xunta de Galiza polo incumprimento da licenza municipal.

O 29 de novembro de 2022 por Decreto de Alcaldía o Concello de Ourense require á Xunta a que no prazo máximo de tres meses solicite a legalización do apeo realizado no recinto da Universidade Laboral, solicite licenza das actuacións de poda de exemplares perigosos que considere necesaria. Indicando que a execución proposta pola Xunta de Galiza de plantación das 300 árbores para a reposición da legalidade medioambiental infrinxida non precisa de licenza, sendo abonda a comunicación previa.

A día de hoxe persisten as consecuencias da a negligente e ilegal actuación da Xunta de Galiza, polo que a fin de asegurar o restablecemento dos danos causados ao medioambiente e a patrimonio natural da cidade de Ourense, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ordenou a Xunta de Galiza a talla de centenaes de árbores no recinto da Universidade Laboral de Ourense sen previa autorización do Concello de Ourense?

Realizou algunha acción para determinar e depurar ás responsabilidades derivadas de tal intervención?

Coñece a Xunta de Galiza a que especies correspondían as árbores talladas sen autorización?

Cónstalle á Xunta de Galiza que meses despois da talla permanecían sen retirar os restos de ramas e de palmeiras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu caso, eses restos poderían constituír un perigo de proliferación de pragas e un foco de infección para outros exemplares da cidade de Ourense, e principalmente do recinto?

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para minimizar os riscos provocados pola ausencia da retirada dos restos da talla?

Con que especies ten previsto realizar a recuperación do patrimonio natural e medioambiental no espazo da Universidade Laboral de Ourense?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/02/2023 12:39:30

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2023 12:39:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2023 12:39:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso, Olalla Rodil Fernández e Carmela González Iglesias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o Camiño de Santiago como vector de igualdade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego levamos anos insistindo, de xeito infrutuoso, en que é imprescindible unha reformulación do Xacobeo e da concepción actual do Camiño de Santiago.

A Covid-19 mudou o xeito de entender o ocio e os propios fluxos turísticos. Algo que, en principio, permitiría posicionar e consolidar ao noso país entre os principais destinos post-pandemia. Esa nova procura, agora xeralizada, de espazos naturais abertos, pouco masificados, conxuntamente coas increíbles potencialidades da Galiza no eido do patrimonio artístico, cultural e etnográfico, ou mesmo gastronómico, facían deste país o destino ideal.

Pero esa oportunidade, de converter Galiza nese destino consolidado a nivel internacional, choca de fronte coas políticas implementadas pola Xunta de Galiza.

O goberno galego insiste nunha políticas turísticas que abocan a parte do noso país a un turismo low-cost, masificado, no que avanza a xentrificación; mentres outra parte do territorio, con gran potencial, fica oculto.

É necesario apostar polo turismo con mirada ampla, e verdadeiramente transversal. As actuacións no territorio, as ferramentas de ordenación urbanística, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

defensa e protección da paisaxe ou mesmo as políticas de reactivación económica deben executarse dándolle un papel principal á actividade turística

E tamén é necesario acadar unha sustentabilidade real do modelo turístico. Un termo que se “manosea” tanto que case se perde o seu verdadeiro significado. Apostar pola sustentabilidade turística suporía orientar as políticas do goberno galego neste eido cara a xestión de todos os recursos, respectando a integridade da nosa cultura, os procesos ecolóxicos esenciais e a diversidade biolóxica, ao tempo que se podan satisfacer as necesidades económicas, pero tamén sociais do noso pobo.

Socialmente, o Xacobeo e o Camiño de Santiago, poden ser unha plataforma comunicativa de primeiro orde para introducir cuestións como a igualdade, corresponsabilidade, a tolerancia, a diversidade sexual, e moitos outros valores que van moito mais aló da espiritualidade relixiosa que impregna agora o Xacobeo e o Camiño de Santiago, que sendo absolutamente respectábel, e incluso positivo dende un punto de vista promocional, limita o potencial da marca, e polo tanto, a posibilidade de exportar unha imaxe real da Galiza, na que convive sen problemas a vangarda, o cosmopolita, coa tradición e o tradicional.

Galiza, aproveitando esa capacidade expansiva de penetración e forza comunicativa, podería exportar diversidade, igualdade e respecto. Pero para iso é imprescindible apostar, de verdade, por estes valores.

No que atinxe á igualdade, unha aposta real pola igualdade entre mulleres e homes, ademais de contundencia orzamentaria e políticas decididas, esixe facer por visibilizar socialmente esa aposta. Porén, a Xunta de Galiza, cos seus actos, comunica todo o contrario.

A Axencia Turismo de Galiza, ten atribuída a instrución do expediente para a concesión do título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago, pero a concesión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correspóndelle ao Presidente da Xunta, ben por iniciativa propia ou de autoridades, institucións ou entidades públicas ou privadas.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que un dos valores que debe transmitir o inmellorábel altofalante comunicativo que constitúe o Camiño de Santiago é a igualdade real entre mulleres e homes.

Porén, Xunta de Galiza elixiu a seis homes e ningunha muller como Embaixadores do Camiño desde o ano 2013 en que se creou este título.

Máis aló que se nos faga difícil de crer que en estes dez anos ningunha muller cumprise cos requisitos esixidos para recibir este recoñecemento, o goberno galego está a perder unha ocasión inmellorábel para transmitir a necesidade de acadar a igualdade real entre homes e mulleres aproveitando, con carácter xeral, a proxección mediática do Camiño, e en particular, a do título de Embaixador ou Embaixadora de Honra.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Considera o Goberno galego que o Camiño de Santiago e o Xacobeo constitúen plataformas comunicativa de primeiro orde para promover a nivel social cuestións como a igualdade, corresponsabilidade, a tolerancia ou a diversidade sexual?

Considera o Goberno galego que un dos valores que debe transmitir o Camiño de Santiago é o da igualdade entre mulleres e homes?

Cal é a razón pola que, nos dez anos de existencia do título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago, nunca se concedeu a unha muller?

Entre as propostas razoadas para o título que houbo nestes dez anos, cantas eran mulleres?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que méritos se tiveron en conta polas persoas instrutoras do expediente para outorgar o título aos oito homes galardoados?

Cantos dos galardoados foron propostos polo titular da Presidencia da Xunta de Galiza? Cales foron?

Cantos dos galardoados foron propostos por outras autoridades, institucións ou entidades públicas ou privadas? Cales foron? Que autoridades, institucións ou entidades públicas ou privadas foron as que os propuxeron?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Olalla Rodil Fernández

Carmela González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 01/02/2023 18:27:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/02/2023 18:27:50

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2023 18:28:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 01/02/2023 18:28:10



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O pasado 10 de outubro, o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, mantivo unha reunión co alcalde do Concello de Noia, Santiago Freire, para avanzar no proxecto de construción dun novo centro de saúde nesa localidade. Nesa xuntanza asinouse un convenio de colaboración entre o Concello e o Sergas que, segundo indicaron ambas partes, serviría para marcar a folla de ruta para a construción dese necesario novo centro sanitario.

Noia é cabeza de comarca e o seu centro de saúde presta servizo a milleiros de persoas de concellos limítrofes, sendo a referencia na atención sanitaria de toda a súa contorna. Malia isto, o edificio que actualmente alberga este servizo presenta problemas non só conxunturais senón tamén de tipo estrutural, como poden ser as dificultades na accesibilidade e serios problemas de espazo e de mobilidade de determinados pacientes derivado de ter máis dunha planta.

Malia ser patentes todo o ano, este tipo de dificultades acrecéntanse especialmente durante os períodos estivais nos que o aumento da poboación visitante leva aparelado un incremento da demanda deste servizo que provoca, dados os problemas de espazo do centro, dificultades no desempeño da actividade profesional e unha atención de menor calidade para as persoas doentes.

A construción deste novo centro de saúde é por tanto non só necesaria senón urxente. Unha obra destas características non pode agardar máis do estritamente necesario, pois ten implicacións nas condicións de vida e na calidade do servizo de milleiros de persoas.

Porén, dende a sinatura conxunta do convenio entre o Concello de Noia e a Consellería de Sanidade, non se volveu realizar ningún avance significativo neste sentido. O Concello de Noia xa ten postos a disposición da Xunta de Galicia os terreos destinados a albergar este novo edificio e cómpre que o Goberno autonómico continúe a dar pasos para poder iniciar a construción coa menor demora posible.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:



1ª) Cando está previsto iniciar a licitación do proxecto de construción do novo Centro de Saúde de Noia?

2ª) Que prazos manexa o Goberno galego de finalización da construción do novo centro?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 01/02/2023 13:52:21

Julio Torrado Quintela na data 01/02/2023 13:52:37

Marina Ortega Otero na data 01/02/2023 13:52:49





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Mercedes Queixas Zas, Iago Tabarés Pérez- Piñeiro e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á corrección da deturpación do topónimo de Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada Ou-536 (Ourense-Trives).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos aspectos onde a represión lingüística, especialmente a impulsada na ditadura franquista, se fixo máis visíbel e simbólica é o da deturpación da toponimia.

Sobre o papel, desde a aprobación do Estatuto de Autonomía, Galiza desenvolveu instrumentos diversos para recuperar e restaurar ámbitos de uso para a lingua. Máis aínda, colectivos sociais e culturais desenvolveron unha importante labor neste ámbito. Así mesmo, as recomendacións internacionais a prol da diversidade lingüística e da protección das linguas minorizadas e minoritarias contempla a necesidade de salvagarda dos nomes propios e de lugares, mesmo as propias Nacións Unidas teñen ditado recomendacións ao respecto.

No marco desta evolución, a propia Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística fixa o marco para o uso oficial do galego en diversos ámbitos e senta os vieiros legais para a recuperación e fixación da toponimia galega. No seu artigo 10 establece que "os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega" e que "corresponde á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais dos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galiza.”

A pesares da normativa existente, distintas entidades públicas e privadas seguen a vulnerala sistematicamente. Aínda que se deron pasos adiante, grazas ao labor de entidades como A Mesa pola Normalización lingüística e doutros colectivos sociais e culturais así como de organismos e entidades vinculados ao estudo e divulgación da lingua galega.

Porén, malia este esforzo, continúa sendo norma que os topónimos sexan deturpados. Froito do desatendemento das administracións e da vontade recentralizadora do Estado, continúan presentes moitas mostras de deturpación dos nomes e numerosos incumprimentos da lexislación vixente.

De forma especialmente preocupante, chama a atención que o topónimo Ourense sexa mal empregado pola propia administración, sendo habitual no ámbito ferroviario. Máis aínda, a propia Xunta de Galiza está a deixar moito que desexar canto ao cumprimento da norma, tanto na súa defensa diante do Estado e das entidades privadas como nos ámbitos que lle son competencia propia.

Un destes exemplos negativos é o caso da estrada OU-536 entre Trives e Ourense. Durante anos, este grupo Parlamentar alertou do uso deturpado do topónimo Ourense na estrada de titularidade galega OU-536, que une Ourense e Trives. Desde a Xunta de Galiza, para a que non é unha prioridade, a actitude foi de falta de dilixencia. Finalmente, cando se acometeu a reforma da Avenida de Otero Pedrayo ao seu paso pola cidade, corrixiuse o sinal deturpado á altura do barrio das Lagoas. Porén, nesta estrada continúan mostras vivas deste desleixo, como é o caso do sinal que existe no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alto do Couso, que por outra banda está obsoleto e non encaixa co paradigma de sinais que se emprega na actualidade.

Por estes motivos, e tendo en conta a importancia de que a Xunta de Galiza se comprometa co respecto á toponimia do noso país, é necesario que acometa a corrección desta situación con carácter inmediato.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai corrixir o goberno galego os topónimos deturpados das vías que son da súa responsabilidade e singularmente da OU-536?

. Vai corrixir a Xunta de Galiza o caso referido? En que prazo?

. Coñece máis? Que actuacións leva a cabo para fiscalizar o cumprimento? Recibiu reclamacións ao respecto por parte dalgún municipio? En que datas e con que resultado? E doutros colectivos sociais? Cales e en que data?

. Que ten feito a Xunta para que o Estado cumpra a legalidade cos topónimos galegos?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert
Mercedes Queixas Zas
Iago Tabarés Pérez- Piñeiro
Manuel Lourenzo Sobral
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2023 10:49:23

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 10:49:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/02/2023 10:50:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 10:50:33

María González Albert na data 02/02/2023 10:50:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** en demanda dun Estudo de Impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevén construír no Monte do Gato que garanta a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, está prevista a construción de 6 parques eólicos - P.E. Felga, P. E. Gato, P. E. Penas Boas, P. E. Feás, P. E. Seselle e P. E. Fontella – cun total de 40 aeroxeneradores. O Monte do Gato está incluído dentro das áreas de desenvolvemento eólico do Pico Felga e do Monte do Gato recollidas no Plan sectorial eólico de Galiza.

Catro destes proxectos de Parque Eólico pasaron recentemente a exposición pública dos seus estudos de impacto ambiental (EIA), concretamente o P. E. Felga que promove Greenalia, e os Parques Seselle, Feás e Fontella que promove Galenergy. Desde o BNG presentamos alegacións a estes proxectos nos que botamos en falta un estudo de conxunto do impacto destes 40 aeroxeneradores nunha área de menos de 5 quilómetros. Os impactos ambientais estúdanse por separado, e nos casos dos tres parques de Galenergy nin sequera se recollen os outros 3 parques de Greenalia que se prevé construír na zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A fragmentación dun Parque Eólico é unha práctica fraudulenta cando se presenta un Estudo de Impacto Ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evitando unha avaliación global de todo o proxecto e das garantías esixibles, como recolle a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, Sede A Coruña, Sección 3, data 09/11/2020, Nº de Recurso 7134/2019, Nº de Resolución: 254/2020.

Ademais no Monte do Gato atópase unha gran necrópole megalítica formada por 17 mámoas catalogadas e dous petróglifos. Se ben, esta necrópole, que foi sinalizada no seu día, se atopa nunha situación de evidente abandono por parte das administracións que teñen a competencia sobre patrimonio e que teñen a obriga legal da súa conservación e posta en valor, nomeadamente da propia Xunta de Galiza, que ten a competencia exclusiva sobre o Patrimonio en Galiza, trátase dun importante ben patrimonial que é necesario conservar e poñer en valor.

Segundo puidemos ver nos medios de comunicación nas pasadas semanas na zona onde se prevé a instalación dun dos aeroxeneradores do Parque Felga, existen dúas mámoas non catalogadas e sempre segundo información dos medios, despois da denuncia dunha veciña da zona, isto vai obrigar a repetir o estudo arqueolóxico para este parque en concreto.

Ademais, 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella atópanse dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo e afecta ademais, segundo o propio Estudo de Impacto Ambiental, a un hábitat de interese comunitario.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten a Xunta de Galiza coñecemento da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que impide a división en diferentes proxectos dun mesmo Parque Eólico para evitar as garantías ambientais?

- Pensa obrigar a realización dun estudo conxunto do impacto deses 40 aeroxeneradores e polo tanto un novo estudo do impacto ambiental dos mesmos?

- Ten a Xunta coñecemento da situación en que se atopa a Necrópole Megalítica do Monte do Gato, con 17 mámoas catalogadas e petróglifos que se verán afectados directamente por estes Parques?

- Que medidas pensa tomar para garantir a correcta catalogación dos bens patrimoniais da zona, despois de demostrarse que hai elementos aínda sen recoller nos catálogos de bens patrimoniais? Que medidas pensa tomar para garantir a súa conservación e posta en valor?

- É coñecedora a Xunta de Galiza de que 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella se atopan dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo?

- Que medidas vai adoptar para priorizar a boa saúde ambiental desta zona considerada hábitat de interese comunitario

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 11:04:32

Daniel Castro García na data 02/02/2023 11:04:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 11:04:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de ampliación da oferta formativa en interpretación de lingua de signos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, estímase que existen en Galiza uns 800 intérpretes titulados mediante a formación regulada na Titulación de Técnico Superior de Interpretación da Lingua de Signos e Guía-intérprete de Persoas Xordocegas que se impartiu no CIFP Ánxel Casal da Coruña entre os cursos 2000-01 e 2015-16.

Nesta altura, en Galiza non dispomos de oferta formativa desa cualificación oficial profesional, pois o Ciclo Superior de Mediación Comunicativa non alcanza os obxectivos nin o grao de formación que si atendía a mencionada e xa extinta titulación.

Este baleiro formativo existente desde o ano 2016 explica que na actualidade non haxa unha oferta suficiente de intérpretes en disposición de traballar e de atender as demandas dos servizos de interpretación.

Ao non se acrecentaren novas promocións, non se pode garantir a dispoñibilidade de profesionais para traballar nos distintos sectores nos que se precisan, é dicir, os servizos públicos (ensino, sanidade, ámbito xurídico, administrativo...), o ámbito asociativo e os servizos privados puntuais.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación, constatada desde a delegación galega da Federación Española de Intérpretes de Lengua de Signos y Guías-Intérpretes, aínda se ve agudizada pola imposibilidade de accederen os profesionais da interpretación a estudos de grao no sistema universitario galego para avanzar na súa especialización.

Poder optar á formación universitaria de intérpretes de lingua de signos abriría a posibilidade de que os actuais profesionais, estean ou non en activo, poidan optar a unha titulación superior para poder obter mellores condicións de traballo.

Nesta altura esta formación só é accesíbel fóra de Galiza, o que dificulta, cando non imposibilita, as facilidades para o seu acceso, tanto para persoas traballadoras con vontade de ampliaren a súa formación como para novas estudantes.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta da insuficiente oferta de profesionais da interpretación en lingua de signos para atender as necesidades reais da poboación xorda?

. Concorda o goberno coa necesidade de ampliar a oferta formativa en interpretación de lingua de signos na oferta pública da formación profesional?

. Concorda coa necesidade de ofrecer desde o sistema universitario galego esta formación de grao para ampliar a súa formación e especialización?

. Que medidas se adoptaron por parte do goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime desta cámara de ofertar servizos de intérpretes na sanidade pública galega de forma continuada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Está cuberta esa atención tan imprescindible á que teñen dereito as persoas xordas?

. Que procedemento empregaron para dar resposta a este servizo?

. Que medidas se compromete a activar a Xunta de Galiza para atender as necesidades formativas de profesionais intérpretes de lingua de signos, actualmente insuficientes?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 11:10:05

Olalla Rodil Fernández na data 02/02/2023 11:10:09

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 11:10:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a adquisición pola Xunta de Galiza de tres parcelas en Ourense para a construción de vivendas de promoción pública destinadas ao alugueiro e os proxectos redactados a tal fin.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de decembro a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda anunciaba a adquisición a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (SAREB) de tres parcelas no concello de Ourense, na zona da Cuña e Seixalbo, para a construción de preto de 66 vivendas de promoción pública con destino ao alugueiro para familias con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM. Para a materialización de tan necesaria intervención pública anunciábase un investimento de 12 millóns de euros, “algo máis de 1 M€ para a compra das parcelas e preto de 11M€ á construción de 3 inmóbeis”.

Non ha dúbida da necesidade de dotar á cidadanía de Ourense de vivenda de promoción público, realidade que acredita mesmo o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galiza e que resulta coherente coa ausencia de construción de vivenda de promoción pública nos últimos anos. Así, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística entre os anos 2014 e 2021 no concello de Ourense non se iniciou a construción de ningunha vivenda protexida.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sen prexuízo do anuncio de tan necesaria construción de vivenda público, que non só deberá materializarse con urxencia senón que deberá ser o primeiro de moitos para poder atender a demanda existente; cumpre coñecer a concreción do anuncio realizado e a xestión efectuada dos recursos públicos, pois experiencias recentes acreditan a reiteración de anuncios sen eficacia práctica algunha ou as adquisicións da Xunta de Galiza sen rigor algún e en claro prexuízo das, sempre escasas, arcas públicas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Que trámites se realizaron para a adquisición á SAREB das tres parcelas para a construción das anunciadas vivendas de promoción pública no concello de Ourense?

Examinou a Xunta de Galiza outras alternativas?

No seu caso, cales e porque desbotou esas alternativas?

As parcelas adquiridas supoñen 2.992 m2 destinados á construción de 66 vivendas, quen e cando se redactou o proxecto, anteprojecto ou informe no que se fundamenta a necesidade da superficie adquirida para o fin anunciado e do prezo acordado?

Considera a Xunta de Galiza que a efectiva materialización do anuncio realizado permite atender as necesidades presentes e futuras de vivenda pública de Ourense?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Noa Presas Bergantiños
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/02/2023 11:56:47

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2023 11:56:57

Alexandra Fernández Gómez na data 02/02/2023 11:57:07





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a restitución do Castro Cociñadoiro (Arteixo-A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2004, a Autoridade Portuaria da Coruña convocou o concurso para a adxudicación das obras de construción das Novas Instalacións Portuarias en Punta Langosteira.

En xaneiro de 2005 iniciouse a escavación do castro. Coa chegada do verán de 2005, máis concretamente o 7 de xullo, o proceso estaba concluído e o 100% do sitio arqueolóxico estaba á vista ou liberalizada a zona do castro de Punta de Muros como consta na páxina web do porto exterior de Arteixo-A Coruña.

O xacemento do castro de Cociñadoiro ou Punta de Muros (Arteixo, A Coruña), localizado nun punto estratéxico, xusto antes da chegada ao golfo Ártabro desde o sur, hoxe en día atópase destruído como consecuencia da construción do complexo portuario de Punta Lagosteira.

Trátase dun caso excepcional, tanto pola súa función como pola súa cronoloxía, ao contar cunha datación que nos permite situalo como un dos castros máis antigos do noroeste peninsular. A súa fase de construción estímase na transición do século X ao IX





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a.C., aínda que o seu momento de máxima ocupación e actividade non se desenvolvería até os séculos VIII e VII a.C., permanecendo activo até o seu primeiro abandono no paso da Primeira á Segunda Idade de Ferro.

A Autoridade Portuaria organizaba visitas guiadas ás obras do Porto Exterior da Coruña durante varios anos para amosarlle aos cidadáns o proxecto mais nunca as organizaron durante a escavación do castro. A escavación levouse a cabo con sumo ocultismo, pois, durante todo o proceso, non se comunicou nada á comunidade local, nin á científica nin aos medios, sobre o que alí se atopou. Todo se mantivo en silencio, malia coñecerse perfectamente a relevancia do espazo.

Os responsables da Autoridade Portuaria, canda a Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura, tomaron a decisión de facer desaparecer o xacemento, de costas aos cidadáns, lexítimos propietarios e financiadores da escavación do sitio arqueolóxico, tanto da comunidade local de Arteixo como do resto do país.

Uns anos máis tarde, en 2009, e nos límites expropiados polo Porto Exterior a 200 metros do castro de Rañobre, sacaron á luz unha zona de 30 metros lineais que parecía corresponderse cunhas construcións funerarias de época tardorromana.

A veciñanza, e máis en concreto a asociación de veciños de Rañobre, arrincaron o compromiso da Autoridade Portuaria de analizar exhaustivamente os restos atopados e estudar as liñas a seguir para a súa conservación, recuperando os seus achados, valorando a súa exposición igual que se faría co Castro Cociñadoiro, promesas incumpridas até hoxe pola Autoridade Portuaria e por Fomento co pobo de Arteixo e Galiza.

Moitas son as dúbidas e a falta de coñecemento que hai sobre estas tumbas tardorromanas atopadas no entorno do Porto Exterior de Arteixo-A Coruña. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocultación por parte da administración do Estado segue a ser a única certeza que podemos saber.

Estatutariamente, Galiza asume como tarefa principal, a través das súas institucións democráticas, a defensa da súa identidade, e os poderes públicos galegos están na obriga de remover os obstáculos que dificulten a participación dos individuos e dos grupos na vida cultural galega.

Neste marco, o Estatuto de Autonomía de Galiza asumiu, no seu artigo 27.18, a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese do noso país.

Recolle a Lei de patrimonio cultural de Galiza unha serie de disposicións xerais que definen o patrimonio cultural desde unha perspectiva ligada ao seu uso e disfrute pola cidadanía, concibíndoo como un instrumento de cohesión social e desenvolvemento sostible que dá soporte, como elemento integrador, á identidade do noso pobo.

Establece ademais o ámbito de competencias, como xa vimos, e o réxime de colaboración interadministrativa, fomentando a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e promoción do patrimonio cultural de galego.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Ante a falta de determinación da Xunta de Galiza na defensa do patrimonio que lle é propio e de responsabilidade, teñen coñecemento da localización dos restos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

achados do Castro Cociñadoiro de Punta Lagosteira e das tumbas tardorromanas en Arteixo e do estado de conservación na que se atopan?

. Teñen, a día de hoxe, informe do inventario dos materiais aparecidos nas escavacións?

. Teñen pensado solicitar o traspaso de materiais e achados, tanto do Castro de Punta Lagosteria como das tumbas tardorromanas aparecidas en Rañobre nos terreos do Porto Exterior, atendendo ao articulado da nosa lexislación sobre patrimonio?

. A débeda coa sociedade arteixá é clarísima por parte da administración do Estado a través da Autoridade portuaria, pois en 2012 debería estar construído o Centro de Interpretación que debера aloxar os materiais aparecidos no xacemento. Pensa a Xunta de Galiza reivindicar ante o Estado a construción de dito Centro museístico? Teñen mantido conversas neste sentido?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 12:22:23

Daniel Castro García na data 02/02/2023 12:22:27

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 12:22:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o impulso en Galiza dun programa de retención e captación de talento forte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aposta na xeración de coñecemento como motor de desenvolvemento social, económico e cultural está fóra de toda dúbida, máis aínda despois da crise sanitaria provocada pola Covid-19 e as implicacións que esta tivo e está a ter máis aló da saúde.


A I+D+i non é só un ámbito estratéxico para a modernización e diversificación do tecido produtivo, tamén constitúe un sector produtivo en si propio cuxa achega reporta unha enorme riqueza ao conxunto da economía e da sociedade. Así o demostran os datos daqueles países, algúns deles da nosa contorna, que levan anos investindo en ciencia, investigación e innovación.

Se tomamos como referente o Regional Innovation Scoreboard 2019 (o último dispoñíbel) publicado pola Comisión Europea vemos como Galiza se sitúa entre os territorios cunha innovación moderada baixa (Moderate – Innovator) fronte a Euskadi ou Catalunya que se sitúan dous chanzos por riba como rexións europeas Moderate + e aínda máis afastado está o norte portugués que é definido en termos comunitarios como unha rexión innovadora forte (Strong -).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Malia o inmenso potencial que posúe Galiza nesta materia, estanse a desaproveitar recursos e a perder oportunidades ao carecer, entre outras cousas, dun investimento forte –tanto público como privado– e dun programa de recursos humanos completo.

Neste senso, para o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego hai dúas cuestións urxentes que deben abordarse se queremos apostar, de maneira real e non só retórica, na I+D+i como motor de desenvolvemento.

Dunha banda, incrementar o investimento en I+D+i até o situar, progresivamente, no 2,5% do PIB. Actualmente e de acordo cos últimos datos oficiais dos que dispomos (IGE, 2019), o investimento en Galiza en materia de I+D+i apenas se sitúa no 0,97%, unha cifra pírrica que está por baixo do investido no país hai pouco máis dunha década (1,04% en 2008).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doutra, o deseño dun programa de retención e captación de talento forte dentro dun plan de recursos humanos que aposte no máis importante que ten calquera sistema investigador, as persoas. Dentro del debe existir unha carreira investigadora completa e definida en todas as súas etapas –desde a formativa até a profesional-- garantindo certeza, estabilidade e capacidade de previsión ao persoal investigador.

Aí, xoga un papel esencial a etapa de consolidación da carreira investigadora que permita quedar ao persoal formado en Galiza que así o desexe e retornar a aquel outro que se formou total ou parcialmente no estranxeiro evitando a denominada fuga de talento.

E é que, a inexistencia na práctica dun programa forte de retención e captación de talento no noso país está a provocar a expulsión de dúcias de persoas investigadoras cada ano e impide retornar a outras. Isto, ademais da enorme perda de capital humano que representa, supón unha enorme perda económica para Galiza. Cómpre lembrar o importante esforzo colectivo que representa a formación do persoal investigador para o conxunto da sociedade galega, investimento na súa práctica totalidade público que acaba revertendo na xeración de coñecemento e capital humano noutros lugares de Europa e do mundo pola falta de oportunidades aquí.

Na nosa contorna máis próxima temos exemplos de programas de retención e captación de talento exitosos que situaron a territorios como Euskadi ou Catalunya na vangarda da investigación e innovación dentro do Estado español e da Unión Europea.

As fundacións ikerbasque e iCrea, coas súas diferenzas, supuxeron un enorme impulso á política de I+D+i vasca e catalá amosando o enorme retorno que a ciencia e a investigación teñen para o conxunto da sociedade e, especialmente, para o desenvolvemento económico, social e cultural de calquera país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As cifras así o avalan. O ikerbasque conta cun orzamento anual de 19 millóns de euros, en 2020 obtiveron 35,3 millóns de euros en fondos captados por 290 investigadoras e investigadores que traballan en 812 proxectos. O retorno directo é de dous euros por cada euro que invisten.

Estes resultados non son flor dun día senón dun traballo de anos mais sobre todo dunha aporta estratéxica pola I+D+i.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Valora a Xunta de Galiza impulsar un programa de retención, retorno, consolidación e captación de talento investigador semellante ao ikerbasque e/ou o iCrea?

. Cre que a política de I+D+i que desenvolveu o Goberno galego nos últimos dez anos é a mellor para impulsar a ciencia, a investigación e a innovación como un sector estratéxico de desenvolvemento económico, social e cultural?

. Que plans ten no inmediato e a futuro a Xunta de Galiza nesta materia?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 12:26:00

Olalla Rodil Fernández na data 02/02/2023 12:26:05

Daniel Castro García na data 02/02/2023 12:26:16

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 12:26:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de resolver os graves problemas que arrastra o IES Chapela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Chapela foi construído en 1991, logo dunha intensa mobilización veciñal que expresaba a existencia dunha forte necesidade de que Chapela contase cun novo centro educativo destas características. O tempo viu dar a razón aos veciños e veciñas, xa que se no primeiro ano após a posta en funcionamento do centro houbo xa 400 alumnas e alumnos matriculados, hoxe a cifra elévase ate os 936 matriculados. Na actualidade este é un centro moi dinámico cuxa oferta inclúe 6 ciclos de Formación Profesional que atraen a alumnado de toda a comarca.

Porén, as instalacións do centro presentan enormes carencias e problemas, algunhas delas moi graves, que ao longo de todos estes anos non atoparon ningunha resposta por parte da Xunta. Boa parte destes problemas “históricos” son consecuencia da improvisación e das présas coas que se fixeron as obras e dunha falta de vontade por procurarlle solucións.

A primeira decisión problemática foi o emprazamento escollido, xa que o instituto linda a leste coa estrada nacional e pola cara sur transcorre de forma paralela á fachada, a tan só escasos dez metros, a autoestrada AP-9. O ruído constante que xeran





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estas dúas infraestruturas supera de forma permanente os 65 decibelios e chega a picos de ate 80 dB, cando a intensidade sonora máxima para o ámbito docente está limitada en 55dB. Esta banda sonora permanente ten un impacto evidente na calidade ambiental do centro, na saúde do alumando e do profesorado e na calidade do ensino.

Se a situación era grave con anterioridade, coas actuais normas de ventilación por mor da pandemia a situación é insostible. Na actualidade algunhas das aulas orientadas cara estas infraestruturas rexistran un nivel de ruídos tan elevado que imposibilita que o alumnado poida escoitar ao profesor ou mesmo o debate nas aulas. O nivel de ruído é tan elevado ao punto de que o profesorado necesita apoiarse no uso de micrófonos e altosfalantes para facerse escoitar.

A falta de instalación de pantallas acústicas e medidas correctoras tradúcese no día a día do alumnado e do profesorado en maior irritabilidade, fatiga, perda de audición e dificultades para concentrarse. A instalación de pantallas acústicas na AP9 sería unha medida fundamental que incomprensiblemente a día de hoxe continúa sen realizarse. Para alén disto existen outras medidas complementarias que son necesarias na medida en que poderían contribuír a minimizar os ruídos, mais a Xunta de Galiza nunca realizou ningún estudo ou proposta neste sentido.

A outra decisión problemática que se tomou para a construción do IES de Chapela foi a de escoller unha parcela pequena, cunha forma irregular e sen capacidade de ampliación. Na actualidade o centro non conta con ningún espazo cuberto onde realizar actividades deportivas ou culturais cun aforo superior a 60 persoas. O único espazo habilitado como ximnasio ten graves problemas que impiden na actualidade o seu uso como tal, de forma que na práctica o alumnado debe desprazarse ate un pavillón municipal fóra do recinto. É realmente urxente dotar ao centro dun espazo cuberto onde realizar este tipo de actividades. Porén a parcela non conta con espazo para a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

construción dun novo polideportivo, polo que a mellor opción sería cubrir a pista polideportiva ao aire libre.

A falta de planificación inicial tamén fixo con que resulte necesario resolver o problemático acceso actual cunha nova entrada directa dende a estrada principal e un maior número de prazas de aparcadoiros. Así mesmo, o incremento de alumnado non se traduciu nun aumento do persoal administrativo, polo que o centro presenta carencias para prestar este servizo de forma continuada durante todo o horario lectivo.

En definitiva, este centro leva 30 anos arrastrando graves problemas que minguan a calidade educativa que recibe o alumnado e que incluso afectan a saúde de alumnado e profesionais.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Ten intención a Xunta de Galiza de realizar un proxecto completo que aborde as deficiencias históricas das instalacións do IES Chapela?

. Conta a Xunta de Galiza con algún estudo sobre o elevado nivel de ruídos que está a soportar o IES Chapela e do impacto que comporta sobre a saúde e a calidade do ensino?

. Está a Xunta de Galiza mantendo algunha negociación co Goberno Central sobre o apantallamento da AP-9 ao seu paso pola área urbana de Vigo e nomeadamente no seu paso polo IES de Chapela?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten acordado a Xunta de Galiza unha data límite para a instalación do apantallamento acústico?

. Considera a Xunta de Galiza que o apantallamento da AP-9 debe facerse con criterios de integración paisaxística?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da falta de apantallamento acústico ao longo dos 30 anos de vida do IES de Chapela?

. É coñecedora a Xunta de Galiza de que o alumnado do IES Chapela debe desprazarse ao pavillón municipal e ao auditorio municipal, fóra das instalacións do centro, para paliar a falta dun ximnasio acaído e dun auditorio no propio centro?

. Ten intención a Xunta de Galiza de iniciar o proxecto para a cobertura da actual pista polideportiva?

. Está disposta a Xunta de Galiza a realizar un novo acceso peonil dende a estrada nacional?

. É coñecedora a Xunta de Galiza dos problemas no sistema de drenaxe e canalización das augas pluviais na parcela?

. Considera a Xunta de Galiza suficiente o actual cadro de persoal administrativo?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 12:28:17

Carmela González Iglesias na data 02/02/2023 12:28:21

Alexandra Fernández Gómez na data 02/02/2023 12:28:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a transferencia á Xunta do colexio Juan Sebastián Elcano antigo Salvador Moreno de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 5 de maio, o Boletín Oficial do Ministerio de Defensa publicou unha resolución do pasado 30 de abril polo que se lle cambia o nome ao colexio Salvador Moreno de Pontevedra, que pasa a chamarse Juan Sebastián Elcano.

Mais alá do carácter tardío desta decisión, cómpre valorar positivamente a desaparición dunha denominación que supoñía a homenaxe a un militar golpista e que participou activamente na cruenta represión desenvolvida logo do golpe militar de 1936. No tocante á escolla do novo nome do centro, consideramos que se debeu ter en conta a existencia dunha estreita vinculación da cidade de Pontevedra co mar e a ampla nómina de navegantes que fixeron historia nos mares do mundo.

Con respecto á organización, ideario e adscrición deste centro educativo, mantense nunha situación que se podería denominar “preconstitucional” e “preautonómica”, coa pervivencia de trazos propias doutra época e non acordes con un estado aconfesional:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O centro depende da Dirección de Asistencia do Persoal da Armada e ten a consideración de “Centro de Ensino Privado”. A xestión do centro corresponde a unha Xunta de Goberno e Administración composta por Oficiais da Escola Naval Militar de Marín. Até o curso 2015-2016 a dirección técnico-pedagóxica do centro foi desempeñada pola Congregación das “Discípulas de Jesús”.

- A financiación corre a cargo dos orzamentos do Estado, o colexio depende da Xunta Superior de Acción Social da Armada mais está recoñecido como un centro de ensino privado.

- O ideario do centro inclúe entre os seus principios o seguinte: “O proxecto educativo inspírase nunha concepción cristiá do home e da vida”.

- O profesorado debe “aceptar sen reservas o ideario do colexio e actuar congruentemente co mesmo no exercicio das súas funcións docentes”.

- A metodoloxía establece que “se inculcará unha actitude de amor a patria, á Bandeira e ás Forzas Armadas”.

- O centro incumpe a normativa que regula o uso da bandeira española e doutras enseñas e bandeiras, así como a normativa autonómica na materia, xa que no exterior do edificio só ondea a bandeira española.

A situación deste centro constitúe unha anomalía histórica e un anacronismo pedagóxico. Unha reliquia dos tempos en que foi creado, en plena Ditadura, para difundir valores propios dun réxime centralista, autoritario e uniformista. No tocante á súa adscrición ao Ministerio de Defensa (Xunta de Acción Social da Armada) é unha situación absolutamente anacrónica xa que as competencias educativas están transferidas á Xunta de Galiza. Non ten ningún sentido que a administración militar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestione centros de educación obrigatoria (Primaria e ESO) porque non ten competencias nesta materia. Neste sentido, o Ministerio de Defensa xa transferiu á Xunta varios centros educativos da comarca de Ferrolterra.

Por outra parte, aínda que ten a consideración de “centro de ensino privado”, o colexio está sostido integramente con fondos públicos do Ministerio de Defensa, o persoal docente está contratado pola administración, o persoal directivo así como o de apoio e servizos está formado por persoal militar e civil ao servizo da Armada .

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Como valora a Xunta de Galicia o feito de que o antigo colexio Salvador Moreno, agora denominado Juan Sebastián Elcano, teña a condición de “centro educativo privado” cando está financiando con fondos públicos e depende do Ministerio de Defensa?

. Que valoración lle merece ao goberno galego que un centro dependente da administración do Estado inclúa no seu ideario que o proxecto educativo “se inspira nunha concepción cristiá do home e da vida” e que o profesorado deba “aceptar sen reservas” o ideario do colexio?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza no exercicio das súas competencias para velar polo cumprimento da normativa que rexe o uso de bandeiras?

. Ten previsto a Xunta solicitar do Estado a transferencia do citado centro, coa finalidade de exercer ás súas competencias en materia educativa e integralo na rede de ensino público obrigatorio de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2023 12:35:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/02/2023 12:35:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 12:36:05





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Panteón de Galegos Ilustres é un dos símbolos da Galiza. A súa orixe está claramente vinculada co empeño dun sector relevante da sociedade galega por dignificar Galiza, e singularmente por situar Rosalía de Castro no lugar que lle corresponde como figura clave do rexurdir cultural de Galiza. Así no ano 1891, o Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, tomaron a decisión de trasladar os restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio de Adina até San Domingos de Bonaval. Motivábaos a necesidade de depositar os seus restos coa relevancia que merecían, á par de realizar unha homenaxe pública do conxunto do pobo galego á súa figura e á súa obra fundacional.

Un espazo que foi medrando en simbolismo e referencialidade da cultura e identidade galegas ao acoller a memoria doutras personalidades como Castelao, Francisco Asorey, Alfredo Brañas, Ramón Cabanillas ou Domingo Fontán.

Malia que en múltiples ocasións o Bloque Nacionalista Galego ten rexistrado iniciativas tentando restabelecer un uso civil e laico do Panteón, o certo é que o Goberno e a maioría parlamentaria do PP impediron avanzar nese obxectivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este feito provoca unha situación anómala que se vai consolidando co paso do tempo e que priva de difusión, coñecemento e acceso libre a un espazo que debe ser propiedade de galegas e galegos e non restrinxido a unha confesión relixiosa.

Desde o BNG seguimos defendendo a idoneidade de San Domingos de Bonaval como sede para o Panteón de Galegos Ilustres. Por simbolismo e por tradición asentada no noso imaxinario colectivo. Mais tamén defendemos a necesidade de que un Panteón destas características debe ser un espazo laico, de uso civil, con garantías de acceso e homenaxe sen censuras ás personalidades que alberga. Estas condicións non están garantidas toda vez que o arcebispado ten a capacidade para decidir que actos se poden celebrar e cales non.

Na actualidade o Panteón de Galegos Ilustres permanece pechado desde o comezo da pandemia por decisión da Igrexa, impedindo que calquera visitante poida achegarse a un espazo referente e simbólico para a representación do pobo galego.

Unha situación reiterada no tempo onde prima a vontade de peche da Igrexa, a súa propietaria, e a consecuente conculcación do dereito a visitalo e coñecelo da sociedade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta do actual peche continuado do Panteón de Galegos Ilustres por decisión da Igrexa e a consecuente imposibilidade de visitalo agás tramitación previa de permiso solicitado ao Arcebispado de Santiago?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para garantir a apertura continuada ao público visitante do Panteón de Galegos Ilustres?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para recuperar o uso civil e público do Panteón de Galegos Ilustres?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 12:43:53

Iria Carreira Pazos na data 02/02/2023 12:43:57

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 12:44:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** en demanda dun novo modelo lingüístico educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estase a celebrar o 40 aniversario do Estatuto de autonomía que definiu o galego como a lingua propia de Galiza e fixouna como lingua oficial, xunto co castelán, recoñecendo o dereito de coñecelos e usalos.

Un marco que se desenvolveu en 1983 na Lei de normalización lingüística e actualizou no ano 2004, coa aprobación no Parlamento Galego por unanimidade do Plan xeral de normalización da lingua galega.

O obxectivo normalizador de usos para a lingua galega viña sendo trazado desde o principio de progresividade até a aprobación en 2009 do Decreto de plurilingüismo que, malia contar cun grande rexeitamento social, nomeadamente na comunidade escolar, renunciou a ese principio básico e significou un retroceso sen precedentes na lexislación e para o ensino en galego.

O devalo constátase na redución do ensino en galego, na súa menor utilización polo alumnado e profesorado, na prohibición de impartir en galego Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía e na súa exclusión da maioría das aulas da educación infantil.



A recente Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º ESO publicada pola RAG, vén confirmar que este alumnado que estudou toda a educación primaria e secundaria conforme o regulado no Decreto do plurilingüismo, presenta un importante desequilibrio na competencia nas dúas linguas oficiais, claramente desfavorábel ao galego.

Fica incumprido deste xeito o principal obxectivo que determina a Lei de normalización lingüística e mais o propio Decreto de plurilingüismo.

Urxe revisar o actual marco educativo, xa que se constata como claramente insuficiente para avanzar na normalización do galego e apostar por un modelo que camiñe cara ao uso pleno do galego como lingua vehicular no ensino, eliminando as restricións que o impiden, tal e como sinalou o Comité de Ministros do Consello de Europa após as últimas monitorizacións ao Estado español sobre o cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minorizadas.

A escola debe ter un papel central para corrixir as carencias que dentro da sociedade limitan o coñecemento e uso da nosa lingua, entre elas a competencia oral e escrita, pois non se garante a liberdade de escolla para vivir nunha lingua se non hai garantía plena de coñecemento e confianza no seu dominio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- . Coñece o goberno galego os datos que presenta a Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º ESO?
- . Que valoración extrae o goberno?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Mantivo algunha xuntanza de coordinación coa RAG para coñecer en detalle o resultado desta avaliación?

. Entende o goberno que cómpre abrir un proceso de diálogo e consenso a partir destes resultados que demostran que non se está a cumprir coa aplicación do Decreto de plurilingüismo o mandato legal de consecución da competencia plena nas linguas oficiais de Galiza?

. Coñece o goberno a Proposta de bases para a normalización do ensino en Galiza?

. Mantivo algunha xuntanza cos axentes socioeducativos que a acordaron para coñecer os detalles desta proposta?

. Está disposto o goberno a mudar o rumbo da política lingüística no ensino á vista do non cumprimento do mandato legal nin dos obxectivos do propio decreto actual?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 12:49:58

Daniel Castro García na data 02/02/2023 12:50:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 12:50:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de achegar transparencia á tramitación do parque eólico Carboeiro que afecta aos concellos de Arteixo, Culleredo e A Laracha.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de xaneiro a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio climático resolveu a Declaración de impacto medioambiental do Parque eólico Carboeiro situado entre os concellos de Arteixo, Culleredo e A Laracha. cuxo Promotor é Green Capital Power SL cunha potencia de máis de 30 MW.

O proxecto consiste na execución dun parque eólico de 36 MW de potencia total nos concellos de Arteixo, Culleredo e A Laracha, na provincia da Coruña, composto por 8 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, subestación transformadora 30/132 kV, edificio de control e unha torre meteorolóxica).

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, esta efectuarase desde a subestación Carboeiro 30/132 kV (que contará cun edificio de control), que se conectará a través dunha liña de 132 kV coa subestación colectora de Meirama 132/220 kV, cun prazo de execución de 11 meses.



O 29 de decembro de 2022, segundo recole a DIA, o promotor presentou unha addenda ao estudo de impacto ambiental do parque eólico Carboeiro en base aos informes emitidos polos organismos sectoriais.

Segundo figura na dita addenda, á cal non tivemos acceso malia térmola solicitado ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento, elimínanse os aeroxeradores CA03, CA04 e CA07, modifícase a localización dos aeroxeradores CA05 e CA06 e da torre meteorolóxica e a plataforma de montaxe do aeroxerador CA8 desprázase a respecto da posición inicial.

Como consecuencia dos cambios anteditos modifícase tamén o trazado das gabias de cableado e dos vieiros.

A comparativa entre a proposta do proxecto inicial e as mudanzas da addenda son os seguintes:

Características	Proxecto	Addenda
Número de aeroxeradores	8	5
Modelo previsto	Nordex N155/4.5 ou similar	Nordex N155 ou similar
Potencia nominal unitaria	4,5 MW	5,9 NW
Potencia total instalada	36 MW	29,5 NW



Altura de buxa. Aeroxeradores	164 m (CA01, CA02, CA03, CA04, CA07)	164 m (CA01, CA02)
	120 m (CA05, CA06, CA08)	120 m (CA05, CA06, CA08)
Diámetro de rotor	155 m	155 m
Orzamento	34.422.063,56€	23.726.727,71€

Mediante acordo do 06.05.2022, da Xefatura Territorial da Coruña (publicada no DOG núm. 97, do 20.05.2022) someteuse a información pública e durante este período de información pública recibíronse **3.503 alegacións** que, segundo consta no expediente, foron remitidas ao promotor para que as contestase en defensa dos seus intereses.

O importante volume de mudanzas que a DIA recolle, a través dunha addenda que non foi publicada, volve crear indefensión e inseguridade ante unha tramitación que podería ter un alto impacto negativo na zona.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

– Por que non se nos remitiu, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento, a addenda da empresa promotora ao proxecto do parque eólico de Carboeiro que xustifica que a DIA sexa favorábel?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non cre o goberno que as mudanzas executadas no proxecto invalidan o mesmo?
- Cales son as accións que vai levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir que se cumpran todas as alertas e condicións que esta DIA impón?
- Como vai garantir o goberno que a empresa promotora conteste todas as alegacións presentadas?
- Pensa o goberno aprobar a construción do parque eólico Carboeiro unha vez recibida a DIA favorábel, malia todas as alertas e condicionantes que describe?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 13:13:22

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2023 13:13:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 02/02/2023 13:13:44





A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Que cada persoa maior de Galicia poda escoller libremente onde e como quere pasar esta etapa da súa vida e prioritario para o goberno galego e así se reflexa nas principais liñas políticas da Consellería de Política Social.

A Xunta de Galicia leva anos sendo pioneira e apostando por prestar servizos de cercanía para que todos os galegos podan acceder a eles, independentemente do lugar onde residan.

Un bo exemplo son as casas do maior. Un servizo de atención diurna no rural 100 % gratuito, personalizado, prestado por profesionais e no que prima o acompañamento dos maiores, ademáis de realizar actividades de envellecemento activo, entrenamento cognitivo e potenciar hábitos de vida saudables.

Un recurso, que ademáis de combatir o aillamento e a soidade dos nosos maiores amosouse eficaz para a dinamización da economía de moitos concellos rurais galegos, xera postos de traballo de calidade, facilita a conciliación da vida laboral e familiar e dignifica as tarefas dos coidados.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Na mesma liña poderíamos falar do Servizo de Axuda no Fogar, do Servizo de Teleasistencia ou mesmo do programa Xantar na Casa, que leva menús semanais, equilibrados e sanos a moitos fogares galegos nos que residen maiores. Tamén do teléfono específico que apoia a independencia deste colectivo e rompe coa fenda dixital facilitándolles o contacto directo coa Xunta de Galicia e que inclúe servizo como a cita en Atención Primaria do Sergas, a atención nas oficinas de información e rexistro da Xunta ou a atención na Axencia Tributaria de Galicia.

Ou para aqueles que precisan dunha atención máis especializada, os centros residenciais espallados por toda a Comunidade.

E nesa aposta de seguir acercando máis servizos, o pasado ano púxose en marcha o Autobús de Coidados Porta a Porta. Un programa que está a percorrer toda Galicia e que na provincia de Ourense está a permitir que as persoas maiores que residen en 91 concellos, podan facer de maneira gratuita revisións e valoracións auditivas, prevención e tratamento das principais patoloxías podolóxicas, valoracións cognitivas e exercicios para a prevención de demencia.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o Goberno galego do Programa de Coidados Porta a Porta nos 91 concellos da provincia de Ourense?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 02/02/2023 13:37:50

José Alberto Pazos Couñago na data 02/02/2023 13:38:07

María Corina Porro Martínez na data 02/02/2023 13:38:20

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/02/2023 13:38:32

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 02/02/2023 13:38:49

López Sánchez, Rosalía na data 02/02/2023 13:39:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 02/02/2023 13:39:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para minimizar o impacto do proxecto “Eixo de Mobilidade Sostible en Santiago de Compostela- Treito O Milladoiro-Estación Intermodal”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O fomento dunha mobilidade sostible con desprazamentos non motorizados debera ser un eixo importante nas vilas e cidades do futuro no noso país. Así pois, a implementación de sendas peonís e ciclistas que conecten diferentes puntos da nosa xeografía terán un impacto moi positivo na calidade de vida de veciñanza así como tamén un carácter ambiental positivo.

Mais este tipo de infraestruturas, aínda que importantes, deben executarse e planificarse de xeito harmonioso dende o punto de vista ambiental, cultural, paisaxístico e de convivencia coa veciñanza e o territorio.

No proxecto presentado pola Axencia Galega de Infraestruturas, atopámonos cunha situación ben distinta, xa que podería xerar un impacto moi negativo de manterse no trazado proposto pola administración.

Dende o punto de vista cultural e paisaxístico, pódese observar como existen unha importante afectación a unha zona natural como é o Banquete de Conxo e a súa área, cun grande valor que se ve atoparía afectado polo trazado proposto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén desta cuestión débese salientar que este trazado e a actuación da AXI neste proxecto xera tamén un impacto importante no que se refire á convivencia coa veciñanza pola que pasa o trazado, veciñanza que en ningún momento foi comunicada nin contactada como parte afectada pola actuación proposta.

Son moitas as persoas particulares, asociacións e administracións que están a presentar alegación a este proxecto e reclamando comunicación coa Xunta de Galiza para a modificación deste trazado, en tanto se considera prexudicial a moitos niveis, sendo algúns destes o ambiental, cultural, paisaxístico e de convivencia coa veciñanza.

Dende o BNG entendemos que unha infraestrutura desta natureza é un paso adiante para unha mobilidade máis sostible e unha boa alternativa para un menor uso de vehículos motorizados, mais isto non pode conlevar uns impactos tan negativos como os que se observan neste proxecto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Considera a Xunta de Galiza axeitado o trazado do proxecto “Eixo de Mobilidade Sostible en Santiago de Compostela- Treito O Milladoiro-Estación Intermodal”?

. Cal é a valoración do impacto que xeraría o actual trazado?

. Que medidas vai a tomar a Xunta de Galiza para eliminar ou minimizar o impacto xerado polo actual trazado do proxecto?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 02/02/2023 16:42:38

Iria Carreira Pazos na data 02/02/2023 16:42:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación das listas de espera non estruturais do Sergas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As listas de agarda do Sergas están formadas por miles de persoas enfermas, pendentes de consulta, probas diagnósticas e cirurxías. De miles de persoas que teñen a desgraza de ter un problema de saúde ou familiar enferm@, que coñecen as consecuencias de meses e anos de espera, da tremenda realidade de ver como as súas patoloxías se agravan.

Á preocupación por estar en listas de espera e non saber a data na que van recibir atención, súmase a de moitas das persoas que estando en lista de espera son eliminad@s das mesmas se non aceptan ser derivad@s a centros privados, de esixen sen atendidos na rede pública. Pasan a engrosar as chamadas listas non estruturais, das que non hai ningunha información.

É unha evidencias que estas listas serven de xustificación para enviar a miles de doentes a hospitais privados concertados. Está claro que as derivacións á privada non son para eliminar as lista de espera, xa que estas non diminúen, senón que as listas de espera son a coartada para derivar á privada.

Todo isto rodeado de escurantismo e opacidade arredor dos datos tanto das listas de espera como das derivacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

A que agarda a Xunta de Galiza para rematar coa práctica de sacar da lista de espera estrutural aos doentes que rexeiten ser derivados a centros privados ou a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia para ser atendidos das súas patoloxías, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas?

Quen asume as consecuencias para a saúde das persoas da práctica de meter nun queixón o seu dereito a ser atendidas na sanidade pública?

Vai restituír ás listas de espera estruturais a tod@s @s doentes eliminad@s das mesmas por non aceptar ser derivados a centros privados, a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas?

Vai facer públicas a totalidade das listas de espera non estruturais, desglosadas por especialidades e centros hospitalarios?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/02/2023 16:35:12

Olalla Rodil Fernández na data 02/02/2023 16:35:16

Iria Carreira Pazos na data 02/02/2023 16:35:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a ampliación do CMUS de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago é unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional, dependente da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade. Cando se inaugurou en 2004 o Conservatorio Profesional de Música, que dispuxo dun investimento de 2,3 millóns de euros, creáronse unhas instalacións para atender 250 alumnos e alumnas. Xa desde os primeiros anos da súa entrada en funcionamento, duplicou os seus servizos pese á limitación de espazo que padece e, mesmo así, cada curso deixa sen poder atender solicitudes de inscrición pola carencia de aulas necesarias.

En abril de 2011, hai xusto unha década, o Pleno do Concello acordou instar a Xunta de Galiza a dotar o Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela dos recursos materiais e humanos necesarios para desenvolver con normalidade o seu labor docente. Nesa moción do BNG, aprobada por unanimidade, reclamábase que a Xunta comezase os trámites para ampliar o edificio actual e, ademais, dotar o centro, con carácter de urxencia, do persoal subalterno e administrativo necesario.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa daquela, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela tiña unha serie de deficiencias que impedían dar resposta a todas as demandas e necesidades educativas da poboación neste ámbito formativo. A matrícula do centro ascendía moi por riba das súas capacidades e sen poder aceptar a maioría das solicitudes de traslado de expediente. As consecuencias son graves: prazas insuficientes, horarios inadecuados, espazos improvisados para aulas e imposibilidade de rematar o grao profesional por parte do alumnado procedente doutros conservatorios.

Tamén en 2011, o BNG trasladara unha Proposición Non de Lei e unha pregunta oral en Comisión ao Parlamento, para instar a Xunta a ampliar este centro no terreo anexo que o Concello de Santiago cedeu á Administración galega para poder desenvolver con normalidade o seu labor docente.

O BNG rexistrou emendas aos Orzamentos da Xunta, ano tras ano, para incluír esa ampliación do Conservatorio Profesional de Música. E ano tras ano foron rexeitadas polo PP e seguiron a quedar alumnos e alumnas sen praza neste centro por falta de capacidade e sen poder cursar estes estudos.

De feito, unha década despois este problema persiste: neste curso 2020-2021 imparten aulas para 522 alumnos e alumnas (188 de grao elemental e 334 profesional), aos que habería que engadir 64 máis que quedaron sen praza ante a carencia de espazo nesta infraestrutura e ficaron en listaxe de agarda sen poder iniciar esta formación musical.

Ademais, coa ampliación das instalacións, poderíanse incrementar especialidades de música tradicional, como gaita, e incluír tamén na programación acordeón e percusión tradicional, nas que se ten detectada demanda e, na actualidade, non se poden ofrecer por falta de capacidade e de profesorado especializado.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De feito, nos propios decretos da Xunta para a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música (decreto 198/2007) e no que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (decreto 203/2007), no artigo 4, de aplicación en todos os conservatorios, sinalan que deben impartir todas as especialidades que se relacionan, incluíndo acordeón, gaita e, de grande interese para o ámbito local, órgano. Por iso, xa que o profesorado actual non pode abordar o ensino destas especialidades, é tan necesario que se amplíe o CMUS.

Nestes tempos de adecuación das instalacións e horarios ás medidas de prevención da pandemia da covid-19, a situación agravouse. Por iso coa ampliación, cómpre realizar un auditorio e espazos para coro e orquestra de maiores dimensións e coa ventilación necesaria, máis cabinas de estudo e unha biblioteca, xa que esta última está a ser usada para impartir docencia.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta da situación do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela a respecto das limitacións da súa infraestrutura en función da elevada demanda de matrícula?

. É sabedora das demandas de ampliación formativa á oferta de estudos de gaita de fol e órgano?

. Mantén reunións de coordinación coa comunidade educativa do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Mantivo reunións de traballo e coordinación co Concello de Santiago de Compostela para levar a termo o acordo do Pleno do Concello que instaba a Xunta de Galiza a dotar o Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela dos recursos materiais e humanos necesarios para desenvolver con normalidade o seu labor docente?

. Como valora a Xunta que unha década despois os problemas persistan neste centro educativo?

. Están a valorar actualmente algunha solución para estas demandas?

. Como planifican dar cumprimento ao desenvolvemento íntegro dos decretos de ensinanzas de réxime especial de música no conservatorio da capital galega?

. En que prazo estiman que as demandas de ampliación de infraestruturas e cadro de persoal poden estar resoltas?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 02/02/2023 16:59:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 16:59:48

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 16:59:58



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Carmen Rodríguez Dacosta e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Os datos sobre a curva demográfica en Ourense seguen a ser preocupantes, no caso da cidade perdeu case 850 veciños segundo os últimos datos do rexistro do Instituto Nacional de Estatística (INE). Ao 1 de xaneiro do 2022, a capital ourensá contaba con 103.756 habitantes, 840 menos que na mesma data do exercicio anterior, cando esa cifra situábase nos 104.596. En cambio e nesta preocupante tendencia, temos casos como os de O Pereiro de Aguiar que a pesar da crise demográfica que azouta á Comunidade e á provincia, sumou habitantes no último rexistro do INE.

Este concello acadou a cifra de 6.609 censados, consolidándose como un dos poucos da provincia que medra. O Grupo Municipal Socialista leva anos apoiando as históricas reivindicacións das nais e pais do colexio público Ben-Cho-Shey, solicitando a través de diversas propostas, distintas medidas a implantar pola Xunta de Galicia no colexio, tales como diversas melloras nas súas instalacións, modificación do horario do colexio, e a creación dun Instituto de Ensino Secundario (IES) ou un Centro Público Integrado (CPI).

Na actualidade, o CEIP Ben Cho Shey único centro público do municipio, acolle arredor de 250 nenos e nenas, alumnado que para secundaria se ve na obriga de desprazarse ben ao CPI José García García de Mende ou As Lagoas, ambos na capital ourensá. Desde a Consellería de Educación e a pesar de coñecer as demandas da Anpa e da veciñanza do concello dende hai moito tempo non teñen arranxado esta problemática, cando ademais as familias de concellos limítrofes a Pereiro coma Nogueira de Ramuín ou Esgos teñen manifestado a súa disposición tamén a beneficiarse da posta en marcha dun Instituto público na localidade.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Consellería de Educación atender a demanda da veciñanza de O Pereiro de Aguiar e concellos limítrofes e dotar dun Instituto de secundaria o municipio que evite o desprazamento do alumnado a Ourense?
2. Manexa a Consellería de Educación algún calendario ou previsión para dar cumprimento á demanda e as necesidades do alumnado de O Pereiro de Aguiar e dos concellos da contorna para contar cun instituto no municipio que evite o desprazamento que veñen padecendo?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Carmen Rodríguez Dacosta
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 02/02/2023 16:47:50

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/02/2023 16:47:57

Noa Susana Díaz Varela na data 02/02/2023 16:48:07



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Axencia Galega de Emerxencias participa dende o ano 2011 no programa ARIEM, que é un programa de asistencia recíproca interrexional no que participan tamén Castela e León e norte de Portugal e que ten coma obxectivo o establecemento dun mecanismo de colaboración entre os servizos responsables da xestión e mobilización de recursos ante emerxencias relevantes ocorridas nesta zona.

Este programa na actualidade se atopa na prórroga dunha segunda fase denominada ARIEM+ que ten coma obxectivo a implantación de ferramentas informáticas e de telecomunicacións comúns, a formación conxunta e a implantación de protocolos de intervencións comúns que permita crear un marco de cooperación transfronteiriza e racionalizar e optimizar recursos e en consecuencia incrementar a eficacia e a calidade do servizo.

Para poder cumprir este obxectivo o goberno da Xunta de Galicia no ano 2021 licitou pola vía de procedemento aberto a adquisición de 110 terminais tipo tablets para o uso da aplicación ARIEMMOVIL por un valor de 80.333 €, coa cofinanciación nun 75 % do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Este contrato de subministro foi adxudicado á empresa Internacional Periféricos Y Memorias España, SLU por un importe de 78.134,78 € en data 25-11-2021.

Xa transcorreron 1 ano e 2 meses e na web de transparencia da Xunta de Galicia aínda non aparece executado ese contrato polo que dende o Grupo Socialista preguntámonos: onde se atopan eses terminais tablets e porque non se repartiron entre o persoal que actúa en materia de emerxencias?

No caso de producirse esa falla de execución esiximos a este goberno a responsabilidade por este incumprimento que está a limitar a capacidade de resposta da nosa Comunidade Autónoma ante unha situación de emerxencia grave ao non contar cos medios tecnolóxicos necesarios para garantir a coordinación e dirección ante estas situacións.



E por iso polo que instamos ao goberno da Xunta a aclarar os motivos que xustifican, no seu caso, o atraso de máis dun ano na entrega dos terminais tablets.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Transcorrido máis dun ano dende a adxudicación do contrato de subministro de 110 terminais tablets para o uso da aplicación ARIEMMOVIL, foi executado o mesmo?
2. De ser así, en que prazo se produciu a súa execución?
3. Por que 1 ano despois non consta na web de transparencia da Xunta de Galicia a execución dese contrato?
4. De non estar executado 1 ano despois, como xustifica este goberno a falla de execución deste contrato?
5. Cando ten previsto este goberno proceder á execución e posterior distribución destes terminais tablets para o uso da aplicación ARIEMMOVIL entre o persoal de emerxencias?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Leticia Gallego Sanromán
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 02/02/2023 16:50:53

Pablo Arangüena Fernández na data 02/02/2023 16:51:01

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/02/2023 16:51:11



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O intenso temporal de choiva, vento e neve que se rexistrou en Galicia a mediados do mes de xaneiro tivo unha pegada especialmente importante na provincia de Lugo. As imaxes recollidas polos medios de comunicación deixaron boa conta dos efectos das borrascas *Gerard* e *Fien* en toda a xeografía da provincia, con incidencia especialmente forte en concellos como Lugo, Begonte, Viveiro, Cospeito, Vicedo ou Pedrafita, por citar só algúns.

O desbordamento de ríos como o Miño, o Cobo ou o Sor Baixo teñen asolagado amplas zonas do territorio, danando tamén con inundacións de ata metro e medio de auga vivendas particulares, comercios ou edificios públicos. Incidencias como accidentes na vía pública, cortes temporais de estradas ou supresión das clases e o transporte escolar súmanse a uns danos económicos que non poderán ser avaliados ata que remate a vaga de mal tempo.

Cumpre lembrar que en zonas como O Courel, a erosión das choivas torrenciais é aínda máis grave ao actuar sobre unha zona afectada polos efectos dos lumes do verán, que ao eliminar a capa de vexetación, acentúan a capacidade de erosión do chan, empobrecendo aínda máis uns solos moi castigados.

Como ocorre sempre neste tipo de situacións, as administracións locais son a primeira instancia de resposta, as que están máis preto dos cidadáns e as que teñen que facer un esforzo de resposta rápida para tentar minimizar os efectos do temporal e recuperar a normalidade. Dende a Deputación Provincial de Lugo, puxéronse en marcha de inmediato todos os medios da institución para desenvolver un dispositivo de cooperación cos concellos que permitise manter aberta a ampla rede de estradas da provincia, minimizando o tempo dos cortes derivados das distintas incidencias.

Pero ante a gravidade dos danos, cumpre que a Administración autonómica estableza mecanismos de axuda para facer fronte aos danos económicos derivados dos temporais, para que esta carga non teña que ser asumida en solitario polas facendas locais. Nestes temporais de choiva e vento danse todos os requisitos establecidos pola Lei de emerxencias de Galicia 5/2007 para que o Consello da Xunta aprobe a emerxencia de interese galego e se habiliten axudas aos concellos e zonas máis afectadas que establece o artigo 36.3 da citada lei.



A Lei de emerxencias no seu artigo 38 sinala que a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais prestarán axuda aos concellos, tanto para facer fronte ás emerxencias como nas tarefas de recuperación da normalidade. A Deputación Provincial de Lugo xa o vén facendo, cumprindo coa súa razón de ser, mesmo sen que a Xunta de Galicia, que ten a competencia para facelo, teña declarado a emerxencia de interese galego.

Polo anteriormente exposto é urxente que a Xunta de Galicia declare a emerxencia de interese galego e poña en marcha unha liña de axudas extraordinarias para que as administracións locais poidan facer fronte aos danos das borrascas *Gerard e Fien*.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia, de acordo co estipulado no artigo 36 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, declarar como emerxencia de interese galego os danos rexistrados na Comunidade Autónoma polo efecto dos temporais de xaneiro? De ser o caso, cando?

2ª) Vai a Xunta de Galicia habilitar unha liña de axudas económicas para os concellos afectados polas diferentes borrascas?

3ª) De ser o caso, estas axudas serían fixadas con criterios obxectivos, en función dos danos rexistrados e do impacto do temporal en cada municipio ou comarca?

4ª) No suposto de que a Xunta de Galicia habilite esa liña de axudas, incluírá nelas axudas específicas para a Deputación de Lugo, que atendan ao seu carácter de Administración local, para axudar a cubrir o custo dos traballos realizados durante o temporal?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 02/02/2023 12:33:41

Eduardo Ojea Arias na data 02/02/2023 12:33:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, en demanda do Plan de Dinamización da Lectura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de maio de 2018 o Secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, explicaba en sede parlamentaria as principais liñas de actuación que desde a Consellería se estaban a implementar co obxectivo de “reforzar o papel do libro galego e aumentar o hábito lector entre a cidadanía; favorecer o crecemento da nosa industria editorial e impulsar a internacionalización do libro e da literatura galega”.

Para alén de accións de intervención puntual e parcialmente sectorizadas, o secretario xeral de Cultura anunciaba a elaboración dun Plan de dinamización da lectura para “impulsar o libro como un elemento estratéxico de mercado e un piar central das industrias culturais galegas”.

A nota de prensa da web da Consellería de Cultura informaba que o secretario xeral anunciaba “para principios do mes de xuño unha nova reunión do grupo de traballo específico para a dinamización da lectura, creado ao abeiro do Consello Asesor do Libro e que está a elaborar propostas de actuación para avanzar no fomento do hábito lector entre a cidadanía. Estas propostas chegarán o vindeiro mes de xullo ao próximo Consello Asesor do Libro, para a súa valoración, e a versión definitiva será un dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documentos de partida do grupo de traballo da Estratexia da Cultura Galega dedicado ao libro”.

Un proxecto tan agardado como ben recibido, logo de estar comprometido polo goberno galego desde a aprobación da Lei do libro e a lectura en 2006 e que aínda, a día de hoxe, quince anos despois, segue sen ser unha realidade, malia as continuas demandas do sector do libro galego.

Para o BNG resulta incomprendible tanto desleixo do PP á hora de desatender e desenterderse dos valores colectivos que abrangue o sector do libro e a lectura en galego, despois dunha experiencia de goberno de doce anos ininterrompidos.

Cómpre un Plan de fomento da lectura integral que atenda o valor do libro desde a súa dimensión de ben cultural que cómpre preservar e promover, así como de ben económico que debe ser regulamentado e apoiado, garantindo que a súa produción, difusión e goce se realice consonte a súa condición de dereito cultural de todos os galegos e galegas e as esixencias de pluralismo e diversidade propios dunha sociedade libre.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Como valora a Xunta de Galiza o desenvolvemento e aplicación da Lei do libro e da lectura aprobada en 2006?

. Como xustifica o goberno da Xunta a non elaboración do Plan de dinamización da lectura, despois de 15 anos de aprobación da Lei do libro e da lectura e 12 de goberno do PP?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que non se continuou informando dos avances no proceso de elaboración do anunciado Plan de dinamización da lectura anunciado en sede parlamentara polo goberno?

. Como avanzou o proceso de elaboración deste Plan de dinamización da lectura ao longo destes case tres anos transcorridos desde o seu anuncio público neste Parlamento?

. Mantén o goberno encontros periódicos de colaboración cos diferentes axentes representativos do sector do libro para avanzar neste necesario e demandado plan?

. Que papel vén desenvolvendo o Consello Asesor do libro neste proceso?

. Que calendarización ten previsto o goberno para publicar e implementar este plan?

. Que orzamento acompañará este plan?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 17:13:40

Daniel Castro García na data 02/02/2023 17:13:44

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:13:53



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O proxecto da vía de alta capacidade Costa Norte Ferrol-San Cibrao, que foi anunciado no ano 2001 polo señor Cuiña, dividíase en 11 fases correspondentes con outros tantos tramos e fixaba como data de finalización o ano 2007. Pero non foi ata o ano 2009 cando se iniciaron as obras do primeiro tramo. Trátase dunha infraestrutura prometida hai máis de 20 anos e que aínda segue no aire, e ao ritmo que executa estas obras a Xunta de Galicia a conexión Ferroltera-Ortegal-A Mariña chegará, de ser o caso, no ano 2135.

Este abandono da Xunta de Galicia para coa VAC Costa Norte implica seguir marxinando as comarcas da Mariña Occidental e de Ortegal e deixando a estas comarcas cunhas vías de comunicación deficientes, que atravesan moitos núcleos de poboación e cun trazado moi antigo. Unicamente contan cun trazado moderno as saídas de Ferrol ata San Sadurniño e as variantes de Ortigueira e Xove.

Despois de reiterados incumprimentos e inxustificadas retrasos por parte do Goberno de Feijóo nesta VAC, en marzo de 2017 o director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas en sede parlamentaria galega afirmaba que para a Xunta de Galicia esta infraestrutura segue a ser unha prioridade e que se ía empezar cos tramos útiles que están conectados coas vías de alta capacidade, empezando polo lado da Coruña, na AG-64 como punto de inicio, no seu primeiro tramo San Sadurniño-Sardiñeira e na parte de Lugo conectando o tramo recentemente posto en servizo entre Celeiro e San Cibrao.

Pois ben, no relativo á Provincia de Lugo nada novo dende que o Goberno galego inaugurase, en xaneiro de 2017, con tres anos de retraso o primeiro e único dos tramos desta provincia con só a variante de Xove. Treito, por certo licitado 8 anos atrás por un goberno da Xunta de Galicia presidido por Touriño.

No relativo á provincia da Coruña, case que 4 anos despois do anunciado no Parlamento de Galicia polo director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, en maio 2021 a Xunta de Galicia sometía a información pública o treito da vías de altas prestacións entre San Sadurniño e Sanguineira. Segundo avanza o executivo galego trátase da actualización do proxecto no treito



San Sadurniño-Sanguineira, que se completa coa conexión directa coa AG-64. Pero para mostra do retraso inxustificable desta obra só dicir que máis de 10 anos e medio antes, no DOG do 25 de novembro de 2010, xa fora declarada a utilidade pública e se dispuxera a urxente ocupación de bens e dereitos afectados polo proxecto da VAC neste tramo.

No propio programa electoral do Partido Popular de Galicia ás eleccións autonómicas de 2009 prometían, xa non só un Corredor, senón a autovía do norte Ferrol-San Cibrao para que estivese en servizo no ano 2012.

Trátase dunha infraestrutura fundamental para a vertebración e conectividade da Mariña e de Ortegá, pero que se atopa totalmente abandonada e esquecida por parte da Xunta de Galicia, e así se desprende dos retrasos inxustificables, así como a escasa dotación e execución orzamentaria autonómica ano tras ano.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cales son os prazos que manexa a Xunta de Galicia para rematar a VAC Costa Norte?
- 2ª) Cre a Xunta de Galicia que coas contías orzamentadas para o ano 2023 por parte da Administración xeral autonómica se poden cumprir os prazos que manexa a Xunta de Galicia?
- 3ª) Cales son as razóns da prolongada paralización das obras VAC Costa Norte?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 02/02/2023 17:10:52





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2023 17:17:37
Nº Rexistro: 49032
Data envío: 02/02/2023 17:17:37.059

Eduardo Ojea Arias na data 02/02/2023 17:11:07

CSV: BOPGDSPG-ksKLLHv9k-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre destrución do patrimonio arqueolóxico galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Día a día sucédense as novas da irreparábel perda e destrución do patrimonio material arqueolóxico espallado por toda Galiza.

O noso patrimonio arqueolóxico está a esmorecer. Mámoas, petróglifos, castros, antas, túmulos, necrópoles megalíticas, etc. están a ser sacrificados desatendendo o seu alto valor cultural e identitario colectivo.

Para alén de puntuais actos vandálicos, comprobamos a denuncia social cada vez maioritaria de severas perdas de auténticas zonas dunha grande importancia patrimonial derivadas de actuacións forestais por mor da intervención de maquinaria, talas a mans persoais e empresariais, cando non da realización de cortalumes dentro dos traballos forestais encargados pola Consellería de Pesca e do Medio rural.

Fronte a estas cada vez máis reiteradas destrucións patrimoniais, cuxa denuncia sempre é impulsada pola implicación social, a voz dos responsábeis do goberno en materia de cultura e protección patrimonial permanece silente, o que entendemos no BNG como unha falta de responsabilidade política, desidia administrativa e implicación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cívica co coidado patrimonial, así como coa necesaria educación en concienciación social.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Como valora o goberno galego a continuada e persistente destrución do patrimonio arqueolóxico galego?

. Cantas agresións contra o patrimonio arqueolóxico ten rexistrado o goberno galego nos últimos 5 anos? E nos últimos 10 anos?

. Que medidas ten posto en práctica a Xunta para impedir que estas actuacións se reiteren continuamente?

- Que sancións ten aplicado a Xunta aos responsábeis das agresións e destrucións producidas sobre o patrimonio arqueolóxico?

. Cantos expedientes se abriron e cantas sancións se impuxeron, por provincias?

. Pensa o goberno adoptar algunha medida inmediata, á vista da realidade contrastada, dirixida á industria da madeira e/ou propietarios forestais e/ou cos concellos para que no futuro remate esta agresión patrimonial?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 17:20:55

Daniel Castro García na data 02/02/2023 17:20:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:21:10





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre o aval e colaboración económica da Xunta de Galiza a unha exposición de obra pictórica de Maruja Mallo e Luís Seoane.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os meses de xaneiro e marzo de 2020 o Museo Municipal Ramón María Aller de Lalín acollía a exposición Creacións máxicas de medidas exactas. Maruja Mallo-Luís Seoane en Buenos Aires (1936-1965).

A exposición, comisariada por Antón Castro, anunciábase nos medios como un conxunto de 43 obras -25 de Seoane e 18 de Mallo-, desde debuxos e tintas a algunha acuarela e gouache, mais sobre todo óleos, conformada por pezas de coleccións particulares, reunidas por primeira vez e na súa maioría inéditas para o público, que permitía achegarse ao labor creativo de Maruja Mallo e Luís Seoane.

O propio comisario, Antón Castro, definía a exposición como unha “concisa e rigorosa selección de obras procedentes de coleccións privadas”, que buscaba “ilustrar a importancia do seu traballo durante o exilio arxentino” desde o fío condutor da muller, interpretada polos dous autores desde protagonismos plásticos e simbólicos diferentes.

O concello de Lalín anunciaba esta exposición como un fito histórico, unha proposta de relevancia e dimensión excepcional que xustificaba a súa rotación por





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outras localidades galegas, e que servía para abrir o arranque do variado programa cultural paralelo á popular LII Feira do Cocido.

A Xunta de Galiza, a través da Consellería de Cultura, apoiou e avalou esta exposición, colaborando economicamente na súa organización e na edición do correspondente catálogo, prologado polo propio conselleiro.

Con todo, o que parecía ser unha exposición pioneira e un novo piar para ensanchar o recoñecemento galego e internacional da recoñecida mestría plástica de Luís Seoane e Maruja Mallo, tornouse nun confuso viso de sombras, pois na propia altura da exposición manifestáronse dúbidas sobre a veracidade da autoría das obras.

A Fundación Luís Seoane, depositaria do legado do autor, chegou a afirmar en prensa que unha parte dos traballos mostrados eran falsos. Unha afirmación reiterada colexiadamente polo comité científico do Catálogo Razoado de Óleos que está a investigar o legado de Maruja Mallo para a súa catalogación.

Deste xeito, semella concluírse, tal e como está a facerse público desde diferentes medios de comunicación, que esta exposición avalada e, en parte, custeada pola Xunta de Galiza, mostrou obras falsas de Luís Seoane e Maruja Mallo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Coñecía a Consellería de Cultura as dúbidas preexistentes a respecto da veracidade das 43 obras expostas supostamente atribuídas a Maruja Mallo e Luís Seoane?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como actuou a Consellería cando se fixeron públicos os documentos que afirmaban a falsidade das obras mostradas durante o tempo da exposición no Museo Municipal Ramón María Aller de Lalín?

. Contactou co alcalde do Concello de Lalín para analizar a situación e estudar algunha acción?

. Contactou a Consellería cos asinantes dos dous informes que testemuñan a falsidade das obras expostas?

. Que orzamento e a que accións concretas destinou a Consellería a súa colaboración con todo o proceso relativo a esta exposición de obras falsamente atribuídas a Maruja Mallo e Luís Seoane?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 17:27:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:27:16

Daniel Castro García na data 02/02/2023 17:27:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estado español ratificou en 2001 a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas, un tratado internacional promovido polo Consello de Europa.

En decembro de 2019 o Comité de Ministros do Consello de Europa emitía un novo informe, o cuarto xa, en que advertía de forma reiterada sobre as graves deficiencias na política lingüística educativa da Xunta de Galiza que estaban a comprometer o progresivo avance da normalización do galego e, consecuentemente, o articulado da Lei de normalización lingüística.

Naquel informe, o Comité de Ministros do Consello de Europa advertía máis unha vez, baseándose nas estatísticas oficiais, da importante diminución do número de galegofalantes e da progresiva quebra acentuada da transmisión do noso idioma propio e oficial de pais a fillos, unha transmisión natural que xa non está garantida, o que afecta de forma significativa ao mantemento da proporción de alumnado con coñecemento do galego cando se incorpora ao ensino, o que converte este espazo como única contorna de aprendizaxe, nomeadamente nas áreas urbanas e periurbanas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, este informe do Consello de Europa afirmaba que a presenza do galego era insuficiente no ensino, especialmente a nivel preescolar, para cuxa reversión propuxo eliminar as limitacións á docencia en galego que actualmente regula o Decreto 79/2010 de plurilingüismo.

Recentemente o goberno do Estado fixo pública a súa resposta aos requirimentos do Consello de Europa a través do “Informe sobre las recomendaciones de acción inmediata formuladas por el Comité de Ministros del Consejo de Europa en su Resolución de 11 de diciembre de 2019 en relación a la aplicación de la Carta Europea de Lenguas Regionales y Minoritarias”.

Neste informe do Estado destácase que actualmente non hai limitacións ao ensino en galego en Galiza, como si verificou o Comité de Ministros, e que o éxito do modelo plurilingüe implantado desde 2010 está avalado por múltiples estudos e avaliacións.

A metodoloxía para a elaboración deste informe di asentarse na consulta ao goberno galego solicitando a súa colaboración para a redacción da resposta.

No entanto, da lectura do informe de resposta do Estado español tíranse algunhas inexactitudes a respecto da implantación do Decreto 79/2010 como que as dúas linguas oficiais reparten a docencia en porcentaxes iguais ou que non existen limitacións ao ensino do galego.

Por outra banda, xustifícanse estas afirmacións nos datos positivos expostos por supostos estudos científicos achegados polo goberno galego.

No BNG reiteradamente demandamos ao goberno que fixese públicos os resultados da avaliación anual a que obriga a Disposición adicional quinta do mencionado decreto, despois de finalizar cada curso, co obxectivo de “desenvolver





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”.

Mais o PP nunca achegou ningunha avaliación de contraste, polo que seguimos a descoñecer que avaliacións foron as entregadas polo goberno da Xunta ao goberno español.

Estes días pasados o Comité de Expertos do Consello de Europa vén de facer público un novo informe de avaliación a medio termo, correspondente ao 5º ciclo de avaliación da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, onde se constatan de novo os incumprimentos respecto ao galego xa referidos en informes anteriores e polo tanto non subsanados polos gobernos español e galego.

A respecto do ensino galego, o informe volve sinalar a gravidade da situación do noso idioma indicando que segundo o compromiso do Estado e da Xunta “o ensino debe ter o galego como lingua de instrución” e que “o marco legal actual é contrario aos compromisos do Estado español”, polo que “non todas as limitación ao ensino en galego foron eliminadas” tal e como está comprometido. Neste sentido alerta sobre o feito de que o 23,9 % de menores de 15 anos non sexan capaces de se expresaren en galego.

O documento insta a informar das accións tomadas para cumprir o tratado antes do 1 de agosto de 2023.

Unha observación redundante que fai pensar na manipulación dos informes emitidos polo Estado ao Comité de Expertos a partir dos informes entregados pola Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E todo isto na altura en que desde a sociedade, nomeadamente desde o amplo abano que constrúen as comunidades educativas, se está a ofrecer unha nova e consensuada Proposta de bases para a normalización do ensino en Galiza, que xa nos foi presentada aos grupos políticos durante a pasada campaña electoral.

Desde o pasado mes de febreiro o grupo parlamentario do BNG estamos a demandar quincenalmente á Mesa da Comisión de Educación e Cultura a incorporación, como punto da orde do día, da comparecencia dun representante dos diferentes colectivos que asinan a proposta mencionada para explicala neste Parlamento co obxectivo de dar cumprimento aos principios e fins desta cámara: o Parlamento representa o pobo de Galiza e constitúe a primeira das institucións da Comunidade Autónoma da que derivan todas as outras.

A resposta única por parte do PP, con maioría na Mesa da Comisión de Educación e Cultura, foi sempre negativa, vetando que os grupos parlamentarios poidamos coñecer de primeira man os contidos desta proposta civil e profesional, alternativa á actual, nada fóra do diálogo e consenso socioeducativo, aprobada de xeito unilateral polo PP e actualmente cuestionada de novo polo Consello de Europa que segue a demandar unha mudanza na política lingüística aplicada ao ensino galego co fin de revertir a perda de galegofalantes, así como de dar cumprimento aos acordos asinados coa Carta europea das Linguas Rexionais e Minorizadas.

Unha actitude negacionista impropia da Cámara de representación do pobo galego, pois mestres que a Mesa pola Normalización Lingüística, parte asinante da proposta pedagóxica citada, é consultada polo Consello de Europa, este Parlamento e a Xunta de Galiza se negan a escoitala contra o que sinala o propio Consello de Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

. Demandoulle o goberno do Estado á Xunta de Galiza colaboración para dar traslado de información relativa á aplicación do Decreto 79/2010 do plurilingüismo atendendo as demandas do Consello de Europa?

. Remitiulle a Xunta algunha avaliación propia dos resultados da aplicación deste decreto no ensino?

. A que estudos científicos e avaliacións se refire o Estado para xustificar a súa resposta cando a Xunta incumpriu de maneira sistemática a Disposición adicional quinta propio do Decreto do plurilingüismo que a obriga a realizar anualmente a avaliación da súa implantación?

. Que razóns achega o Grupo Parlamentario Popular para vetar a comparecencia dun representante dos diferentes colectivos vinculados coa educación que asinan a Proposta de bases para a normalización do ensino en Galiza?

. Como xustifica o goberno galego este novo informe do Consello de Europa que contradí a información emitida polo goberno español a partir de informes do propio goberno galego?

. Comprométese o goberno da Xunta a dialogar coa sociedade que ten a única proposta alternativa presentada para reconducir a política lingüística no ensino?

. Comprométese o goberno a iniciar as accións propostas polo Consello de Europa para cumprir o tratado internacional antes do 1 de agosto de 2023?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 02/02/2023 17:30:58

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:31:02

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 17:31:11



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O Castro de Santa María en Cervantes é un importante xacemento arqueolóxico considerado un dos máis importantes da nosa Comunidade polo seu valor cultural, histórico e mesmo natural. Situado no concello de Cervantes, na parroquia de Santa María do Castro, hoxe en día tamén é un lugar turístico popular ao que se achegan viaxeiros de todas partes atraídos pola súa excepcionalidade.

Este conxunto patrimonial comprende varios restos arqueolóxicos: o xacemento castrexo de época romana, asociado ás explotacións auríferas fosilizadas na paisaxe actual; os restos dunha necrópole de rito cristián que se remonta á Idade Media; e a igrexa, tamén de orixe medieval.

Pola súa relevancia, a Xunta de Galicia vén actuando nos últimos anos neste conxunto a través de dúas vías:

- Por unha banda, salvagardando o seu valor cultural. O Castro de Santa María de Cervantes foi declarado polo Goberno de Galicia Ben de Interese Cultural no ano 2019 na categoría de zona arqueolóxica, polo Decreto 145/2019, do 10 de outubro. Con esta acción, a Xunta de Galicia garantiu o máximo nivel de protección existente na nosa Comunidade e nestes momentos, só existen tres exemplos deste tipo en toda a provincia de Lugo.





- Pola outra, mediante actuacións de posta en valor que garanten a conservación do conxunto. A Xunta de Galicia suma nos últimos anos varias actuacións arqueolóxicas que tiveron como obxectivo principal a conservación e a consolidación dos restos arqueolóxicos, así como a limpeza do castro.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Que balance realiza a Xunta de Galicia do conxunto de actuación levadas a cabo no Castro de Santa María en Cervantes e cales son as previsións para o futuro?

Santiago de Compostela, 1 de Febrero de 2023.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/02/2023 17:30:07

Teresa Egerique Mosquera na data 02/02/2023 17:30:32

Ovidio Rodeiro Tato na data 02/02/2023 17:30:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 02/02/2023 17:30:54

José Luis Ferro Iglesias na data 02/02/2023 17:31:13

Rodríguez Pérez, Moisés na data 02/02/2023 17:31:31

Gómez Salgado, Carlos na data 02/02/2023 17:31:41

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/02/2023 17:31:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a ampliación do IES de Soutomaior para atender as necesidades educativas da veciñanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Soutomaior padece dende hai anos as consecuencias do abandono da súa educación pública por parte da Xunta de Galiza.

Despois de máis dunha década na que a veciñanza de Soutomaior demandaba a construción dun novo instituto, a Xunta de Galiza mantivo este concello sen oferta de bacharelato no ensino público. Ao tempo que isto acontecía, as veciñas e veciños de Soutomaior observaban como outros concello do país si contaban con este tipo de oferta educativa, mesmo en centros de nova creación e en concellos con menos demanda.

Foi a presión social e política a que obrigou a Xunta, en agosto do ano 2015 a presentar un proxecto para a construción do IES de Soutomaior. Este proxecto ofertaba tan só 12 unidades de secundaria e capacidade para pouco mais de 300 alumnos. Este anuncio fixo que saltaran todas as alarmas na comunidade educativa, xa que demostraba a intención da Xunta de tan só trasladar o alumnado da ESO do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro ao novo IES de Soutomaior, pero imposibilitaba a oferta educativa de bacharelatos ou ciclos cun proxecto destas características.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante a situación xerada e as denuncias do BNG, tanto no pleno municipal tanto na prensa como no propio parlamento galego... a Xunta veuse na obriga de modificar o proxecto inicial por cativo e insuficiente. Mais a pesar de que dende o BNG adiantamos que modificando ese proxecto sen ampliar espazos traería problemas, a Xunta fixo caso omiso a estas demandas tanto do BNG como da comunidade educativa, e o proxecto pasou de 12 a 16 unidades sen ampliar a superficie construída. O resultado está a vista, un IES con espazos diminutos que non cumpre coas necesidades do concello.

Esta realidade que foi denunciada, xa non polo BNG senón polo propio consello escolar do IES de Soutomaior fíxose co paso dos meses tan evidente que tan só dous anos despois de inaugurarse, o instituto ficou incapaz de asumir con normalidade a demanda educativa de Soutomaior, obrigando a deixar xente sen praza ou a reestruturar espazos académicos coa masificación das aulas que iso implica.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai a Xunta de Galiza iniciar a Fase II do IES de Soutomaior, permitindo ademais da construción de instalacións deportivas, a adecuación dos espazos ás necesidades do centro, mediante a construción de máis aulas, espazos cubertos no patio ou salón de actos?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 17:34:49

Daniel Castro García na data 02/02/2023 17:34:53

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:35:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a demanda de información sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galiza para declarar BIC a Casa Cornide.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comisión de Educación e Cultura celebrada o pasado 17 de novembro o grupo parlamentario do BNG defendeu unha proposición non de lei instando a Xunta de Galiza a axilizar o procedemento necesario para declarar BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide, que resultou aprobada por unanimidade.

Esta demanda viña precedida da significación incuestionábel da Casa Cornide como un senlleiro edificio, cualificado como tal no informe histórico e artístico do inmovible encargado polo concello da Coruña aos profesores Emilio Grandío e Alfredo Vigo, e entregado á Xunta de Galiza.

Porén, a intrahistoria do edificio achega luces e sombras. Fronte ás luces que representan a doazón pola ilustre familia Cornide ao Concello da Coruña no século XIX, durante a ditadura, a Administración local sacouna a unha poxa pública, previamente amañada por actores políticos, para ser agasallada a Carmen Polo, dona do ditador Franco.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É así como a coruñesa Casa Cornide se converte nun novo fío co que tecer a historia do espolio que sostivo a ditadura franquista nunha rede da ignominia que, mediante manobras ilícitas e usurpadoras, derivaron propiedades públicas ás mans privadas da familia do ditador e da súa familia.

O tempo deitou razóns sobre este procedemento fraudulento recentemente para o Pazo de Meirás. Un exemplo que convida a continuarmos a traballar no camiño da recuperación para o ben común o que sempre lle pertenceu e non debeu deixar de ser.

Con todo, enfrontámonos aínda agora a uns procedementos espúreos aos que as descendentes de Franco están ben afeitadas, pois pretenden continuar a exercitalas.

Coincidindo co inicio da celebración do xuízo polo pazo de Meirás e mais co proceso de estudo para a declaración da Casa Cornide como BIC por parte do Concello da Coruña, a familia Franco respondeu cunha nova provocación poñendo a Casa Cornide en venda, o que, para alén de requirir unha resposta contundente en forma de repulsa, tamén obrigaba a activarmos con celeridade todos os resortes necesarios para recuperar para o ben público este patrimonio espoliado ao pobo galego con actitudes fraudulentas.

Insistiamos na C4 de novembro na importancia de activar, con carácter urxente, as medidas de protección necesarias para que un dos edificios máis singulares da cidade conte coa maior protección legal iniciando o procedemento de declaración de BIC.

Perante a ausencia de resposta por parte da Xunta de Galiza, insistimos na Comisión de Educación e Cultura celebrada o pasado 29 de xaneiro, entendendo que, á vista dos feitos, o tempo non corre en balde, máis ben apremia en contra da protección deste ben inmóbel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste tempo, mentres o pobo da Coruña seguiu activo a través da Marcha Cívica reclamando a devolución deste patrimonio roubado e mentres se celebrou xa o xuízo dos 9 da Casa Cornide o 4 de febreiro (derivado dunha denuncia por unha acción pacífica que reivindicaba a devolución da Casa Cornide ao pobo coruñés), a Casa Cornide segue á venda nunha inmobiliaria e ademais a familia segue a facer ostentación da súa impiedade dando a ver un proceso de mudanza sen ningún control que garanta a protección de patrimonio colectivo, o que merece a repulsa social e institucional á vista dos antecedentes de intento de baleirado de bens do Pazo de Meirás tras a sentenza que o declarou propiedade do Estado.

Lembremos que ata hai só 2 ANOS na Casa Cornide estaban depositadas as estatuas de Isaac e Abraham do Mestre Mateo, o que avala a necesidade de que a declaración BIC sexa urxente e inclúa tamén o contido do edificio, substancialmente descoñecido por carecermos dun inventario de bens patrimoniais que frease o seu espolio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Que xestións leva desenvolvido a Xunta de Galiza para axilizar o procedemento necesario que declare BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide, en cumprimento do acordo unánime conseguido na Comisión de Educación e Cultura celebrada o 17 de novembro de 2020?

. Como xustifica o goberno o incumprimento do acordo parlamentario?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten contemplado actuar de oficio conforme regula a Lei 5/2016 do patrimonio cultural?

. Como valora que a familia do ditador Franco estea baleirando o interior da casa Cornide segundo recollen con probas gráficas diferentes testemuñas veciñas?

. Prevé o goberno elaborar de urxencia un inventario dos bens artísticos existentes na Casa Cornide susceptíbeis de catalogación BIC?

. Que investigación ten levado a cabo o goberno galego para confirmar se diversos bens ligados á Casa Cornide están dispoñíbeis desde hai un tempo no mercado de antigüidades?

. Que actuación contempla a este respecto?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:38:41

Daniel Castro García na data 02/02/2023 17:38:46

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 17:38:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre o acoso escolar na comunidade educativa galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dan Olweus, psicólogo sueco-noruegués pioneiro mundial na investigación sobre o acoso escolar definiu nos anos 90 este fenómeno como: *Unha conduta de persecución física e ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que escolle como vítima de repetidos ataques. Esta acción negativa e intencionada, sitúa á vítima en posicións das que dificilmente pode saír polos seus propios medios.* (1995)

Trátase dun tipo de conduta dirixida a facer dano; é repetida no tempo; e prodúcese no seo dunha relación interpersoal caracterizada por un desequilibrio de poder.(1997)

Foron moitas dende entón as definicións e matizacións sobre este concepto, ampliando o seu contido e suscitando debates fondos sobre a terminoloxía a empregar para describir esta realidade en toda a súa dimensión; resultando a día de hoxe como termos recorrentes os de “bullying” e “acoso escolar”.

Alén de debates terminolóxicos e achegas sobre o alcance do termo, o terríbel drama que se agocha por tras desta realidade foi sinalado na Lei 4/2011, do 30 de





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa como: “calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”

Estamos pois ante un fenómeno que a ninguén resulta alleo; nin á sociedade en xeral, nin moito menos á comunidade educativa. Un fenómeno transversal dende a súa perspectiva social que ten gravísimas implicacións a efectos de sufrimento na nosa mocidade. Unha realidade dramática que ninguén que aspire a construír unha sociedade xusta pode obviar.

As consecuencias deste sufrimento que afecta a milleiros de nenos día tras día son múltiples, tanto no ámbito persoal e relacional como nas secuelas que deixa na evolución e crecemento psicolóxico das nenas e nenos. Secuelas que chegan a ter consecuencias fatais nos casos máis graves, mais que sen chegar a eses extremos; forma parte e demasiadas ocasións do día a día de milleiros de nenas e nenos, mozas e mozos que padecen o acoso escolar a través de violencia física, insultos, vexacións, máis tamén a través da violencia psicolóxica ou dixital. Mozas e mozos, que constitúen o futuro da nosa sociedade e que van ao colexio con medo e en silencio, as máis das veces, un día tras doutro.

Esta realidade, e o tratamento que como sociedade e administracións estamos a facer da mesma foi denunciada hai poucos meses no informe *Hacer la vista... ¡gorda!:* *EL ACOSO ESCOLAR EN ESPAÑA, UN ASUNTO DE DERECHOS HUMANOS* (2019) de Amnistía Internacional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un documento de imprescindible lectura, que centra boa parte do seu traballo de campo en Galiza e que aborda con fondura e dende unha perspectiva tremendamente crítica as carencias da resposta que coma administracións educativas e coma sociedade lle estamos a dar ao drama que sofren tantos das nosas nenas e nenos cada día.

Algunhas das reflexións que se recollen nas conclusións deste informe son as seguintes:

✓ *Non se están implementando as medidas, quedan importantes lagoas por cubrir se se quere garantir que se respecten e protexen os dereitos de nenas e nenos nos centros educativos. . O acoso escolar é un problema social que afecta á capacidade do neno e a nena para gozar dos seus dereitos humanos. O acoso escolar non é un problema dun centro ou doutro (...) fai falla moito máis para garantir que todos os nenos desenvolvan plenamente o seu potencial e gocen dos seus dereitos.*

✓ *As autoridades non están adoptando todas as medidas necesarias para protexer a nenos e nenas , previr o acoso escolar e facilitar que se informe de todas as queixas e denuncias.*

✓ *As formas non físicas de acoso, como os insultos, ou a exclusión social, adoitan pasar desapercibidas e non se documentan nas canles oficiais.*

É evidente que as conclusións deste informe, deberían levar a calquera sociedade sensíbel cos dereitos da infancia a unha reflexión fonda sobre a nosa actuación.

A día de hoxe, alén da normativa de ámbito estatal que se indicaba anteriormente, en Galiza temos como lexislación de referencia para a prevención do tratamento escolar a xa sinalada *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e*





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

participación da comunidade educativa que se desenvolve a través DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Destas dous textos resultaron iniciativas como ***Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 na que se desenvolve o protocolo para a prevención detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*** ou o ***Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.***

Mais se en algo coinciden os informes de organizacións que traballan neste eido, así como docentes, psicólogos, ANPAs, educadores sociais, etc. é que esta lexislación (e os documentos resultantes da mesma) son absolutamente insuficientes; cando non abertamente litúrxicos, para abordar o drama do acoso nos nosos días, e que leva en demasiadas ocasións a que as nosas nenas e nenos (e as súas familias) se atopen en situacións de desamparo que non nos podemos permitir.

Porque as análises dende o sector destes documentos legais poñen de manifesto eivas importantes que compre solucionar. Eivas que (sen pretender esta iniciativa reflectir esa análise exhaustiva dos textos) obsérvanse evidentes en feitos tan ilustrativos como que o *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* non contemple un capítulo específico para abordar o acoso escolar (como si se establece, de xeito vago, na lei 4/2011 que este decreto desenvolve).

Mais tamén cando observamos que por exemplo no *Protocolo para a prevención detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*, documento que os axentes implicados cualifican como “ambiguo e falta de concreción” se establece literalmente “*este protocolo de actuación ante un posible caso de acoso escolar ten un*



carácter básico, sen prexuízo de que cada centro educativo poida adaptalo ou amplialo en función do seu contexto ou das peculiaridades do caso. Trátase, pois, dun protocolo base que necesita ser contextualizado ou adaptado ao centro e ao seu contorno”. Recoñecendo pois no propio documento a carencia que denuncia AI: que se delega boa parte da responsabilidade nos centros, que non contan nin cos recursos nin coa formación, nin co persoal necesario.

Pero tamén observamos outras eivas evidentes como que nas funcións xerais que o decreto 8/2015 outorga ao *Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia* non apareza a palabra acoso de xeito específico por ningures.

O acoso escolar constitúe hoxe por hoxe unha metástase silenciosa que avanza polos centros de ensino sen que a comunidade educativa teña ferramentas áxiles para contelo. E a proba máis evidente desta falta de ferramentas son as incongruencias que atopamos nos datos publicados (escasos e sen trazar) ao respecto.

O informe da Unesco sobre violencia e acoso escolar do ano 2019 sinala que 1 de cada 3 nenos sofre acoso escolar ao longo da súa vida.

Por outra banda, o Informe da Estratexia Galega de Convivencia Escolar da Xunta de Galiza, sinala que o 21.8 % dos nenos reconece ter sufrido acoso algunha vez na súa vida. Datos que supoñen unha contradición evidente con outros resultados do informe.

Pero o grave máis grave de todo isto é que non existe a posibilidade de trazar os datos de acoso escolar, agás naqueles casos nos que de maior gravidade, e por iso non contamos cunha radiografía fiable sobre o impacto do acoso escolar na nosa sociedade. E por iso que segundo os últimos datos do *Ministerio de Educación Cultura e Deporte* do ano 2017; observamos como tan so hai recoñecidos 71 casos de acoso escolar en



Galiza. Reflexionemos: 1 de cada 3 casos segundo a Unesco, o 21,8 % segundo a Estratexia de Convivencia.... 71 casos nun ano segundo o Ministerio. Esta realidade fala por si soa.

Porque estes datos evidencian por unha banda contradicións no impacto do acoso escolar que non veñen senón a demostrar que como sociedade estamos fallando na prevención e tratamento do bullying, máis pola outra que temos miles de neno sufrindo este drama sós e en silencio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai a Xunta de Galiza crear unha mesa de traballo con representación do profesorado, Anpas, portavoces de educación do grupos parlamentares, orientadores, educadores sociais, psicólogos e outros axentes implicados na loita contra o acoso escolar para abordar unha Nova Estratexia Galega contra o acoso escolar que afronte o problema en toda a súa dimensión?

. Vai a Xunta de Galiza implementar medidas contra o acoso como o reforzo de persoal e recursos dos centros, crear unha rede de equipos de orientación, unha unidade especializada da Consellaría de educación, plans de formación neste eido ou campañas de sensibilización?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:42:37

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 17:42:41

Daniel Castro García na data 02/02/2023 17:42:52



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación ten unha aposta clara pola Formación Profesional, tal e como se pode contrastar a través das diferentes iniciativas que se levan desenvolvido ao longo destes anos de goberno do Partido Popular.

A posta en valor da Formación Profesional en Galicia ten sido unha das máximas prioridades do Goberno galego nestes anos. O impulso dado á FP desde a Xunta de Galicia tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo.

A oferta de titulacións FP en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado. Pódese dicir que a FP galega viviu unha “revolución silenciosa” que estivo marcada polo desenvolvemento de medidas orientadas a outorgar “prestixio, confianza e innovación” a estas ensinanzas.

Nestes anos, os centros educativos que imparten FP en Galicia están fondamente implicados nesta evolución positiva destas ensinanzas, grazas ao seu traballo diario e ao desenvolvemento de proxectos e iniciativas innovadoras. Unha proba disto é o feito de que os tres centros de Formación Profesional propostos pola Xunta para entrar a formar parte da nova Rede Estatal de Excelencia de Formación Profesional integráranse nesta iniciativa do Ministerio de Educación y Formación Profesional.

Tal e como se indicou no seu día, Galicia estará representada nesta rede estatal polos os centros integrados de Formación Profesional Carlos Oroza de Pontevedra, As Mercedes de Lugo e Ánxel Casal da Coruña, elixidos polo seu traballo e capacidade para ser referentes nos ámbitos da innovación e investigación aplicada así como do emprendemento activo no ámbito local e autonómico.

O Grupo Parlamentario Popular considera que esta integración dos tres centros nunha rede estatal contribuirá a seguir avanzando na FP galega. En todo caso, parece de interese que a Xunta explique que implicacións terá para estes centros e para o





conxunto do ensino galego a participación na Rede Estatal de Excelencia de Formación Profesional.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral:

Que significará para a FP galega a participación de tres CIFP da CCAA na nova Rede Estatal de Excelencia de Formación Profesional?

Santiago de Compostela, 2 de Febreiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 02/02/2023 17:46:19

José Luis Ferro Iglesias na data 02/02/2023 17:46:51

Teresa Egerique Mosquera na data 02/02/2023 17:47:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 02/02/2023 17:47:10

Gómez Salgado, Carlos na data 02/02/2023 17:47:30

Rodríguez Pérez, Moisés na data 02/02/2023 17:47:46

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/02/2023 17:47:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta de Galiza e as medidas que debe adoptar ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do 9 de marzo de 2021 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anunciou na súa comparecencia que a Xunta de Galiza vai deseñar “unha nova carreira científica no Sistema Universitario de Galiza que fomente a estabilidade e impulse o talento dos nosos investigadores” e investigadoras, así como para aproveitar a potencialidade da Rede CIGUS de Centros de Investigación do Sistema Universitario Galego, co obxectivo de seguir avanzando na captación de talento “desde o convencemento de que a investigación é un elemento fundamental para a reactivación de Galiza”.

O persoal investigador galego vén denunciando desde hai anos as súas condicións laborais, a ausencia dunha carreira investigadora completa en Galiza que lles permita desenvolverse profesionalmente ao longo das diversas etapas formativas e, especialmente, profesionais así como a inestabilidade que soportan.

Porén, malia os anuncios feitos, descoñecemos o contido concreto dos plans da Xunta de Galiza nesta materia máis alá do enunciado polo conselleiro de Cultura e Educación na súa comparecencia. De igual maneira, descoñecemos se esa “nova





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carreira investigadora” se vai estender ás demais áreas do goberno que tamén ten competencias en materia de I+D+i como a Consellaría de Industria e Innovación e GAIN ou a Consellaría de Sanidade e a ACIS.

Se ben, o Sistema Universitario Galego (SUG) é o principal motor na xeración de coñecemento e a produción investigadora e científica, a carreira investigadora non pode trazarse apenas desde un departamento senón que toda a política en materia de I+D+i debería implicar o conxunto do executivo nunha visión integral da mesma.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- . En que consiste a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta?
- . Está a negociar con algunha entidade, organización sindical ou colectivo representativo do sistema investigador galego esa carreira? De non ser así, pensa facelo?
- . E coas universidades?
- . Vai implicar esa nova carreira investigadora ao conxunto do Goberno galego e, polo tanto, ao persoal investigador que desenvolve o seu traballo alén do SUG?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños
Manuel Lourenzo Sobral
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/02/2023 17:48:59

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2023 17:49:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:49:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suído.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestear neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suído foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forças” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do Suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país. Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dereita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

Polo exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Como valora o goberno galego a situación do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea?
2. Con que grao de protección contan estes bens patrimoniais?
3. Ten previsto a Xunta facer un inventario e catalogación destes bens culturais?
4. Que valoración fai o goberno galego sobre o feito de que a UNESCO recoñecese a técnica construtiva da coachotaría en seco como patrimonio da humanidade?
5. Que iniciativas ten previsto desenvolver a Xunta para protexer, conservar e divulgar os bens construídos con esta técnicas e nomeadamente os que forman parte do patrimonio gandeiro do Suído?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Como valora a Xunta o feito de que o patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído fose recoñecido como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”?

7. Ten previsto a Xunta recabar os informes pertinentes e incoar o expediente de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:52:32

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2023 17:52:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 17:52:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a oferta dos máster de profesorado no Sistema Universitario Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica de Educación do 3 maio de 2006 establece nos seus artigos 94,95,96 a obrigatoriedade de estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica para poder exercer a docencia na educación secundaria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de idiomas.

Así mesmo, o 8 de novembro do ano 2008 publicábase o real decreto 1834/2008 polo que se definían as condicións de formación para o exercicio da docencia no ensino obrigatorio, no bacharelato, na FP e nas ensinanzas de réxime especial. Neste real decreto, que foi modificado polo real decreto 665/2015 nalgunha das súas disposicións, establecíase no artigo 9, relativo á formación pedagóxica e didáctica do profesorado, o seguinte ” Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e na ensinanza ensinanza de idiomas, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica”

Da mesma maneira a Consellaría de Educación, Universidade e formación profesional na orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

selectivos ao corpo de profesores, no artigo 2.3.1 apartado b establecía como requirimento indispensable para participar nos procesos selectivos o seguinte:

“Posuír a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirá este requisito quen posúa o título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.”

É polo tanto evidente que segundo o establecido na lexislación educativa, a formación pedagóxica e didáctica do profesorado é un requisito básico e obrigatorio para o profesorado poder exercer as súas funcións no ensino galego.

Mais a pesar de ser a formación pedagóxica e didáctica conditio sine qua non no acceso á función docente e mesmo, en moitas titulacións, ser esta saída practicamente a única alternativa laboral para o estudantado desas carreiras, o sistema universitario galego mantén dende hai anos unha oferta educativa tan cativa e insuficiente nos máster de acreditación de formación didáctica e pedagóxica que obriga ao alumnado a teren que se desprazar fóra do país e a matricularse en universidades privadas para poder exercer a docencia en Galiza.

Hoxe por hoxe, a oferta educativa do master de profesorado nas universidades galegas é dun total de 765 prazas para todas as especialidades que se distribúen do seguinte xeito nas diferente cidades: 200 en Compostela, 80 en Lugo, 180 en Vigo, 48 en Pontevedra, 52 en Ourense e 225 na Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así pois, esta raquítica oferta educativa que expulsa do sistema educativo galego a centos de alumnas e alumnos amosa a súa absoluta insuficiencia cando estes datos dos mestrados se poñen en relación coa demanda de prazas dos aspirantes, ou mesmo coas prazas de ensino ofertadas neste ano. No ano 2020 a Xunta ofertou un total de 1174 prazas para 765 prazas de máster do profesorado. Con esta oferta fica de manifesto que por cada 17 prazas que saca a concurso-oposición a Consellaría tan só hai 11 de mestrado. Ou dito doutro xeito, por cada 100 prazas de oposición tan só hai 65 de mestrado.

Pero alén dos datos relativos, non podemos tampouco obviar que debaixo desta media agóchanse realidades de titulacións que teñen como saída prioritaria a docencia e na que a oferta de prazas dos máster é de apenas 35 prazas en todo o país; cando a demanda de cada promoción duplica mesmo as prazas ofertadas.

Dende o BNG entendemos que esta raquítica oferta de prazas supón unha anomalía intolerábel no ensino público galego. Unha eiva na formación dos nosos profesores que obriga en tantas ocasións ás nosas mozas e mozas a teren que cursar o seus estudos fóra, en Universidades privadas, as máis das veces, e cuns custes económicos ao que moitas familias simplemente non poden facer fronte.

Pero ademais, supón tamén un contrasentido pedagóxico e educativo, o feito de que a Xunta de Galiza obrigue a formarse en sistemas universitarios de fóra a profesorado que aspira a exercer o seu labor docente no noso país. Un contrasentido que rompe coas correntes didácticas e pedagóxicas modernas e que descontextualizada o proxecto educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Pensa o Goberno galego que a dotación actual de prazas para os máster de profesorado nas diferentes universidades galegas se adapta ás necesidades educativas do noso país?

. Pensa o goberno galego que é admisíbel que cada ano, centos de futuros profesores galegos se vexan obrigados a cursar unha titulación indispensable para o exercicio da docencia en universidades privadas fóra do noso país?

. Vai a Xunta de Galiza adoptar as medidas necesarias para ter unha oferta de prazas para o máster do profesorado acorde ás necesidades do noso país?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2023 17:56:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 02/02/2023 17:56:24

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/02/2023 17:56:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O interese das grandes compañías eléctricas por posicionarse de cara á implantación de parques de eólica mariña nas costas galegas e a posibilidade de poderen empregar fondos públicos para facelo, está a provocar a presentación de proxectos verdadeiramente insólitos e que non teñen en conta ningún condicionante ou característica das nosas augas. Nin a estreita plataforma continental galega, nin as actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas que se desenvolven nelas, nin os ecosistemas existentes nas mesmas, nin os posíbeis impactos ambientais, sociais e económicos que poden derivar desas instalacións.

Nin ás propias empresas nin ás administracións públicas parece importarlles que a planificación dos espazos mariños aínda nin sequera estea aprobada e permítese a presentación masiva de proxectos que está a xerar grande preocupación e mesmo alarma entre a cidadanía.

Nesa “competición” de empresas pola obtención dun recurso, o vento, que se pretende nos faga menos dependente enerxeticamente e que ademais reporte grandes beneficios económicos aos seus promotores, estamos a coñecer os pormenores de





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxectos que resultan verdadeiramente chamativos. É o caso dos parques Volanteiro e Celta II, na costa sur da provincia de Pontevedra.

O primeiro recolle a instalación de 34 aeroxeradores, cunha potencia instalada de 510 MW, a menos de 28 qm. da costa da Guarda e nunha área de 95 qm. cadrados. Contempla unha liña de evacuación polo fondo mariño de 45,4 qm., que se adentra 10 nas augas do interior da ría de Vigo, e outra liña de 22,76 qm., por terra, ata a subestación eléctrica de Pazos de Borbén. A interacción coa actividade pesqueira recóllese no propio proxecto e a liña de evacuación do interior da ría, ao lado do parque das Illas Cíes e zona de especial protección de aves, afectaría á actividade marisqueira e acuícola. Tamén recoñecen que o funcionamento dos aeroxeradores pode afectar aos cetáceos mariños e o campo electromagnético ás comunidades peláxicas.

Ademais disto, o proxecto tamén fala do impacto visual contemplado que, segundo eles, debido á curiosidade, mesmo podería ser un incentivo para o turismo e, sorprendentemente, nas medidas preventivas a levar a cabo na fase previa e de execución do proxecto non menciona a pesca nin o marisqueo.

Os concellos afectados polas liñas de evacuación serían Vigo, que o atravesaba de leste a oeste, Redondela e Pazos de Borbén.

O segundo, cunha información incompleta e dispersa, ubicaríase a 40 qm. das Illas Cíes e a 25 da Guarda, contaría tamén con 34 aeroxeradores e cunha potencia de 510 MW. Ocuparía unha superficie de 89,63 qm. cadrados e unha liña de evacuación de 24,9 qm. Na documentación recollen un “impacto baixo” sobre a pesca e “posíbeis impactos asociados á alteración do fondo mariño”, principalmente no trazado do cableado. Tamén prexuízos sobre hábitats de interese e para os cetáceos. Os concellos afectados polas liñas de evacuación serían A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui e O Porriño.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O “impacto baixo” que prevén sobre a actividade pesqueira non concorda coa que valora o sector, quen di que afectaría a diferentes artes de pesca e a distintos segmentos de frota e que advirte da presenza de pescada na zona proposta.

Ambos os dous proxectos, de diferentes empresas, están a escasa distancia e solápanse en parte dun mesmo espazo, describen aeroxeradores de 261 metros de altura e de 236 metros de diámetro de rotor.

A este respecto, a Resolución pola que se formula declaración ambiental estratéxica (DAE) dos POEM, publicada no BOE do 16 de decembro de 2022, reduce a zona NOR 1, onde se ubicarían O Volanteiro e o Celta II, polo que os seus proxectos non se axustan nin á realidade nin ao establecido na DAE.

Nos dous casos, nin as empresas nin o propio Goberno do Estado están a respectar a moratoria establecida na disposición adicional terceira do Real Decreto-Lei 12/2021, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da fiscalidade enerxética e en materia de xeración de enerxía, e sobre xestión do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga, onde se establece unha moratoria para estes proxectos e se indica que non se admitirán novas solicitudes de reserva de zona, nin de autorización administrativa de instalacións de xeración eólica mariñas ata a aprobación dun novo marco normativo para as instalacións de xeración de enerxía eléctrica no mar territorial.

En definitiva, o Goberno do Estado, incumprindo a súa propia normativa, está a permitir a presentación de proxectos de eólica mariña que non teñen cabida neste momento, tampouco lexislación que os sosteña, que resultan, dende o punto de vista técnico, absolutamente perfectíbeis e dende o punto de vista ambiental, social e económico prexudiciais para as zonas próximas á súa ubicación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai o Goberno galego sobre os proxectos presentados para a instalación dos parques de eólica mariña denominados Volanteiro e Celta II, localizados na costa sur da provincia de Pontevedra?

. Presentou consideracións a ambos os dous proxectos no prazo de consulta pública aberto polo Ministerio de Transición Ecolóxica? De non ser así, por que razón? De telas presentado, en que sentido?

. Solicitou ou vai solicitar a retirada dos proxectos mencionados?

. Atendendo ao principio de precaución, ás características diferenciadas da plataforma continental galega, á afectación aos seus ricos caladoiros de pesca e ao impacto nos ecosistemas mariños, vai solicitar a prohibición da instalación de parques de eólica mariña na costa de Galiza e o Cantábrico Noroeste?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 02/02/2023 18:15:34

Carmela González Iglesias na data 02/02/2023 18:15:38

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2023 18:15:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade galega en xeral, e o sector pesqueiro en particular, asiste abraida ás constantes novas referidas a unha mancha de parques eólicos mariños que distintas empresas teñen proxectado instalar nas nosas costas.

Neses momentos coñécense xa nove, que sumarían unha potencia total instalada de 5,8 XW, o que representaría nada menos que o dobre do aprobado polo Consello de Ministros en decembro de 2021 na Folla de ruta para o desenvolvemento da eólica mariña de cara a 2030 no conxunto do Estado español (entre 1 e 3 XW de potencia eólica mariña flotante), unha Folla de ruta que se decanta claramente pola industrialización do mar e que supón unha clara ameaza para os ecosistemas mariños e para a actividade pesqueira.

Os nove parques que se coñecen polo de agora e que pretenden instalarse nas costas galegas, son toda unha declaración de intencións que se vén producindo dende hai varios meses por parte do sector enerxético sen sequera estaren aprobados os Plans de Ordenación do Espazo Mariño (POEM) por parte do Goberno do Estado.

Precisamente, o proxecto de Real Decreto polo que se aproban os POEM, que se fixo público no mes de xuño de 2021, só contempla as competencias que ten atribuídas o Estado e anula as competencias de Galiza sobre ordenación do sector pesqueiro ou de protección do medio ambiente, entre outras. Polo tanto, exclúe calquera





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decisión da Comunidade sobre a autorización ou denegación da instalación de parques eólicos mariños nas nosas costas.

Ademais, aquel proxecto daba preponderancia á eólica mariña para a que acotaba zonas de uso prioritario e zonas de alto potencial, contrastando no entanto coa incomprensíbel invisibilidade que outorgaba á pesca, sen ter en conta nin o seu alto potencial nin considerándoa como uso prioritario.

A categoría de uso prioritario para a eólica mariña foi eliminada pola Resolución da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, pola que se formula a declaración ambiental estratéxica (DAE) dos POEM, publicada no BOE do pasado 16 de decembro e paso imprescindible para a aprobación dos mesmos. Ademais, reduce as zonas NOR1, 2, 3 e 5 que son parte das correspondentes a Galiza dentro da Demarcación Mariña Noratlántica. En canto á pesca, “se deberá priorizar a coexistencia del parque eólico con la actividad pesquera en la zona, con especial consideración a las artes de pesca tradicionales y a los caladeros gestionados de manera sostenible”.

Estas modificacións que a declaración ambiental estratéxica introduce a respecto do proxecto de Real Decreto de aprobación dos POEM, aínda sendo positivas son totalmente insuficientes. Por un lado, a eliminación do uso prioritario para a eólica mariña, faise, entre outras razóns, “para evitar o minimizar su afección sobre la actividad pesquera y la biodiversidad como consecuencia de actualizaciones y mejoras de la información”. Por outro, a redución de zonas argumentase “para minimizar la interacción con artes de pesca de fondo: arrastre, palangre y enmalle”.

En primeiro lugar, segue sen considerarse a actividade pesqueira como de interés xeral, prioritario, cuestión que no noso país vén respaldada por múltiples e importantísimos datos ambientais, económicos e sociais e, polo tanto, a súa consideración sobre outras actividades debe ser claramente preferente. A este respecto,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entendemos que o Goberno galego debiera ser o primeiro en reclamálo, precisamente pola relevancia da actividade en Galiza, sen parangón en ningunha outra zona do Estado, e prevendo as dificultades que pode supoñer para facer valer os intereses do sector pesqueiro no futuro

Segundo: Unha das reivindicacións principais do “Manifesto de Burela”, que foi aprobada por unanimidade no Parlamento galego o pasado 25 de marzo e que tamén se aprobou no Congreso dos Deputados, recollía que o Goberno do Estado “avalíe a través do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e do Instituto Español de Oceanografía (IEO) o impacto da instalación de polígonos de eólicos mariños sobre os recursos pesqueiros e as zonas de traballo das diferentes artes e segmentos da frota que operan no caladoiro do Cantábrico Noroeste e os seus efectos sobre a economía das comunidades pesqueiras do Cantábrico”. As “actualizacións e melloras da información” que provocaron a modificación introducida non tiveron en conta o acordo do Parlamento galego e do Congreso xa que nin o CSIC nin o IEO levaron a cabo as avaliacións de impacto solicitadas.

Terceiro: Malia á redución de parte das zonas (a NOR 4 está excluída) ubicadas en Galiza, a propia Federación Galega de Confrarías recoñeceu públicamente que a nova delimitación aínda segue a poñer en risco máis de cen caladoiros de pesca en Galiza. Ademais, vólvense obviar as características da nosa plataforma continental, especialmente curta (entre 20-30 Km.) e de alta produtividade, que engadiría problemas para a “coexistencia” entre a actividade pesqueira e a implantación de parques eólicos mariños.

Ademais do exposto, no pasado mes de decembro representantes do sector pesqueiro de todo o Estado e representantes de distintos gobernos autonómicos, entre eles o galego a través do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, e do Estado a través da subdirectora de Investigación Científica e Reservas Mariñas do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

MAPA, reuníronse en Santiago para debater a problemática xerada polos proxectos da eólica mariña. Nese encontro coincidiron na necesidade de coñecer o impacto socioeconómico da eólica mariña “antes de proceder a adoptar decisións sobre a implantación destas industrias nos nosos mares”, un aspecto fundamental que non está aínda desenvolto e que contribuiría, sobre todo no caso de Galiza, a aportar datos reais dos efectos da implantación da eólica mariña no noso país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego sobre as modificacións introducidas na Resolución da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, pola que se formula a declaración ambiental estratéxica (DAE) dos POEM, a respecto do proxecto de Real Decreto de aprobación dos mesmos?

. Que valoración fai do tratamento que o proxecto de Real Decreto de aprobación dos POEM dá ás competencias de Galiza?

. Tendo en conta as competencias de Galiza en materia de ordenación pesqueira, protección do medio ambiente e outras, vai reclamar a Xunta de Galiza a capacidade de decisión sobre a implantación de eólica mariña nas nosas costas?

. Que medidas vai adoptar para defender as competencias propias?

. Vai levar a cabo todas as medidas necesarias para que de cara á aprobación definitiva dos POEM se considere a actividade pesqueira como prioritaria, se avalíe o impacto das instalacións eólicas mariñas sobre os recursos pesqueiros e as zonas de traballo da frota galega no Cantábrico Noroeste e se avalíe o impacto socioeconómico da implantación da eólica mariña en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Atendendo ao principio de precaución, ás características diferenciadas da plataforma continental galega, á afectación aos seus ricos caladoiros de pesca e ao impacto nos ecosistemas mariños, vai solicitar a prohibición da instalación de parques de eólica mariña na costa de Galiza e o Cantábrico Noroeste?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 02/02/2023 18:23:18

Carmela González Iglesias na data 02/02/2023 18:23:22

Rosana Pérez Fernández na data 02/02/2023 18:23:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a falta de pluralidade ideolóxica e as temáticas escollidas nos espazos de tertulia e debate da CRTVG

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos puntos chave da programación da Corporación da Radio e Televisión de Galiza son os seus espazos informativos, que representan en grande medida a función de servizo público que ten asignada a institución.

Como complemento a estes, observamos que existen varios espazos de debate de actualidade nos que é bastante frecuente que se aborden temas políticos.

Os medios de información non só informan ou entreteñen, tamén transmiten símbolos, representacións, constrúen referentes sociais e contribúen á construción da identidade.

Na actualidade os medios de comunicación son a principal fonte de información e conformación de opinión da sociedade. É a través destes que boa parte da cidadanía forma opinión sobre os temas de actualidade, operando polo tanto como mediadores entre o que acontece e a sociedade.

Na conformación desa opinión os programas de opinión, os faladoiros, os debates... xogan un papel de grande importancia, sobre todo si as persoas que interveñen nos mesmos fano en condición de profesionais que expresan libremente as súas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

opinións. O nivel socio-cultural, o xénero, o idioma as posicións ideolóxicas... das persoas que participan teñen grande relevancia na medida que deben reflectir a pluralidade social na que a cidadanía se ve reflectida.

Dentro do departamento de Informativos da CRTVG os espazos de opinión representan a día de hoxe unha importante porcentaxe do total representando un alto número de horas de emisión tanto nas canles de televisión como na radio públicas.

Nos últimos tempos temos detectado neles tres aspectos moi preocupantes:

- Dunha banda a focalización das temáticas de debate, cada vez con maior intensidade, en cuestións estatais en lugar de centrar os temas na realidade galega; até o punto de ter espazos específicos para falar da realidade madrileña en lugar da galega.

- Doutra banda a escasa correspondencia entre a actual realidade galega e o abano ideolóxico representado nos espazos de debate da CRTVG.

- En terceiro termo, a cada vez maior e máis desacomplexada presenza do castelán nos espazos de opinión e debate da CRTVG.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

1. Como están a garantir a pluralidade da CRTVG nos espazos de opinión e debate?

2. Estima que hai unha correspondencia entre o abano ideolóxico hoxe presente na sociedade e no panorama político do noso país co efectivamente trasladado neses espazos?

3. A que se debe a cada vez maior presenza do castelán nos programas de debate da CRTVG?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Cren que a CRTVG está a cumprir coa súa función de servizo público en Galiza centrando os temas destes espazos en asuntos alleos ao noso país?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asdo.: **María González Albert**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 31/01/2023 12:20:12

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2023 12:20:22

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2023 12:20:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o tratamento informativo á líder da oposición en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Compañía da Radio e Televisión de Galiza ten un papel fundamental que cumprir, e así llo asigna a Lei dentro da súa función de servizo público, unha “maior participación e acceso ao espazo público de comunicación da pluralidade política, social e cultural representativa da sociedade galega”.

De feito esa Lei a 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza, adica todo un capítulo, o III, ao “pluralismo democrático”.

Pese as bases democráticas marcadas na lexislación, a nosa radio e televisión públicas acumulan constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG como das forzas políticas da oposición e tamén de organizacións sociais e colectivos sociais de todo tipo, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Estas demandas constantes de democratización dos informativos da CRTVG teñen levado até á celebración dunha grande manifestación nacional no pasado 6 de novembro de 2022.

Desde o BNG témonos feito eco, en múltiples ocasións, do déficit de pluralismo ideolóxico que padecemos na CRTVG e nomeadamente nos seus servizos informativos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Témolo feito analizando o contexto xeral mais tamén analizando casos concretos nos que o Telexornal da TVG ten funcionado como altofalante do gabinete de prensa do Partido Popular no entanto ningunea, ás veces até o silenciamento absoluto, a presenza do principal partido da oposición neste país, o Bloque Nacionalista Galego.

Neste sentido resulta especialmente paradigmático o tratamento que se lle dá no Telexornal Mediodía, no Telexornal Serán e no Telexornal Fin de Semana á portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, que desde vai case tres anos é a líder da oposición no Parlamento de Galiza.

A presenza de Ana Pontón nos informativos da Televisión de Galiza, tanto en tempo, como en ton como en situación da “información” dentro da propia grella do espazo, contrasta claramente nos últimos tempos co tratamento que eses mesmos telexornais dan ao secretario xeral do Partido Popular, que podía equipararse a Pontón como líder da oposición pero que nin sequera ten ese posto dentro do Congreso dos Deputados.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión para o contro da CRTVG:

1. Que valoración fai do tratamento que se dá á portavoz nacional do BNG nos Telexornais da TVG?
2. Como explica a diferenza de trato da líder da oposición en Galiza e o “líder da oposición” en España?
3. A moso esa diferenza de trato algunha inclinación ideolóxica por parte da TVG?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Están a cumprir co pluralismo ideolóxico ao que os obriga a Lei de Medios con ese tratamento?

5. Como van corrixir as evidentes diferenzas de trato de PP e BNG?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG


Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 31/01/2023 12:58:52

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2023 12:58:55

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2023 12:59:06





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

